

SUMARIO

CARLOS CASARES

PRESENTACIÓN

Carlos Méixome

[páx 5]CARLOS CASARES *IN MEMORIAM*

Manuel Rial Cadaval

[páx 7]

ELOXIO DA TOLERANCIA

Carlos Casares

[páx 9]

PERFIL BIOGRÁFICO DE CARLOS CASARES

M^a Xosé González Chamorro / Alberto Valverde Otero**[páx 13]**

CARLOS CASARES NA NARRATIVA GALEGA ACTUAL

Camiño Noia

[páx 23]

A OBRA XORNALÍSTICA DE CARLOS CASARES

Iago Martínez

[páx 31]

A OBRA INFANTIL DE CARLOS CASARES

Fran Alonso

[páx 41]

A OUTRA OBRA DE CASARES

Bieito Legaspi

[páx 47]

CARLOS CASARES E A TRADUCCIÓN LITERARIA Ó GALEGO

Gonzalo Navaza

[páx 51]

A HERDANZA DO VINCULEIRO: O EDITOR

Antón Mascato

[páx 55]

ENTREVISTA A CARLOS CASARES

Entrevista a Carlos Casares en “As Lérias do Moucho” da Radio Municipal de Nigrán.

[páx 59]

MEMORIAL DE AMIGO

Manuel Rodríguez Álvarez

[páx 73]

O CLUBE DOS PECADORES HÚMIDOS

Miguel Viqueira

[páx 77]

ALUMNO DE CARLOS

Xulio Ríos

[páx 79]

BUSCANDO DESESPERADAMENTE A UN ESCRITOR

Antonio Araúxo Quintas

[páx 83]*EN TODAS PARTES CUECEN HABAS OU PINCELADAS CON NOSTALXIA*

Xosé María Fonseca Moretón

[páx 87]

DECIDIU VIR VIVIR A ESTE FERMOSSÍSIMO VAL

Entrevista con Bieito Ledo

[páx 89]

CANDO O GRAN AMOR SE CHAMA CARLOS CASARES: ENTREVISTA A KRISTINA BERG

M^a Xesús Pérez García**[páx 95]**

ACTOS DE HOMENAXE A CARLOS CASARES EN NIGRÁN

M^a Xosé González Chamorro**[páx 99]**

A BIBLIOGRAFÍA DE CARLOS CASARES MOURIÑO

Alberto Valverde

[páx 105]

A CRONOBIOGRAFÍA DE CARLOS CASARES

Alberto Valverde

[páx 109]

ÍNDICE DE AUTORES

[páx 117]

A edición desta monografía do IEM
contou co patrocinio do Concello de Nigrán.

Agradecementos: Á familia Casares Berg e á Editorial Galaxia
polo seus arquivos fotográficos.

© IEM (Instituto de Estudios Miñoranos)

CEIP Mallón

36379 - San Pedro da Ramallosa - Nigrán - Val Miñor - Galiza.

Tel: 986 36 08 25

e-mail: ieminhoranos@hotmail.com

Apartado postal 30, 36380-Gondomar

Director: Carlos Méixome Quinteiro.

Redacción: Xoán Antonio González Pérez, Serafín Villanueva-Bembibre,
Laudelino Pellitero Ramilo.

Asesoramento lingüístico: Xosé Bieito Legaspi Villamarín

Fotografías: Ánxeles Bouzó, Kristina Berg, Xurxo Lobato,
Ánxeles Álvarez, Margarida Blanco, Lalo Villar e Carlos Casares.

Caricaturas: Siro e J. Aguilera.

Fotografías da cuberta: Xurxo Lobato.

Gravacións: Fernando Rei.

Arquivo sonoro do IEM: Ánxeles Bouzó.

Coordinación editorial: Antón Mascato.

Deseño gráfico e maqueta: Manoel Santos.

Execución gráfica: Obradoiro gráfico de Edicións do Cumio.

Dep. Legal: VG-125/2003

I.S.B.N.: 84-8289-213-4

pPRESENTACIÓN

Vai xa alá un ano. Aquela inmensa tristeza que nos atordou na mañanciña do 9 de marzo de 2002 virou en melancólica ausencia. O baleiro é moito e non só no corazón das persoas amigas e veciñas, dos seus achegados e familiares, senón tamén no mundo cultural galego e miñorano.

Pretendemos renderlle unha nova homenaxe ao noso veciño, á persoa, ao xeneroso colaborador, ao escritor, ao amigo, ao conversador... Tes nas túas mans o resultado.

Xentes relacionadas dun xeito ou doutro co Val Miñor achegaron os seus respectivos traballos. Uns como ensaios sobre o labor intelectual de Carlos Casares. Outros como testemuña de amizade, de feliz e saudosa lembranza.

A Concellería de Cultura e o Concello de Nigrán fixeron posible que estas páxinas estean impresas.

A todos o noso agradecemento.

Carlos Méixome
Director do Instituto de Estudos Miñoranos

Carlos Casares *iN MEMORIAM*

Cando xa se vai cumprir un ano dende que Carlos Casares nos deixou irremediabilmente, o Instituto de Estudios Miñoranos puxo os seus mellores medios para que esta publicación saise á luz. Trátase dun traballo que nos lembra, de novo, a vida e obra de quen soubo estar entre nós dun xeito que endexamais poderá ser esquecido.

Porque estou seguro de que Carlos Casares será sempre recordado no seu Xinzo, onde naceu, no Ourense da súa ensoñadora adolescencia, ou nas aulas da Universidade santiaguesa na que estudou. Tamén seguirá na memoria viva dos seus alumnos dos institutos de Cangas ou de Vigo. Seguro que os compañeiros da Editorial Galaxia ou dos membros da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, que presidiu ata o seu pasamento, tampouco nunca o esquecerán. Pero, sobre todo, Carlos será recordado con gratitude tanto por todos aqueles que lemos as súas obras, como por aqueles outros que tivemos a sorte de coñecelo, cheo de humanidade e sentido do humor. Seguro que na memoria desta terra que é Galicia xamais se borrarán nomes que, como o de Carlos Casares, fixeron tanto pola súa lingua e a súa cultura, pola súa identidade histórica.

É evidente que Carlos Casares segue dalgún xeito vivo entre nós. Así se explica que, tanto nas capitais como nas vilas do País, sexa homenaxeado e se lle dediquen rúas ou se poña o seu nome ós Centros Educativos ou Culturais.

Coa súa pluma Carlos soubo denunciar as soedades e as fatalidades que tronzaron, e tronzan, as vidas de tanta xente esquecida nos libros da historia oficial. Na súa obra ensinounos a rexeitar esas formas de violencia absurda, aínda que a miúdo sexan racionalizadas e aceptadas maioritariamente. En fin, Casares atopou na forza da imaxinación o xeito sincero de vivir e de ensinarnos como facer deste tempo e desta terra un espacio de señorío da sensibilidade, da sensatez e de solidariedade. Por iso, e por tantas cousas máis, Carlos Casares seguirá sempre vivo entre nós, en Nigrán e en Galicia enteira. Sinceramente apostamos porque así sexa.

ELOXIO da tolerancia

O sábado 23 de febreiro de 2002 presentábase na Casa da Cultura de Gondomar o Caderno nº 5 do IEM. No mesmo recóllense as coplas do enterro de Dona Sardiña, así como as actas notariais e outros documentos, baixo a denominación de "Quince anos enterrando a Sardiña (1987-2001)".

No acto de presentación estivo presente Carlos Casares, quen uns anos antes actuara de notario da Excelentísima Señora. Probablemente foi un dos seus últimos actos públicos. Nel deixou, como sempre, mostra do seu carácter sinxelo e afectuoso, así como da súa coñecida habilidade para narrar.

Recuperamos agora aquel fermoso e sosegado discurso, mantendo o seu carácter oral, sobre a tolerancia e a convivencia.

Boas tardes. Apuntaba Araúxo na súa intervención, unha relación entre o entroido e a liberdade e a democracia. Non é raro polo tanto que durante tantos anos o entroido practicamente desaparecese como festa popular en España, en toda España, e que non se recuperase practicamente ata o momento en que se recuperou tamén a democracia.

Eu son dunha terra onde o entroido sempre estivo moi arraigado. Son de Xinzo de Limia, e eu recordo moi ben, cando era neno, aqueles entroidos prohibidos oficialmente, que a pesar de todo non conseguían acabar con eles. Eu recordo cando a rúa principal de Xinzo de Limia estaba tomada pola Garda Civil, alá polos anos corenta, cando eu era neno, e entón a xente non podía saír á rúa porque a metían no cárcere. Pero, en cambio, non renunciaba a poñerse un disfrace; entón eu recordo á xente disfrazada nas casas, facéndose carantoñas de ventana a ventana e de balcón a balcón mentres a Garda Civil por baixo paseaba cos fusiles na man como si houbera que reprimir algún acto delictivo; e a xente divertíndose ou escapando polos tellados; recordo tamén a moita xente correndo e a Garda Civil detrás.

Ben, non é raro que isto ocorra porque o carnaval é a festa da liberdade, da liberdade total, e é unha festa ademais da democracia, no sentido seguinte. Eu recordo o ano que fun pregoeiro e que escoitei as coplas do enterro da sardiña, tan críticas con algúns elementos e con algúns políticos da localidade. Pra soportar isto, non soportalo, é dicir, pra aceptar este xogo de

que un grupo de persoas ó chegar un día determinado fagan unhas críticas, que se poñan nunha actitude un pouco irreverente ca autoridade, hai que ser profundamente demócrata porque non é fácil; non é fácil que a un o poñan na picota e que o ridiculicen en público, non é fácil de aceptar. Isto só se acepta por aprendizaxe. Como aprendemos tamén a convivir; non é espontáneo; é dicir, o convivir, o levarnos ben entre uns e outros, o aceptar as opinións discrepantes eso é absolutamente antinatural. Por exemplo, o espontáneo é roubarlle o bisté ó veciño, si non hai moitos bistés; si vivimos nunha época de abundancia como a de agora pois non hai problema, cada un ten o seu bisté e todo o mundo respecta ós demais. Pero imaxinémonos nunha situación onde non haxa bistés, pois todo o mundo tratará de roubarlle o bisté ó veciño. Pois aprender a respectar ó veciño na mesa foi un avance importantísimo; aprender a comer sin coller a comida cos dedos foi outro avance extraordinario. Foi fundamental, por exemplo, que unha princesa italiana fora a oriente e descubriera un aparatiño, que hoxe chamamos garfo, e que viñera con ese aparatiño de prata e que en Roma empezara a utilizalo na comida, o cal estivo a punto de custarlle unha excomuñón porque se pensaba que aquilo era unha cousa diabólica.

Sempre calquera avance que se fai na historia da humanidade produce unhas resistencias e unhas forzas en contra tremendas, incluso aqueles que hoxe nos parecen absolutamente triviais. Sen embargo, a utilización do garfo non foi nada trivial, porque imaxínense que, primeiro, evitou que a xente tocara a comida cos dedos.

Ben, aínda nas Partidas de Afonso o Sabio, nos consellos que lle dá aos príncipes, di “procuren non comer con los dedos de la mano por que non se lle aluenguen”, para que non se lle fagan máis largos. En realidade, a utilización do garfo supuxo desterrar da mesa a violencia. Imaxínense vostedes nunha mesa onde non hai garfo e onde o único instrumento para pinchar a carne é un coitelo de punta afiada; imaxínense vostedes nunha sociedade máis violenta e agresiva que a actual; imaxínense o viño correndo pola mesa; imaxínense unha discusión e imaxínense o final. Pois todo esto evitouno o garfo, esa cousa tan trivial.

Eso foi unha aprendizaxe, como foi tamén unha aprendizaxe extraordinaria, eu creo que foi a gran conquista da historia da humanidade, aprender a distinguir entre ter razón e berrar. Aínda en Grecia, que consideramos un dos paradigmas da civilización europea, pois había pobos onde se decidían as cuestións non por votos senón polo que tivera máis capacidade para berrar: o que berrara máis e máis tempo gañaba. Ben, pois foi un avance non ter razón simplemente por berrar máis. Foi un avance aprender a falar en voz baixa, o espontáneo é falar en voz alta; houbo que aprender a falar en voz baixa e si nós nos trasladamos polo mundo adiante veremos que os países de nivel de vida máis alto e de nivel cultural máis alto son os que falan en voz máis baixa. Se vostedes van a Dinamarca ou a Suecia verán que na rúa non se oe falar a penas, a xente fala tan baixiño que só se escoitan os zapatos, verdade, pois, polas rúas.

E logo o gran invento da historia da humanidade é esa cousa que aparentemente é disparatada e absurda pero que é xenial pra a convivencia, é dicir, non ten razón o que ten razón senón que ten razón aqueles que xuntan máis. Os que son máis teñen razón e os que son menos non teñen razón. É certo que un ten a tentación de dicir “pero si a razón a teño eu”, pode ser moi razoable o que un defende, si, pero si resulta que os outros son máis, aínda que sexan menos razoables, pois son os que teñen a razón. Este é un invento xenial, ás veces absurdo, pero xenial pra que podamos convivir e que non nos matemos entre nós e podamos vivir tranquilamente.

Pois aprender a aceptar a crítica que nos fan, sin que esto altere, non o noso humor que é lóxico que nos irrite nos si nos din algo feo, pero que non altere a nosa conducta democrática... quero dicir, sería inadmisibile, aínda que o podamos defender e comprender, que porque se fagan unhas coplas críticas contra un concellal ou contra o alcalde, que o alcalde se irrite tanto que chegue a negarlle, por exemplo, unha subvención de cartos públicos só por esa razón. É moi humano, é moi fácil de entender. Cando chegamos á situación en que unha autoridade pública a pesar de ser criticada, acepta ese xogo da democracia e da liberdade estamos nunha actitude, nunha situación sa, sa dende o punto de vista cultural, dende o punto de vista democrático, dende o punto de vista do respecto das liberdades e do respecto das persoas.

O carnaval é a consagración desto. Hai, pois, todo un código non escrito de cómo se ten que comportar un no *carnaval* e este código pon como virtude suprema o respecto e a aceptación da crítica. Eu recordo de neno que estaba moi mal visto que se a un lle facían..., e as bromas que se facían nos carnavales eran gordas; na miña terra o domingo fareleiro, por exemplo, que consiste en botar farelos á xente, pero claro non só botar farelos, que son, ben, fáciles de aturar, é como botar talco, pero a xente máis combativa do carnaval non se contentaba con levar os farelos nun saquete e tirarllos a outro á cabeza senón que collían unha presada deles e procuraban meterllos na boca; claro, unha presada de farelos na boca é difícil de aturar; ou chisnar a cara co serrín dos potes, incluso con betún dos zapatos. Ben, pois había unha regra de ouro non escrita, que non se podía enfadar un, eso había que aceptalo porque o día do entroido, os días do entroido, había unhas leis novas, había unha cultura distinta, non se podía enfadar un aínda que lle fixeren tal; e hai, na miña terra, moi cerca de onde eu vivín de neno, había unha parroquia onde un dos números fortes do entroido era botar formigas, e ademais elixían as formigas máis terribles, formigas con bravío, e metíanllas á xente polas costas, e metíanllas na boca, e había esa norma, que ninguén se podía enfadar, e se alguén se enfadaba quedaba excluído da comunidade como

un personaxe túzaro, como unha persoa incapaz de aceptar esta especie de súper liberdade en que consiste o entroido.

Polo tanto, o enterro da sardiña é quizais a pedra de toque do carnaval. A xente acepta bastante ben pois as procacidades na rúa, que un se disfrace dunha cousa rara, pero acepta menos e con máis dificultade as críticas. O enterro da sardiña sempre tivo este sentido, é antiquísimo; é dicir, o enterro da sardiña é tan antigo como as coplas de Mingo Revulgo e estas coplas medievais que eran fundamentalmente coplas de tipo crítico son evidentemente unha variación, unicamente depende de si se fan o día do entroido ou se fan outro día calquera, dá igual si se fan por exemplo o día dos Santos Inocentes que é unha festa que comparte co carnaval moitos elementos comúns.

Polo tanto, como digo, o entroido está directamente ligado co concepto da convivencia, da liberdade, do respecto aos demais, da aceptación das críticas, etc. etc., e neste sentido non é raro que se fora recuperando en todas partes precisamente cando se recuperaron tamén as liberdades. Eu creo que na medida en que mantemos un carnaval forte, vivo e potente pois estamos contribuíndo tamén a crear un país máis convivible, un país máis amable, un país máis respectuoso, un país máis democrático.

Por eso, pois eu creo que iniciativas como esta a min parécenme magníficas e que unha institución como o *Instituto de Estudios Miñoranos* contribúa ó *carnaval* paréceme tan excelente como que contribúa a homenaxear ao Conde de Gondomar, que por certo pode dicir que vamos facer un congreso aquí sobre o Conde de Gondomar entre o Instituto de Estudios Miñoranos e o Consello da Cultura Galega, un congreso no que imos gastar quince ou vinte millóns de pesetas, que non llos vamos pedir ó concello que os porá o Consello da Cultura. E o outro día estiven en Madrid falando co Duque de San Carlos, que é o xefe do Patrimonio Nacional, e prometeunos vir aquí e prometeunos ademais entregar para a exposición cadros, cartas, manuscritos do Conde de Gondomar. Que conste que a idea non é miña, a idea foi dos amigos do *Instituto de*

Estudios Miñoranos que viñeron un día a dicirme que querían facer algo sobre Gondomar, e eu pois vin a gran ocasión de que podamos facer un magnífico Congreso e que poñamos a figura de Gondomar outra vez no alto.

Tan importante é unha cousa como outra. Non digo que teñan a mesma xerarquía, pero son manifestacións culturais nun lugar coma este, que, ben, dalgunha maneira é un lugar privilexiado, privilexiado porque ten xente que está mui metida en aspectos relacionados co mundo da cultura e mui dinámica e esto lamentablemente non o hai en todas as vilas, non o hai en todos os lugares e eu síntome mui contento de ser case veciño de Gondomar, por uns centos de metros non son de Gondomar pero, ben, moi contento de colaborar co *Instituto* e con todos vostedes. Moitas gracias. ■



► Caricatura de J. Aguilera publicada en *Faro de Vigo*.



PERFIL BIOGRÁFICO de Carlos Casares

[I]

A INFANCIA E A SÚA PRIMEIRA ADOLESCENCIA (1941-1957)

Carlos Casares Mouriño naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941, pero axiña, en 1944, a súa familia trasládase a Xinzo da Limia, xa que o seu pai, mestre de profesión, fixa aquí a súa residencia. Aquí transcorreron os anos da infancia do escritor e aquí é onde vai ter tamén o seu primeiro contacto con dous elementos que logo serán recorrentes na súa obra: dun lado o mundo da aldea e doutro o idioma.

A miña infancia desenvolveuse en contacto co campo, non porque eu vivira no campo, senón porque ía vivir a el periodicamente, sobre todo nos veráns, a casa duns tíos meus. Lémbroo como unha etapa feliz, de recordos agradables, porque gocei dunha gran liberdade.¹

Así son estes anos da nenez, relacionados coa natureza e coa aldea de Sabucedo, na Limia, forxando nel experiencias e emocións que, segundo as súas propias palabras o *enriqueceron moito interiormente²*.

O encontro co outro elemento decisivo destes primeiros anos, que o ha de acompañar xa para o resto da súa vida: o galego, prodúcese aquí en Xinzo, a pesar de ter recibido unha educación bilingüe. Dun lado, o castelán, lingua da súa nai, de familia burguesa ourensá, e doutro, o galego, lingua do seu pai, de procedencia rural, e ademais, lingua viva do seu redor, nos xogos infantís, nas conversas da rúa, nas feiras..., na que se vai introducir plenamente e na que mesmo se expresará mellor ca en castelán.

Realiza aquí tamén en Xinzo os estudos primarios e vai continuar a súa formación escolar en Ourense, no Seminario Conciliar, ingresando no ano 1952, aos once anos de idade. A razón desta escolla non se debe a ningunha vocación relixiosa previa por parte do neno. Dun lado hai que considerar que estes Seminarios relixiosos facilitaban por aquel entón unha

promoción social interesante para aqueles cativos que proviñan de zonas rurais ou vilegas, procedentes de clases pouco favorecidas, que o propio Casares reconece: *era a solución máis brillante que tiñan cara o porvir: facerse curas e escapar do arado, da miseria campesiña³*.

Pero parece que non era este o seu caso, a súa realidade era ben distinta, el non fuxía do arado. A súa familia non tiña grandes problemas económicos e mesmo por parte do pai había unha certa oposición, xa que o tiña destinado para que estudiase medicina, senón máis ben a tradición clerical que había na súa familia, especialmente na materna. A súa nai tiña un tío arcebispo en Cuba, do que se contaba que loitara na revolución cubana ao lado de Fidel Castro e que viña ver con certa frecuencia á familia. Este foi durante algúns anos o seu modelo a seguir, segundo el mesmo nolo conta: *O meu modelo cando eu tiña nove anos era aquel señor gordo, importante, que viña pola casa. E desde moi cedo empecei a dicir que quería ser bispo, non cura: e fun ao seminario con esa idea⁴*. Algúns críticos queren ver a influencia deste personaxe no protagonista da súa novela *Ilustrísima*.

O Seminario era un mundo moi diferente ao da súa infancia en Xinzo. Un mundo serio e disciplinado, cheo de regras de conducta, horarios fixos, silencios, actos relixiosos..., pero sobre todo un mundo cheo de prohibicións; prohibíanse cousas tan cotiás como falar de fútbol ou ler os xornais, pero especialmente no referente á lingua, estaba absolutamente



► O clube de fútbol Antela en 1961. Carlos Casares abaixo á dereita.



► Paseando por Xinzo en 1963.



► En Xinzo, no entroido de 1968.

perseguido o feito de falar galego. O propio Casares engade ao respecto:

E aquilo era aínda máis paradóxico e grave canto a meirande parte dos seminaristas eran galegofalantes, de procedencia rural. Cada vez que dicías unha verba en galego tiñas que escribir mil, cinco mil, dez mil veces: no hablaré galego, no hablaré galego, no hablaré galego, etc ⁵.

O galego estaba pois nese contexto proscrito, era inservible, desde o punto de vista académico ou social, xa que, a fin de contas, o castelán era o único idioma no que ían desenvolver a súa vida de curas.

Carlos Casares choca contra ese réxime varias veces, ora abertamente alterando a súa disciplina, o que lle ocasionará repetidos castigos, ora por medio da escrita, a través dunha revista escolar manuscrita, de título clandestino *El Averno*, na que denunciaba en clave de picaresca aspectos da vida interior do

Seminario e que lle permite facer os seus primeiros ensaios de escritor, nestes momentos iniciais usando só o castelán.

Pero algo importante para o seu futuro vai acontecer nesta súa estadía como seminarista, e é a descuberta do mundo da literatura, o pracer da lectura e da creación, gracias ás clases que impartía o cóengo Agustín Madarnás, definido polo propio Casares como *un excelente profesor de retórica que me ensinou as figuras literarias, a metáfora... a partir da imitación dos clásicos*⁶.

E descobre tamén a literatura galega, sobre todo a figura de Rosalía de Castro, e comeza, segundo as súas declaracións a escribir en galego, [*Comecei a escribir en galego*]... *por aqueles anos adolescentes... logo das vacacións de Nadal, un profesor explicaba a Rosalía de Castro... A miña sensibilidade infantil amosouse especialmente receptora. Ao pouco tempo escribín o meu primeiro poema galego: moi rosaliano, moi saudoso e malencónico*⁷.

Foron, resumindo, estes cinco anos do Seminario importantes na súa vida desde o punto de vista da formación humanística, recibindo unha educación que el mesmo define como *unilateral, atada ó que era a cultura clásica, pero rigorosa e fonda*⁸, aínda que engada a seguir *logo a experiencia foi negativa noutros aspectos. Era un mundo estreito de miras, dogmático*⁹.

[II]

A XUVENTUDE: OS ANOS ESTUDIANTÍS (1957-1969)

Abandonado o Seminario en 1957, continúa cos seus estudos de bacharelato no Instituto de Ourense perdendo dous anos para adecuarse do plan de estudos eclesiástico ao civil.

Nestes anos é destacable a súa participación nun concurso literario, o celebrado *Concurso Provincial de Cuentos de Navidad*, organizado en Ourense en 1959 no que obtén o primeiro premio. Vicente Risco era o presidente do xurado que outorgaba tal galardón e convídao a asistir á tertulia mantida no café Parque xunto



► Desde a esquerda e abaixo: Xosé Gonzalo Alejos Mouríño, Carlos Casares, Xaime Quesada e Acisclo Manzano. A chaqueta de Carlos está pousada no cunha dunha burra. Ano 1969.

con outros mozos intelectuais ourensáns, entre os que se atopaban Acisclo Manzano, Xaime Quesada ou X. L. de Dios.

A súa relación con Vicente Risco será fundamental na súa traxectoria vital, pois será el quen o inicie no galeguismo e gracias ao cal descubra a literatura galega moderna. Carlos Casares profesáralle sempre unha gran admiración humana e intelectual, que culmina na publicación dun estudo crítico biográfico do membro de Nós no ano 1981.

A este respecto, Manuel Rodríguez indica que a influencia de V. Risco foi referente fundamental na biografía literaria de C. Casares, ata tal punto que este autor destaca que é *a carga literaria, o talento periodístico, o refinamento e a apertura a canto esteticamente atractivo se lle cruzase no camiño, unido a un coñecemento etnográfico-cultural do País, que Risco sempre amosou*¹⁰ unha das coordenadas onde se asenta o perfil literario, e sobre todo biográfico de Carlos Casares.

En 1961 ingresa na Universidade de Santiago de Compostela para cursar os estudos de Filosofía e Letras, nos que obterá a licenciatura en 1967. Esta Compostela de comezos dos 60 é unha universidade que se manifesta allea, despreocupada ou polo menos pouco interesada pola actividade e a

inquietude cultural e política, sobre todo a nivel galego. O propio Casares describe este ambiente universitario *de costas á cultura, entendendo por cultura algo máis que a aprendizaxe dunhas disciplinas... E había unha ignorancia total de todo o que era cultura galega. Non só ignorancia, senón prevencións, prexuízos*¹¹.

Pese a todo, existían escasos grupos que se movían na universidade á marxe do discurso oficial, e dentro destes interéanos destacar a un núcleo de rapaces galeguistas que constituían un conxunto definido e vencellado ao Grupo Galaxia, aínda que a súa actuación estaba centrada exclusivamente no aspecto cultural e caracterizada por un uso consciente do galego como lingua vehicular destas accións.



► Con Dolores Villarino en Xinzo (1968).



► En Bilbo, 1970.

Entra pois Casares en contacto con eles e, especialmente, a través de Arcadio López Casanova, coas conversas mantidas no número 15 da rúa Xelmírez con Ramón Piñeiro, quen exercía unha influencia importante no grupo. Con Piñeiro manterá unha relación intelectual e xa de amizade persoal que vai determinar abondo a súa vida, de feito tense adscrito, como veremos máis adiante, a súa ideoloxía política ao *piñeirismo* e ao *culturalismo*; aínda que o propio Casares ten matizado ese concepto: *no meu caso concreto o que lle debo a Piñeiro ten máis relación cun xeito especial de enxergar a vida que unha mentalización política concreta*¹².

Xa pola metade dos 60 a actividade política da Compostela universitaria aumenta: hai maior nivel de conciencia galeguista, aparecen novas organizacións..., pero hai que subliñar neste aspecto que os movementos progresistas, as loitas universitarias, estábanse a facer de costas ao galeguismo e á realidade mesma de Galicia como singularidade.

Nestes anos, concretamente en 1964, ingresa na Asociación de Estudiantes Democráticos (ADE), sindicato progresista sen ideoloxía política definida como el mesmo declara: *había*

*quen se declaraba marxista, outros eran católicos de esquerdas, fundamentalmente de JEC; tamén había quen se sentía socialista e incluso algún extremista*¹³.

Nesta organización desenvolveu actividades políticas e culturais destacadas como foi a organización do concerto do cantautor catalán Raimon. Este histórico recital de maio do 67 en Santiago de Compostela, onde chegaron a xuntar sete mil persoas, supuxo por un lado un adianto importante na galeguización da universidade da época: apareceron por primeira vez cartaces e emblemas en galego, e traducíronse, entre o propio Carlos Casares e Salvador García Bodaño as letras das cancións de Raimon, editando a Asociación de Estudiantes un folleto para seguir o recital que tiña por título *A voz dun pobo: Raimon*.

Doutra banda o concerto forxou a imaxe reivindicativa de Galicia como realidade senlleira e asoballada. Considerado un acto de rebeldía contra o franquismo pola condición de Raimon como cantautor catalán, repercutiu ademais enormemente na canción galega –uns meses despois nace *Voces Ceibes* e foi o sinal dun cambio transcendente dentro do ambiente universitario, anticipándose ao fervoroso maio francés nun ano.

A ADE intentou ademais mobilizar o estudiantado galego fronte ós problemas políticos e sociais daquela época. Organizaron conferencias no colexio do Pilar de Compostela onde participaron voces como a de Gregorio Peces Barba, Pedro Altares ou Alonso Montero, sendo a deste último a única en galego e pedida polo sector galeguista de ADE.



► Con Bo Lindblom, presidente sueco de Amnistía Internacional (1973).

O labor cultural que desenvolve Casares neste sindicato obedece primeiro a unha sensibilización dos estudantes e a súa posterior loita reivindicativa na universidade polo uso do galego. Neste aspecto Casares indica a súa dobre proxección nestes anos de estudante: *os meus compañeiros vían en min dúas persoas: por unha banda sabían que estaba con eles, que traballaba con eles; por outra, sabían que falaba galego, que escribía en galego e andaba metido nas tertulias galeguistas que ás veces eles despreciaban ou, polo menos, subvaloraban*¹⁴.

Nesta liña apúntase o ano 1967 coa creación do lectorado de portugués e petición da sección de galego, que só tiña presenza no último ano de Filoloxía Románica desde 1965 e impartida polo profesor Carballo Calero.

Xustifícase tamén dentro deste proceso o agromar de asociacións e grupos que organizaban cursos de galego, tendo por aulas restaurantes como O Asasino ou O Estradense.

Dentro da actividade política da ADE, no mes de febreiro de 1967, Casares foi detido xunto co profesor José Luis Aranguren por organizar unha charla máis ou menos informal. Este acto foi moi concorrido polo estudiantado e a intelectualidade compostelá, mais o problema chegou cando a policía pediu o correspondente permiso gubernativo que non existía. Foron postos a disposición do Tribunal de Orde Pública e faise cargo da causa Gregorio Peces Barba (conferenciante da ADE) que consegue o seu sobresemento.

A súa novela *Xoguetes pra un tempo prohibido* retrata moi ben este clima de eferescencia política e cultural na que vivían os universitarios deste tempo.

Da ADE pasa Casares a militar durante os anos 1969-1970 na rama galega da Fronte de Liberación Popular, tamén coñecida como a “Felipe”, que tivo bastante actividade no 68, dentro e fóra da Universidade. A súa acción política estaba moi enfocada ao estudiantado, mais tiña tamén bos contactos co movemento francés Solidarité e participou en actos como a



► Nunha conferencia con García-Sabell, en 1973.

liberación do angolano Joaquim Pinto de Andrade da cadea do Porto.

Na FLP encárgase Casares de dirixir os grupos máis novos en Ourense, concretamente con seminarios de formación que tiñan lugar nun cuarto da casa sacerdotal emprestado por un cura amigo seu.

Paralelamente á participación en todas estas actividades estudiantís, Carlos Casares publica tamén os seus primeiros traballos literarios na revista *Grial*: un poema “Verbas de esperanza para Rosalía” (1963) e catro relatos curtos (1965), tres dos cales formarían parte, xunto con outros, do seu libro *Vento ferido* (1967). Dous anos máis tarde tamén publica a súa primeira novela, *Cambio en tres*, nunha época na que se está a falar moito en Galicia da chamada Nova Narrativa, que viña marcada polas primeiras obras de Mourullo e Ferrín. Casares sempre deixou claro que a súa visión desta tendencia estaba lonxe de ser algo uniforme, *todo o máis unha actitude xeral de investigación e vontade de facer cousas diferentes do realismo tradicional por parte da xente nova que collía a pluma para escribir galego*¹⁵. Ademais estaba o contacto co lector, que para Casares sempre foi condición esencial da literatura, e que a Nova Narrativa dificultaba pola súa complexidade técnica.

Igualmente é deste tempo a súa sonada publicación infantil *A galiña azul* (1968), premiada no I Concurso de Contos O Facho, e obtén tamén o primeiro premio no Certame



► Carlos Casares en 1972 participando nun congreso.

Nacional de Poesía Universitaria (1963) e nos Xogos Florais de Vilagarcía.

[III]

A MADUREZ: O COMPROMISO COA CULTURA (1970-2002)

Nos finais dos anos sesenta e principios dos setenta Casares desenvolve un tipo de actividade cultural baixo a influencia de Ramón Piñeiro. Participa en tertulias como a do café Cantábrico, onde se discutía de política e trocaban libros, aínda que este foro desaparece en 1968. Apúntase tamén nesta etapa a aproximación de Casares ó PSG creado en 1963, no que participa nalgunha xuntanza como simpatizante¹⁶

A principios dos anos setenta deixa a actividade política para centrarse no eido cultural baixo as recomendacións de Ramón Piñeiro. A máxima do grupo Galaxia por aquela altura era a de desenvolver un galeguismo cultural alleo ós grupos políticos actúantes. Desta etapa destacan as sentencias que recibe

por presentar no eido académico unha postura de compromiso co país. Foi expulsado do Colexio Libre de Viana do Bolo acusado por parte do gobernador civil de comunista e separatista. O Rector da Universidade de Santiago, Aguirre, non lle permite exercer a docencia e trasládase a Bilbo, onde leccionará un curso no Colexio Vizcaya. Neste centro só permanecerá un ano e sen renovación por participar en conflitos políticos. En 1974 sofre unha sanción como profesor do Instituto de Bacharelato de Cangas, correspondente a un mes sen emprego e soldo. Neste mesmo ano tamén son expedientados os profesores X. L. Méndez Ferrín, Francisco Rodríguez e X. Alonso Montero.

A actividade política de Carlos Casares fica vencellada á acción cultural baixo o signo de *Galaxia* e do galeguismo cultural. Esta liña xa se abriu nos anos sesenta aportando textos para a editorial. No ano 1977 entra a formar parte da Real Academia Galega, ocupando a cadeira de Xesús Ferro Couselo e lendo un discurso de ingreso que versaba sobre a crise de 1898 e a literatura galega.

Despois da morte do dictador, Casares segue os acontecementos dende a óptica do grupo *Galaxia*. Naquela época existiu un agromar de ideas e forzas que deseñaban un mapa político plural. Nacen as diversas plataformas (Xunta Democrática, Consello de Forzas Políticas Galegas...) con carácter aberto e nas que ingresaban activistas de todos os sectores da sociedade galega co fin de crear un estado federal mantendo de partida o Estatuto plebiscitado en 1936, ou mesmo con propostas anovadoras como foron as Bases Constitucionais



► Con Ramón Piñeiro, no Parlamento de Galicia.

do Consello. O cambio que estaba encetando o estado español era crucial para o futuro da nación galega e todos os sectores debían participar aportando a súa visión, mais a pluralidade de voces facía que a unidade e consenso fose imposible. En 1977 tentouse un pacto entre diversas forzas para salvagardar os intereses da nación, partindo da idea de servir á terra. Cando se comezan a configurar as Cortes Constituíntes trinta persoas desvencelladas de organizacións partidarias, entre elas Casares¹⁷, firman un documento que reclama a organización das forzas políticas galegas nun acordo de estruturación federal do estado español na perspectiva dos mesmos dereitos autonómicos que os atribuídos ás outras nacionalidades no caso de non fructificar a vía federalista. Este documento propiciaba un marco autonómico definido pola Constitución mais sen renunciar á vía federalista.

No mes de abril de 1980 un grupo de intelectuais decide crear unha institución que reclamara o Estatuto de Autonomía, denominada Realidade Galega e da que Casares formou parte. En maio de 1979, o sector de UCD menos autonomista desestimou o proxecto de Estatuto que se consensuara un ano antes con algunhas forzas políticas galegas (UCD, PSOE, AP, PC, PG, Partido Obreiro Galego e o Partido do Traballo). Arias Salgado denunciou a non constitucionalidade deste documento e UCD presentou un proxecto propio. Este proxecto tiña como función baixar o teito autonómico galego para que outras autonomías como a andaluza non reclamasen os mesmos niveis. O novo estatuto foi froito dun pacto firmado polos grupos máis fortes da cámara: UCD e PSOE. Realidade Galega naceu para denunciar a situación de rebaixamento de competencias que o novo estatuto ía crear á nación galega. O papel de Ramón Piñeiro como mediador foi importante, conseguindo a reformulación que hoxe se coñece e desaparecendo desa maneira Realidade Galega¹⁸.

En 1981 o PSOE, na voz de Ceferino Díaz, comeza a dialogar con intelectuais galegos para ocupar postos nas listaxes electorais. Carlos Casares é consultado e decide ingresar como independente no posto segundo pola provincia

de Ourense. Da mesma maneira aparecen Benxamín Casal (Lugo), Alfredo Conde (Pontevedra) e Ramón Piñeiro (A Coruña). A decisión foi tomada polo grupo Galaxia en xuño do mesmo ano na festa anual dedicada a don Ramón Otero Pedrayo, mesmo aportando a Marino Dónega ás listas de UCD por Lugo, que rexeitou por razóns persoais, e Francisco Fernández del Riego polo Partido Galeguista de motu propio.

A presenza de Carlos Casares no parlamento galego tivo un papel importante en aspectos estratéxicos para a cultura galega. Segundo as súas palabras: *podo aportar algo nos temas da miña competencia: ensino, lingua e cultura, unha testemuña do que debe ser Galicia e a miña actitude dialogante*¹⁹. A respecto da Lei de Normalización Lingüística redactada en 1982



► Con Nélida Piñón, escritora galega presidenta da Academia Brasileira das Letras (1992).



► Co Premio Nóbel de Literatura 1986, Wole Soyinka.



▶ Con Basilio Losada, en 1996.



▶ Con Torrente, Fernanda, Ponte Far e a súa compañeira en Baiona (1997).

e aprobada en 1983, Casares formou parte da comisión redactora e mesmo potenciou a unión dos grupos políticos cara á aprobación desta. O proceso de normalización lingüística do parlamento foi unha das tarefas que acometeu con máis énfase²⁰. Por outra banda cómpre indicar que cara ó final da lexislatura foi un dos impulsores da creación da TVG e RG en 1984, proposta non compartida por sectores do seu grupo político²¹.

Carlos Casares cumpre a lexislatura e decide non volver presentarse en listas para a cámara galega. Dende entón desenvolve unha actividade cultural en varias fronteas como é a literaria, editorial e dende 1996 coa presidencia do Consello da Cultura Galega. A súa visión política pódese consultar en artigos que deixou no ronsel da súa vida. Define a súa postura como a dun social-demócrata de influencia nórdica que considera que neste país se debe traballar moito

máis na socialización e educación da xente para que esta entre realmente no xogo democrático²². Para Casares o modelo social-demócrata sueco sempre foi o exemplo a seguir; temos que ter en conta a relación que o une co país nórdico polo seu casamento con Kristina Berg.

Na fronte literaria, os anos de madurez de Casares son anos dunha extensa produción. Seguiu cultivando a narrativa en títulos como *Xoguetes pra un tempo prohibido*, premio Galaxia en 1975 e premio da Crítica Española un ano despois, *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán*, pola que resulta nomeado candidato ao premio Nacional de Narrativa en 1988, *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e a súa derradeira novela, publicada postumamente, *O sol do verán* (2002).

Ténselle criticado a Casares, xa de vello, a raíz da publicación de *Xoguetes pra un tempo prohibido*, o feito de castelanizar o galego literario, na procura segundo as súas propias palabras da sinxeleza e a naturalidade, desa accesibilidade do lector, el mesmo xustificase dicindo que *quería unha linguaxe que chegara á xente, que non ofrecera demasiadas dificultades ao lector, porque hai que rescatar lectores para a literatura e a novela galegas*²³.

Igualmente continuou as súas incursións na literatura infantil. A súa obra de teatro *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) foi unha das obras teatrais máis representadas nos últimos anos, á que lle seguen os contos para nenos *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), *Lolo anda en bicicleta* (1997) e a serie de *Toribio*.

Outras dimensións destacables da súa actividade literaria son a xornalística, que exerceu a diario en *La voz de Galicia* desde 1988, aínda que xa anteriormente colaborara co columnismo xornalístico, que lle valeu en 1983 o recoñecemento ao recibir o premio Fernández Latorre por un artigo sobre a autonomía, e en 1995 o premio Julio Camba de xornalismo na súa 1ª edición polos seus artigos de prensa.

E os seus ensaios biográficos e críticos, entre os que destacan os centrados nas figuras do

Grupo Nós como Vicente Risco e Otero Pedrayo e tamén sobre Curros Enríquez, frei Martín Sarmiento, Francisca Herrera Garrido, Ánxel Fole ou Ramón Piñeiro. En todos eles é meritoria a súa dedicación aos estudos literarios galegos.

Tamén se dedicou Casares á tradución. Home viaxado por todo o mundo e coñecedor de varias linguas, francés, inglés, sueco, italiano, portugués..., traduciu ao galego *Le Petit Prince* de Saint-Exupéry, do que tiña un afán enorme por conseguir todas as edicións posibles nas diferentes linguas do mundo. Mesmo un dos seus proxectos era facer unha exposición coa súa colección. Traduciu tamén a obra da sueca Maria Gripe *Os escarabellos voan á tardiña*, a cal coñeceu nunha das súas estancias en Suecia, e *O vello e o mar* de Hemingway.

Auténtico cronista do século XX, escribiu unha obra difícil de adscribir a un xénero determinado: *Un país de palabras* (1998), por onde pasa boa parte do seu universo, as vivencias da vida e da literatura.

En 1989 foille concedido o premio da Xunta de Galicia á creación cultural polo conxunto da súa obra literaria.

Como bo narrador sorprende a súa aguda capacidade como observador da realidade e a súa curiosidade innata que o levou a publicar cousas sorprendentes como a biografía de Don Juan de la Cova, singular personaxe ourensán do século XIX sobre o que Torrente Ballester, quizais nalgunha das famosas tertulias de



► No Consello da Cultura Galega.



© Xurxo Ledrato

► Carlos Casares na Real Academia Galega.

Monterrei en Baiona, lle pediu que escribise algo, xa que eran moitas e divertidas as historias que se contaban del. Ademais tiña un amor especial polas cousas vellas, é de sobra coñecida a súa vocación entusiasta polos trens e as cámaras de fotos antigas, que chocaba co seu interese polas últimas novidades da tecnoloxía; coméntase que, cando viaxaba, escribía os seus artigos nun portátil en miniatura que levaba no peto da chaqueta.

En canto ao seu labor editorial, Casares foi o home no que Piñeiro depositou a súa confianza para sucedelo na *Editorial Galaxia* e na dirección da revista *Grial*. Abonda abrir o catálogo de *Galaxia* para ver que alí, á beira dos galegos, están desde os clásicos latinos ata Stendhal, Manzoni, Tabucchi ou Hemingway; as influencias literarias de Casares deixaron, sen dúbida, as súas pegadas na editorial. A liña editorial que se estaba a marcar consideraba a tradución como elemento indispensable na construción do sistema literario do país. Fícaron algunhas empresas no camiño como a



► En Karlovy Vary (República Checa), no ano 2002.

Biblioteca Shakespeare, que de seguro se retomará nesta nova singradura.

Foi ademais membro do Padroado da *Fundación Penzol*, da *Fundación Otero Pedrayo*, membro fundador do *Pen Clube* de Escritores

Galegos. Referente emblemático da cultura deste país como editor, xornalista, é de todos coñecida a súa personalidade esencialmente comunicativa, a súa sona de conversador versátil e ameno contertulio, un mestre da oralidade que se viu reflectido na súa faceta de conferenciante.

En definitiva, o embaixador cultural deste país que deixou un oco difícil de cubrir cando aquel 9 de marzo de 2002, hai agora un ano, na súa casa de Vilariño, parroquia de Nigrán, un ataque ao corazón nesgoulle a vida sen avisar. Horas antes participara na homenaxe que a Fundación Premios da Crítica lle rendía a Francisco Fernández del Riego, e había uns quince días que presentará na Casa da Cultura de Gondomar o caderno número cinco do Instituto de Estudos Miñoranos sobre o entroido gondomarense.

Sen dúbida que a cultura galega perdeu a un dos sólidos piares nos que asentaba a súa modernidade. ■

- ¹ Luís Rei Núñez: *Oficio de escribir*, Eds. do Castro, páx.163.
- ² Freixanes, Víctor: *Unha ducia de galegos*, Ed. Galaxia, Vigo, 1982 páx. 281.
- ³ Freixanes, Víctor: Op. cit. , páx. 281.
- ⁴ Luís Rei Núñez: Op. cit., páx. 163.
- ⁵ Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 282-283.
- ⁶ Xosé Manuel Enríquez: *Guías de lectura: Ilustrísima de Carlos Casares*, Eds. do Cumio, páx. 10-11.
- ⁷ Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 283.
- ⁸ Luís Rei Núñez: Op. cit., páx. 163.
- ⁹ Luís Rei Núñez: Op. cit., páx. 164.
- ¹⁰ Manuel Rodríguez Álvarez: "Memorial de amigo. Obituario. Carlos Casares", in *Tempos* nº 59, páx. 60-63.
- ¹¹ Luís Rei Núñez: Op. cit, páx. 164.
- ¹² Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 277.
- ¹³ Freixanes, Víctor: Op. cit. , páx. 278.
- ¹⁴ Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 277.
- ¹⁵ Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 284-285.
- ¹⁶ M. A. FERNÁN-VELLO et F. PILLADO MAYOR, *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*, ed. Sotelo Blanco, Santiago, 1989; páx 153.
- ¹⁷ F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, *O río do tempo*, ed. Do Castro, Sada, 1990; páx. 280.
- ¹⁸ R. PIÑEIRO, *Da miña acordanza*, ed. Galaxia, Vigo, 2002.
- ¹⁹ M. X. PORTEIRO et X. A. PEROZO, *Quen é quen no primeiro parlamento galego*, ed. Xerais, Vigo, 1981; páx. 124.
- ²⁰ SUSO DE TORO, *Camilo Nogueira e outras voces*, ed. Xerais, Vigo, 1991; páx. 289.
- ²¹ X. DE CORA, *Barreiro contra Barreiro*, ed. Xerais, Vigo, 1990; páx. 154.
- ²² CARLOS CASARES, *¿Demasiado pobres para a democracia?*, in *O mundo desde aquí*, IGADI, Vigo, 1992; páx. 121-125.
- ²³ Freixanes, Víctor: Op. cit., páx. 287.

Carlos Casares na NARRATIVA GALEGA actual

Nos derradeiros anos da súa vida Carlos Casares tivo un lugar sobranceiro na cultura galega, non só pola presenza diaria nun dos xornais de maior tirada de Galicia senón tamén pola presidencia do Consello da Cultura Galega e da dirección de Galaxia. Mais, de todo ese labor, con ser moi importante, Casares pervivirá na historia do noso país como un dos narradores máis importantes da modernidade, pola súa obra literaria.

Deixando á parte os textos infantís, a narrativa de Casares componse de dous libros de relatos (*Vento ferido*, 1967, e *Os escuros soños de Clío*, 1979) e seis novelas: *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e *O sol do verán* (2002). Non é unha obra extensa, pero si ben traballada; espaciando a aparición de cada libro, o noso autor foi elaborando con rigor e reflexión os seus relatos cunha poética orixinal. A súa obra caracterízase fundamentalmente por recrear acontecementos da realidade galega da etapa de posguerra, enriquecida coas continuadas lecturas das que el tanto gozou. O universo de xentes e de lugares cos que conviviu nas etapas de adolescencia e xuventude cando se iniciaba na vida reflexiva foi, sen dúbida, un dos produtores referenciais das historias dos seus libros. Pero a propia existencia e a vida das xentes da súa contorna non estarían presentadas desa maneira se non fosen modeladas pola lectura dos seus narradores preferidos. E así, fundindo vida e lecturas, Casares asentou a súa creación nos esteos da realidade vivida e da realidade ficcional.

Durante as décadas dos anos cincuenta e sesenta, os países europeos coas súas democracias parlamentarias e o exercicio das liberdades eran espazos idealizados para moitos mozos galegos que, coma os do resto de España, ansiaban coñecerlos. En Europa situábase a modernidade política e cultural; e a nova literatura era unha das súas manifestacións máis importantes. Neses anos, algúns dos mozos que anceiaban escribir historias cruzaron a fronteira dos Pirineos na

percura de libros e de novas realidades, tan afastadas das que se podían atopar no territorio español. E nas viaxes ós países europeos, que facían fundamentalmente nos veráns, coñeceron a literatura de expresión inglesa e francesa máis vangardista; leron ós escritores existencialistas, a Kafka, a Joyce, a Robert Musil e ós novelistas do *nouveau roman* francés, entusiasmándose coas innovadoras formas da súa narrativa. Ó volver, algúns deses mozos universitarios comezan a escribir relatos utilizando as estruturas narrativas dos autores cos que se sentían máis identificados.

O primeiro en publicar os seus escritos foi Gonzalo Rodríguez Mourullo (1935) quen, entusiasmado coa literatura de Kafka, escribe os tres relatos que publica reunidos en Vigo, na desaparecida editorial Monterrei, nun libriño titulado *Nasce un árbore* (1954). Con esta obra iníciase o movemento vangardista, que a partir de 1965 se había chamar Nova Narrativa Galega. Nas súas páxinas, o novo autor utiliza coñecidos textos da narrativa actual para experimentar coas novas fórmulas narrativas, incrementando no segundo libro, *Memorias de Tains* (1956), a complexidade textual con relatos sen historia aparente que alternan a realidade ficcional coa fantasía, en ambientes de medo e violencia.

Carlos Casares foi un deses admiradores da moderna narrativa europea, lector atento de





Kafka, dos narradores americanos, e sobre todo, dos existencialistas franceses, pero ademais dos novonarradores que o precederon: Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo G. Suárez-Llanos e M^a Xosé Queizán. E, decidido a participar na renovación da narrativa galega, Casares comeza a súa andaina de narrador cos relatos de *Vento ferido*, nos que emprega as novas técnicas da narrativa vangardista para contar historias reais. O seu interese na renovación da literatura galega non o levou á desaparición da historia nin á fuxida do espacio galego, como sucedera nos libros de Rodríguez Mourullo e de Méndez Ferrín. Máis achegado á narrativa de Suárez-Llanos cá dos anteriores, contou historias cotiás situadas na realidade próxima cun discurso anovador, unhas veces modalizado pola terceira ou a segunda persoas, desde unha perspectiva obxectalista, e outras desde o subxectivismo da primeira. Casares presenta un universo coñecido situado no ámbito rural ou urbano da Galicia dos anos que seguiron á guerra civil española de 1936-39, no que os personaxes sofren conflitos persoais, que en varios casos son consecuencia da inxusta realidade social daquela época.

No segundo libro, a novela obxectalista *Cambio en tres*, Casares intensifica a experimentación técnica cunha clara vontade de facer un texto vangardista. O narrador ofrece

paso a paso os movementos do protagonista coma se estivese proxectando a historia cunha cámara cinematográfica, utiliza a alternancia de voces modalizando a narración desde diferentes perspectivas e xoga coa representación caligráfica do texto. Todo iso sen renunciar ó tratamento de temas sociais para denunciar a inxusta situación económica da España da época. Nárrase a vida do Cachorro desde a adolescencia en diferentes planos por un narrador-testemuña que conduce a acción e, por veces, se mete na historia, para relatar os acontecementos en terceira ou en primeira persoa, segundo se limite a referilos ou participe neles. É un narrador omnisciente, coñecedor dos pensamentos e do porqué das actitudes do protagonista; e, ó tempo que describe os sucesos dos que foi testemuña, funciona de caracterizador ideolóxico, xulgando a conducta dos personaxes e analizando a organización social con comentarios críticos sobre as desigualdades económicas. A adscripción do protagonista á empobrecida clase obreira daquela época permítelle a Casares desenvolver as súas ideas sobre a influencia do medio na formación da personalidade infantil e conxugar a innovación narrativa coa crítica.


Nos dous libros, diferentes no tratamento textual, o autor elabora un mosaico de existencias humanas abrumadas por tráxicos dramas persoais e mergulladas en ámbitos de violencia e de crueldade, que en moitos casos teñen como causa a traxedia do conflito bélico. E, coma adoitaba suceder na narrativa europea moderna, os acontecementos vividos polos protagonistas non suceden no tempo do relato senón que pertencen ó mundo do subconsciente, das lembranzas que van xurdindo nos dramáticos monólogos. Son historias do pasado recreadas polos seus propios protagonistas ou por un narrador testemuña. Un dos recursos discursivos máis salientables de *Vento ferido* e de *Cambio en tres* é o da enunciación narrativa do monólogo interior, que aparece en cinco contos do primeiro libro (“O xogo da guerra”, “Coma lobos”, “Monólogo”, “A capoeira” e “Vou quedar cego”) e en toda a narración do segundo. O monólogo é a manifestación expresa da conciencia na que van aparecendo as frustracións dunha vida de miseria e de

soedade, funciona de caracterizador dos protagonistas e fusiona a historia presente cos sucesos do pasado. O protagonista, no libre fluír do pensamento, vai dando conta dos atrancos que sufriu no seu ámbito social onde vive asoballado pola intolerancia política e relixiosa. O forte subxectivismo que lle dá ós relatos a constante presenza do “eu” desaparece ó cambiar o papel do narrador en primeira polo de terceira persoa, facendo de espectador para describir polo miúdo os obxectos, os ruidiños do ambiente ou os movementos dos personaxes desde unha perspectiva obxectalista.

Na novela *Xoguetes pra un tempo prohibido*, como fará nas obras posteriores, Casares, sen prescindir do emprego das novas técnicas do relato, preocúpase máis por contar unha historia con claridade ca por facer un texto moderno, e nos seguintes libros utiliza discursos de menor complexidade ca nos dous primeiros.

Xoguetes pra un tempo prohibido é unha historia de formación con elementos da biografía do autor, narrada desde unha perspectiva interior que lle dá un fondo subxectivismo á narración. Conta a traxectoria persoal e intelectual de Elías Paz desde a infancia á maioría de idade, na etapa de estudante universitario en Santiago de Compostela. O personaxe de Elías, que pode ser un trasunto do autor, pertence á xeración de universitarios que en marzo de 1968 viviron os acontecementos sociais da revolta estudiantil da universidade de Santiago. A narración describe o proceso de formación da personalidade dun rapaz que se sente condicionado pola represiva sociedade da posguerra e busca a súa identidade como galego e cidadán do mundo, solidario cos que padecen situacións de inxustiza en calquera parte do planeta. Reflectindo a realidade daquela época, a relixión e a política percorren o espazo narrativo a través de personaxes caracterizados pola súa ideoloxía (política ou relixiosa) como fascistas, comunistas, católicos tradicionalistas, ou seguidores dun catolicismo progresista.

Neses tres libros o presente da narración alterna co pasado dos discursos mentais nunha



sucesión de planos curtos sen continuidade espacial nin temporal, nos que van aparecendo persoas e ambientes que achegan datos sobre os acontecementos da etapa histórica na que se insiren os acontecementos, rompendo así a linealidade temporal da narración.

Os escuros soños de Clío marca unha paréntese na poética narrativa de Casares tanto nos temas tratados coma no discurso da narración. Os doce relatos do libro literaturizan acontecementos e personaxes da





Historia, mesturando acontecementos supostamente históricos cos da ficción, nun tempo que transcorre aproximadamente entre os séculos X e XIX. A estrutura do relato está construída con diversos planos situados en etapas históricas diferentes, utilizando a fabulación histórica con trazos de fantasía que nos fai pensar na narrativa de Borges ou de Cunqueiro, modelos que non volvemos atopar nas seguintes obras do escritor.

Con *Ilustrísima* Casares intensifica os trazos da novela de personaxe que iniciara en *Xoguetes*. A narración ten como eixo central a figura dun bispo de espírito liberal, caracterizado coma un home humanitario, xeneroso e tolerante, que por mor dun suceso banal vese moralmente obrigado a enfrontarse a unha curia composta por cregos que defenden a moral ortodoxa con intolerancia, como auténticos integristas sen mirar o dano que causan ás persoas. A anécdota que fai de núcleo da historia é a instalación dunha familia de italianos, que traen unha máquina de cine, nunha vila catedralicia de provincias. A proxección de filmes mudos en sesións de noite escandaliza ós grupos sociais máis reaccionarios de burgueses e beatas, que consideran o invento dos irmáns Lumière un instrumento do demo e solicitan da máxima autoridade relixiosa, a súa Ilustrísima, que ordene a supresión das proxeccións, a única fonte de recursos dos seus propietarios. A anécdota serve de pretexto para explorar os conflitos internos do vello bispo, forzado a

tomar decisións contra a súa vontade ó non ver ningunha caste de posible escándalo no cinema; e xa que logo decidido a enfrontarse ós sectores reaccionarios do clero e das forzas vivas da sociedade para defender a familia italiana. Un narrador en terceira persoa describe os sentimentos do bispo facendo unha reflexión do que foi a súa vida e os designios do destino que o conduciron ó bispado. O percorrido interior pola traxectoria existencial do vello bispo, indagando nas motivacións humanas das súas decisións, descobre o tecido social dunha vila provinciana nos primeiros anos do século XX, durante a presidencia de goberno de Canalejas (1910-1912). Unha etapa marcada polas ideas progresistas no plano ideolóxico e cunha práctica represiva na orde social, na que se produciron fortes convulsións sociais ocasionadas polos cambios na estrutura social nos comezos da industrialización das grandes cidades españolas. As malas condicións de traballo das empresas fixeron xurdir as ideas socialistas nas asembleas obreiras e promoveron a promulgación da Lei de folga (1909) por parte do goberno, causando fortes enfrontamentos entre liberais e conservadores, situación que en certa maneira se albisca na novela. Con esta narración de estrutura tradicional na liña de Galdós, Balzac, Flaubert ou calquera outro






narrador realista, Casares contou unha historia que, aínda situándoa varios anos atrás, podería pertencer á realidade dos anos do franquismo, polo que o autor sen dúbida servíuse de datos concretos sobre persoas e espazos coñecidos por el. É unha historia ben contada, con economía de recursos, que mereceu figurar entre as obras de lectura obrigatoria na materia de Literatura Galega do Curso de Orientación Universitaria.

Despois desta novela, o autor sorprendeu ós lectores cunha narración de feitío diferente, *Os mortos daquel verán*, que, na miña opinión, inicia unha nova etapa na traxectoria narrativa de Casares. Unha etapa de madurez creativa caracterizada por obras de maior extensión e complexidade na estrutura narrativa e no tratamento da historia (*Deus sentado nun sillón azul* e *O sol do verán*). Nestas novelas atopamos moitos elementos das novelas e contos anteriores, mais agora artellados coa mestría dun escritor profesional.

En *Os mortos daquel verán* Casares volve á temática da represión exercida polos vencedores da guerra civil española nas pequenas vilas galegas, para falar da situación social nunha época de escurantismo e de medo. É a obra máis elaborada do autor. Sen un narrador

modalizador da historia, esta vaise perfilando a través do discurso fragmentario da linguaxe curialesca nas declaracións de dez testemuñas sobre o suposto asasinato do farmacéutico Modesto Vilariño Dacal a causa dunha vinganza política, que no momento do suceso fora atribuída a un accidente. A través dos relatorios das testemuñas a un funcionario do xulgado vaise debullando a historia dunha vila nunha época de represión política e de fanatismo relixioso. Os personaxes, acusados de participaren no asasinato, o mesmo cás testemuñas, declaran diante dun suposto xuíz sen voz no texto; e un lector-narrador, representado por un funcionario do xulgado, é o que refire as informacións de cada un dos declarantes. Con este procedemento vaise reconstruíndo a historia desde diversas perspectivas e diferentes posicionamentos ideolóxicos. Sobrancea a figura da Anunciada, que semella a de sor Sabina de *Ilustrísima*; unha muller á que se lle atribúen poderes de visionaria, que asegura ter datos sobre o crime do farmacéutico Vilariño Dacal. Con este personaxe, ademais de ilustrar o escurantismo relixioso da época, o autor achega á historia un trazo de humor rompendo o dramatismo da trágica situación creada polo ambiente de represión política dos franquistas, no que eran frecuentes esta clase de asasinatos. O discurso fragmentario da narración pode atrancar a comprensión da historia, facilmente solucionable cunha segunda lectura.





Deus sentado nun sillón azul volve asentarse a historia nas consecuencias da guerra; é unha historia de amor e de compromiso político contada por un narrador omnisciente en terceira persoa, a través das lembranzas dunha muller partícipe na historia que, instalada por tras da ventá da casa, observa os movementos do home, vello e atristurado, que vive coa súa esposa enfronte da vivenda dela. A narración está modalizada desde a dobre perspectiva dun narrador e dunha narradora, que son os dous protagonistas da historia: El e Ela, e que se corresponden co home observado e a muller observadora, o que permite a alternancia de sucesivos planos espaciotemporais que van achegando datos sobre a súa vida e sobre os acontecementos históricos que viviron. A historia está situada nun tempo que vai dos anos trinta á posguerra de 1936. Nunha primeira lectura *Deus sentado nun sillón azul* achéganos unha narración realista elaborada con datos, personaxes e espazos coñecidos (Ourense, Santiago, Berlín e A Coruña). Mais, pese ó doado recoñecemento dunha realidade concreta, a novela permítenos facer unha lectura simbólica sobre a traxectoria existencial dunha persoa nunha sociedade represiva, desacougada polos conflitos humanos ocasionados como consecuencia da guerra civil que está sempre

no fondo da súa circunstancia vital, coma vimos de forma moito máis breve nalgúns relatos de *Vento ferido*. E tamén aquí o autor se serve da trama ficcional para falar dun tempo histórico moi dramático na vida de Galicia, coa presenza de personaxes fundamentais no mundo do galeguismo.


Na súa derradeira novela, *O sol do verán*, Carlos Casares volve a un dos seus temas preferidos: amor frustrado, que xa tratara de forma breve nos primeiros relatos e con maior desenvolvemento na novela anterior, desde a lembranza dos dous vellos namorados. Coa experiencia dos anos vividos, Casares quixo explorar nesta longa narración a infelicidade dun amor que non pode consumirse coa unión carnal; achégase a el cunha análise minuciosa das motivacións, das actitudes e dos comportamentos dos amantes. A novela narra nun ton nostálxico os episodios do recente pasado sentimental dos protagonistas a través da exploración emocionada dos sentimentos, sen dramatismo pero tampouco cos trazos do humor que caracterizan obras anteriores do autor. A través da viaxe interior da narradora coñecemos a relación de Helena e Carlos, iniciada na nenez como amizade e convertida en amor na adolescencia. O descubrimento do amor é analizado en cada unha das sensibilidades dos protagonistas desde unha visión tradicional dos xéneros. O neno descobre a un tempo o amor e o desexo sexual e ten relacións con nenas, distinguindo xa nesta etapa da vida que a sexualidade non está unida ó amor. Mentres que a nena ignora todo o referente ó sexo, o seu amor por Carlos reside na intimidade da súa amizade e na admiración que sente por el. Dúas maneiras diferentes de vivir a adolescencia, que se corresponden coas que no tempo histórico da novela (1949-1968) adoitaban ter os nenos e as nenas.

Pero *O sol do verán* é ademais unha historia familiar na que se describe a vida de relación dos seus membros, retratados con mestría nas súas vivencias cotiás, nos seus conflitos persoais e interpersoais. O autor préstalle atención ás súas actitudes e reaccións ante os diversos temas de conversa, e mesmo ós pequenos acenos que fai cada un deles como

indicativo da súa opinión, enriquecendo a historia coa caracterización de tódolos personaxes que integran a casa familiar.

O feito de que na súa madurez Carlos Casares volvese a recrear o tema do amor imposible faime pensar que entre o mundo literario da novela e o universo existencial do creador puido existir un importante elo, quizais unha historia vivida con intensidade na súa adolescencia á que quixo retornar na madurez.

Neste breve percorrido polo conxunto da súa narrativa de adultos vimos como Carlos Casares traballou os textos con diversas fórmulas narrativas, movido en todas elas coa vontade de contar historias da súa contorna, con personaxes e circunstancias da realidade coñecida. Afondando nos aspectos da condición humana en ambientes de violencia, de intolerancia e de falta de liberdade con historias sempre diferentes. O autor reflexiona sobre a condición humana describindo comportamentos individuais en situacións dramáticas ou, simplemente, analizando unha fracasada experiencia amorosa. Son relatos poboados de xentes vulgares que se moven nun mundo concreto e familiar, descrito con dramatismo en *Vento ferido*, *Cambio en tres* e *Deus sentado nun sillón azul*, e matizado con trazos de ironía e de humor nos contos de *Os escuros soños de Clío*, *Ilustrísima* e, mesmo, en *Os mortos daquel verán*, aínda que nesta obra coas limitacións dunha narración que sitúa a acción no espazo cerrado das catro paredes do xulgado, limitada ó texto das declaracións dos intervinentes. En *O sol de verán* os acontecementos discorren no espazo dunha casa solarega dunha familia da burguesía



acomodada, a través da interiorización da narradora-protagonista dos feitos.

A súa prosa clara distínguese polo emprego de palabras usuais e frases breves que lle dan ó texto un aire de naturalidade. A partir dunha imaxe ou dunha lembranza van aparecendo na narración acontecementos do pasado, a modo de lóstregos que descubren espazos agochados. Persoas, obxectos e sons encadean records, e estes producen impresións que, por veces, permanecen inmóbiles na mente do narrador, en ocasións coincidente coa do protagonista, paralizando o relato coma nunha fotografía na que tamén se detén o tempo. De forma que o pasado e mailo futuro quedan situados nun só plano, e os protagonistas vívenos coa mesma intensidade. É unha técnica que se achega ó impresionismo textual. ■

© Xurxo Lobato



► Revisando un artigo escrito previamente a man.

a OBRA XORNALÍSTICA de Carlos Casares

O encabezamento precedente, que pretende dar título a unha aproximación máis ou menos afortunada a un dos estratos da escrita de Carlos Casares (1941-2002), contén así mesmo unha case insoportable vaguedade a penas disimulada. Afirmar sen máis preámbulos que existe unha obra xornalística saída da pluma do finado narrador ourensán é unha sorte de acto de fe, unha mediocre viravolta para non enfrontármonos –desarmados, sempre desarmados– ó verdadeiro grial: ¿literatura ou xornalismo? De calquera xeito, en troques de axudarnos do aínda máis exasperante e mediocre argumento da contigüidade, isto é, o que asume como xornalístico todo aquilo que se fai público a través do papel dos xornais, diremos con Manuel Rivas que quizais sexa “esa perplexidade ante o mundo e a procura dos porqués o verdadeiro nexo entre literatura e periodismo”¹. Quizais.

No suposto moito máis accesible de que o xornalismo sexa unha mazá, Carlos Casares mordeuna abondo. Iniciouse no pecado na adolescencia, entre os muros do seminario, editando un pequeno xornal manuscrito no que se mesturaban a partes iguais o escarnio, a picaresca e o deleite poético, ingredientes todos eles deliberadamente tirados do seu maxín. *El Averno* era o exorcismo semanal –saía os xoves– contra a vida de renuncia que os frades imponían ós futuros homes de fe, ós que sen embargo daban unha formación académica “excepcional”. A sorte de “informacións” que *El Averno* espallaba polas aulas e celas do seminario reportaron ó Casares mozo, quizais como unha profética aparición do desencontro irreconciliable entre xornalismo e literatura, unha modesta colección de labazadas.²

O abandono da carreira eclesiástica pola filoloxía románica, o traslado á Compostela de comezos da década dos 60, a tertulia de Vicente Risco, a tutela intelectual de Ramón Piñeiro ou a idade non fixeron esmorecer a inclinación do escritor pola prensa, senón que pola contra os anos viron como as manifestacións da tal perversión adoptaban facianas e modos diversos. Pouco despois de dar ó prelo en 1967 o primeiro volume da súa obra narrativa, o

conxunto de relatos *Vento ferido* –somentes posterior a aqueles primeiros contos que a editorial Galaxia publicara na revista *Grial*–, os artigos de carácter político ou literario e as semblanzas de personalidades varias, de aquí e de acolá, que xunto ás caricaturas de Siro formaban o que deran en chamar “Con esta lupa”, encetaban desde as páxinas do diario ourensán *La Región* un itinerario entre Carlos Casares e as rotativas, unha vía que se amosaría decote promiscua e sempre poliédrica. Xa a partir de 1992, andado o tempo e a palabra, as páxinas de *La Voz de Galicia* darían diariamente acubillo ás historias e personaxes cos que Casares quixo conta-la vida ós poucos, desde o miúdo, tal e como llo aprendera seu avó:

“Debo agradecerlle ó meu avó que desde neno me ensinase que os contos, como a vida, non son máis que detalles e que o tempo simplemente non existe.”³

Nese tempo, nesa marxe, a boa relación de Carlos Casares co xornalismo escrito manifestaríase de moi diferentes maneiras: como crítico literario primeiro e columnista habitual despois para *La Voz de Galicia*, como colaborador en medios de diferentes xeografías –desde a revista suíza *Du* ata o diario *El País*–, como entrevistador de personalidades de fonda significación como os Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell ou Álvaro Cunqueiro, ou como apoio necesario para o alumbramento en Galicia de publicacións sobranceiras como *Teima* ou *Tempos novos*. Sobre algún dos pilares fundamentais desta súa peripecia tratarán os primeiros capítulos deste traballo.

Cómpre, xa que logo, remata-lo achegamento ó autor de *Xoguetes pra un tempo prohibido* polo que de común hai en tódolos movementos do seu quefacer no eido do xornalismo, por aquilo que subxace tanto á lería con Cunqueiro na procura dos vinteseite sabores orixinais da cachucha de porco como á súa “Carta aberta a un político español” –artigo polo que recolleu o Premio Fernández Latorre en 1983– ou ás letanías do gato Samuel, enredando unha outra volta coa existencia desde as marxes do día. Da importancia que este estrato ten para a



► Recollendo o premio Fernández Latorre en 1983.

comprensión integral da escrita do que fora chamado, tamén desde as páxinas dun xornal, “xefe de estación de Vilariño”⁴ non nos dirá ren a listaxe de galardóns e recoñecementos colleitados, senón a coincidencia que nos temas e no punto de vista se dá entre a súa produción, digámolo así, narrativa e aquela impresa no papel dos diarios. Para Basilio Losada, quen ten escrito sobre o carácter oralizante da súa escrita⁵, a columna “Á marxe” dános a imaxe de Carlos Casares incluso con maior viveza que a súa obra narrativa.

[I]

SEMBLANZA DA OBRA XORNALÍSTICA: LA VOZ DE GALICIA (1975-2002)

Xa que excede en moito o horizonte deste traballo o abordarmos a totalidade das incursións de Carlos Casares no eido do xornalismo, limitarémonos aquí a facer unha apresurada semblanza dos preto de trinta anos que estivo vencellado a *La Voz de Galicia*, período que comprende á súa vez dúas etapas: unha primeira, máis próxima á crítica literaria ou ó xornalismo de divulgación cultural –“A ledicia de ler” (1975-1988)–, e unha segunda na que as fronteiras entre literatura e xornalismo vense xa completamente desdibuxadas –“Á marxe” (1988-2002)–.

Restan, xa que logo, moitos aspectos por analizar: os primeiros traballos para *La Región*⁶, as múltiples colaboracións –*Grial*, *El País*, *Faro*

de Vigo, *Du*, *Encrucillada*, *El Ciervo*, *Quimera*, e un longo etcétera–, as entrevistas, os premios e a outra cara dos mesmos –as fundacións, os xurados...–. Para ilustrar dalgunha maneira a idea manexada na introducción sobre a natureza poliédrica do binomio que forman o xornalismo e Casares, refiro a continuación unha anécdota tirada das primeiras páxinas dunha revista de breve vida, *Teima*, que se editou na Galicia dos anos 70. Sexa cal sexa a sorte da devandita anécdota, non poderá substituír endexamais á análise do resto da súa produción para os medios nin poderá tampouco axudar a identifica-la fronteira entre xornalismo e literatura, pero si –quizais– poida apuntar cara unha imaxe distinta daquela que define en moitas ocasións a peripecia dos “escritores que escriben para os xornais”.

[A “CONEXIÓN CASARES”]

No mes de novembro de 1976 sae á rúa o primeiro número de *Teima*, unha revista que editaba a Sociedade Galega de Publicacións presidida por Domingo García-Sabell. Aquela publicación, que non chegaría logo a superar os dous anos de singradura, era froito do traballo e a ilusión dunha nova xeira de xornalistas mozos –que tiñan ó seu país como cerne da ollada, malia non existir aínda a chamada Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela– que pretendían para Galicia un novo rexistro na información. Na mancheta podemos rastrexar algúns nomes que hoxe son xa figuras consolidadas, como Ánxel Vence Lois, Víctor Fernández Freixanes, Luis Álvarez Pousa, etc... Precisamente naquel número cero, na páxina dez, cóntase un capítulo da xestación daquela criatura que se imprimía no obradoiro coruñés de *La Voz de Galicia* e que merece, polo que veremos, ser recollido aquí.

No principio as augas estaban divididas. Por unha banda, un grupo de persoas que adoitaba facer tertulia no piso de Xelmírez 15 –a coñecida vivenda compostelana de Ramón Piñeiro e Isabel, a súa dona– matinaba na creación dunha revista mensual, a medio camiño entre o *Nouvel Observateur* parisino e o madrileño *Cuadernos para el Diálogo*, e na

recuperación tamén da desaparecida *Revista Galega de Economía* que Xaime Isla-Couto, logo primeiro director, fundara en 1958 dentro da editorial Galaxia. Eran, entre outros, Carlos Casares, Luis Álvarez Pousa, Xosé Manuel Beiras ou Alfonso Sánchez Izquierdo. Por outra banda, e completamente alleos á actividade de aqueles, traballaba nunha idea semellante –unha publicación altamente profesionalizada– o chamado “grupo do Colexio de Arquitectos”, integrado entre outros polo avogado Enrique Aller, o economista Xan L. Facal e os arquitectos César Portela e Daniel Pino.

Contan, á fin, que foi gracias a Carlos Casares que aquelas dúas faccións tiveran a ben fundirse nun único equipo, co único obxectivo de sacar adiante unha publicación que deixaría un doce sabor na boca dos que a coñeceron entón e que sorprende a quen, hoxe mesmo, se achega por vez primeira ás súas páxinas na hemeroteca. A función que unha vez botada a andar acometería o escritor nas páxinas de *Teima* oscilará entre o asesoramento lingüístico, xunto a Charo Álvarez e Francisco Fernández Rey, o consello en materia cultural ou a propia redacción esporádica de textos, nunca informativos, para a revista.

O relatado pode non pasar da categoría da anécdota, mais en todo caso ilustra ben a caste de relación que o autor de *O sol do verán* cultivou co xornalismo, ou máis ben a que non cultivou, isto é, a dun escritor de éxito que logo de colleitar algún prestixioso premio literario recibe a oferta dun periódico calquera para que adorne a súa páxina de colaboracións coa súa gracia verbal. Ademais, e polo dicir co propio Casares, “a realidade non son as cousas como foron, senón tamén como se imaxinaron. Por sorte para a historia da humanidade”.⁷

[A ledicia de ler (1975-1988)]

Los domingos de la Voz, suplemento dominical do diario fundado en 1882 por Juan Fernández Latorre, principia a dar acubillo en 1975 a unha sección estable asinada polo autor de *Os escuros soños de Clío*. Os escritos que compoñen “A ledicia de ler”, froito dunha etapa

na que a vida do escritor estaba moito máis próxima á militancia política –cómpre lembrar que aínda en 1981 sería elixido deputado pola provincia de Ourense, como candidato independente nas listas do PSDG-PSOE– e malia axeitarse ós parámetros que poden definir o xornalismo cultural ou mesmo a crítica literaria, conteñen unha maior e máis incisiva carga de opinión que calquera outro xénero xornalístico practicado por Carlos Casares.

O procedemento non é novo. Apoiándose sempre nalgunha novidade editorial, ben a publicación ou reedición dunha obra, ben un artigo aparecido nunha revista cultural, ou facendo pé noutra caste de acontecementos máis próximos ás marxes do estrictamente literario, Casares convoca un tema para axiña construír a argumentación pertinente. Así, a saída do prelo en 1975 de *Romerías ás covas do Demo*⁸, peza teatral de Manuel Lourenzo, sérvelle ó autor ourensán para iniciar unha discusión a respecto da necesidade de termos un teatro galego para Galicia, e para aludir tamén á vella polémica entre unha dramaturxia chamada popular e outra de calidade literaria. No mesmo ano, por exemplo, discutirá tamén acerca dos agravios que Galicia sofre por mor da súa dependencia económica e financeira⁹ ou sobre a pertinencia da etiqueta “nova narrativa galega”¹⁰ na que el mesmo ten sido incluído.

Un discurso recorrente será, como mostra o seguinte fragmento, o deficiente coñecemento que da literatura galega se tiña no país –e se cadra aínda se ten– por circunstancias non precisamente escuras:

“Para unha inmensa maioría de galegos a nosa literatura carece de pasado, pois de nenos ensináronlle con parsimonia e con detalle canto se refire ó *Poema do Cid* e ós seus posibles dous autores, a Gonzalo de Berceo, Juan de Mena e o Marqués de Santillana, pero sen indicarlle, salvo excepcións moi meritórias, nada que se refira á espléndida lírica escrita na lingua da súa comunidade. As consecuencias son moitas.”¹¹

Cando Galaxia publica *Ensaíos e poesías*¹², un conxunto de escritos varios de Xohán Vicente



Viqueira, o feito de que a editorial respectase a normativa empregada por este –partidario de aproxima-lo galego á lingua portuguesa– desperta en Casares un xuízo, o da oportunidade, fillo directo da responsabilidade e característico de “A ledicia de ler”. Non se pon en dúbida a verdade do posicionamento lingüístico de Xohán Vicente Viqueira¹³, mais si a falla de oportunidade do xesto editorial, que na opinión de Casares dificulta a asimilación –Galicia, 1975– dunha figura senlleira como aquela. Este mesmo pragmatismo, como dicíamos consecuencia do senso da responsabilidade herdado de Ramón Piñeiro, ha rexer unha e outra vez nos comentarios, nas críticas e mesmo nos posicionamentos do autor ourensán.

Agora ben, a oportunidade “non está nunca rifada ca calidade”¹⁴, e xa que logo, criticará duramente aqueles traballos editoriais nos que aquela estea en franca vantaxe sobre esta, como é o caso da reedición para o público español do álbum *Nós* de Castelao a cargo de Xesús Alonso Montero¹⁵:

“...a reprodución das estampas é francamente dunha calidade pésima, cousa esta xa máis difícil de xustificar tendo en conta que as técnicas de reprodución son hoxe dunha perfección cáseque total. [...] Toda a calidade artística de aquel desaparece eiquí, e será moi difícilmente valorable por quen se achegue por vez primeira a estas estampas. Realmente, esto non é Castelao.”¹⁶

Ténselle recoñecido a Carlos Casares unha función mediadora entre a cultura galega e a doutras nacionalidades, sona que certamente non é de balde. Á espreita de calquera traballo que sobre autores galegos se publicara en medios de alén das nosas fronteiras, o escritor e xornalista exerceu de valedor dos intereses, e mesmo da dignidade, da literatura galega. A este respecto cómpre citar, por exemplo, a súa descalificación das afirmacións sostidas polo profesor francés Claude Henri Poullain na súa tese doutoral de 1971 titulada “Rosalía Castro de Murguía et son oeuvre poétique”¹⁷, por considerala simplista e aínda inxusta cando nega que na escrita da autora de *Follas novas*

exista algunha preocupación filosófica ou de ideas.


A sombra da Xeración Nós, e nomeadamente a proxectada pola obra dos Castelao, Risco e Otero Pedrayo¹⁸, ha ter nos textos de “A ledicia de ler” unha presenza destacada. Este feito contrasta, para aquel que non coñeza o respecto e admiración que o escritor ourensán profesaba cara estas personalidades da cultura galega, co receo con que a “nova narrativa” –se é que algunha vez existiu– se enfrontaba ó seu legado, tido por ruralista e caduco.

O arco temático que abranguen estas columnas é amplo abondo como para dar acubillo a textos sobre economía ou teoloxía, sobre teatro ou poesía, sobre o cómic ou os estudos filolóxicos sobre a lingua galega, sobre os cancioneros medievais ou os tratados sobre contaminación e desenvolvemento, sobre premios literarios, sobre cine ou desastres editoriais. Neste sentido, “A ledicia de ler” manifesta desde o seu primeiro día unha vontade por amplia-las marxes do que na prensa periódica se viña entendendo por cultura, restándolle asepsia e diletantismo, sumándolle discurso e o que é máis importante aínda, a consciencia de estar contribuíndo á incorporación da cultura galega –unha outra vez, no sentido máis amplo da expresión– ó debate público, ó “temario cultural” dun país en construción.

Bosquexo dunha metamorfose

Entre esta etapa, que se prolongaría ata ben entrado o ano 1988, e a que sería ó cabo a súa máis popular creación para a prensa, non se produciu unha ruptura brusca. Pódese, xa que logo, rastrexar no marco da década dos oitenta unha lenta metamorfose, non sen rumbo, que augura o que logo sería a súa columna “Á marxe” nas páxinas de opinión do mesmo diario corués.

Ó progresivo desprendemento da actualidade, isto é, da inmediatez do feito noticioso no eido editorial, súmase unha



► Recopilación de artigos da sección “Á marxe”. (*La Voz de Galicia*).

crecente aínda que tímida introducción do elemento anecdótico, do conto, do pequeno capítulo autobiográfico que dá pé á reseña ou á reflexión. O mesmo ton das opinións —que como tal tamén irán mingando- vaise tornando a miúdo menos agresivo, adoptando un rexistro tépedo, máis coloquial que sinxelo.

“A ledicia de ler” mudará de contorno ó trasladarse ó suplemento cultural que *La Voz de Galicia* editaba os xoves, primeiro como *Cultura* e logo —baixo a coordinación de Luis Álvarez Pousa, primeiro, e Arturo Lezcano despois- como *Cuaderno de cultura*. Mudará tamén a propia concepción da columna, experimentando con outras identidades —como “Día a día”— ou mesmo renunciando a elas, e aparecendo ás veces como apoio a un artigo máis amplo. Da man destes cambios superficiais irase operando a devandita transformación na columna de Carlos Casares, quen empeza tamén a colaborar esporadicamente nas páxinas de opinión, iniciando un camiño que cristalizará a partir do 28 de abril de 1988 nas súas “marxes”:

“Vendo as fotos de Jaime Paz Zamora nos periódicos penso en todo aquilo que se foi

perdendo nos últimos vinte anos: a ilusión de cambiar o mundo e construír un home novo, desligado de odios e egoísmos, inmensamente xeneroso; a inocencia de pensar que había persoas honestas e boas (as de esquerdas) e tipos malintencionados e perversos (os de dereitas); a utopía fermosa de crer na posibilidade de implantar o paraíso na terra. Non hai dereito. Rachar tantos soños inocentes debía ser un delito penado co inferno máis terrible para os máis directamente responsables. O malo é que probablemente non hai responsables ou que, se os hai, sexamos nós mesmos.”¹⁹

[Á MARXE (1988-2002)]

“A un amigo que me reprocha o pesimismo destes meus últimos artigos e que me recomenda que volva a contar historias e me sitúe á marxe das grandes cuestións da actualidade, como indica o nome desta sección, voulle contar unha historia.”

“Á marxe” *La Voz de Galicia*, 12 de decembro de 1992

“Á marxe”, artigo que se convertería en compromiso diario despois de 1992, é probablemente —desde unha perspectiva diacrónica— o cumio dese proxecto literario do que falarei máis adiante, a consumación das liñas apuntadas anteriormente a respecto dos últimos capítulos de “A ledicia de ler”. Para entender a absoluta independencia que Casares quixo establecer con relación ás “grandes cuestións da actualidade” pódense adoptar diversas posturas, lecturas que van desde a madurez —ese “froito triste no persoal pero imprescindible na sociedade” do que falaba Suso de Toro²⁰— ata unha hipotética evolución ideolóxica do autor de *Os mortos daquel verán*. De calquera xeito, “Á marxe” non é senón o territorio ermo no que unha morea de personaxes, fabulados ou verídicos, han trazar coas súas peripecias —debaixo sempre a anécdota— as liñas mestras da que foi a preocupación esencial da escrita de Casares, isto é, o home e a súa condición.

Eis a nena Marilia agardando polo agromar dun gato. Eis o gato Samuel a voltas coa

identidade, parecéndose cada vez máis a unha ovella. Eis os amigos, as viaxes, as conversas. Eis tamén os trens eléctricos, os piratas que tanta falta nos fan. Eis os arquetipos, o home seguro de si mesmo, o infeliz das trinta e cinco calidades, o cabaleiro sen cabalo, o lector de xornais, o lunático marqués. Eis tódalas historias, todas arredor da herba máis fráxil –que dicía Cunqueiro–, o home, e todas escritas por quen confesaba padecer dunha “incapacidade case patolóxica para tratar das abstraccións”²¹.

É neste punto onde, de existiren as fronteiras entre xornalismo e literatura, a escrita de Casares renuncia a patria algunha, mesmo a aquelas da realidade e da ficción. O elemento autobiográfico tampouco pode estar libre de sospeita, pois á par que o rexistro coloquial, oralizante e a permanente actualización do tempo, é un dos elos na cadea da que se serve Casares para construír esa realidade tan próxima e viva, disposta para que outros apliquen as categorías. Aínda así, este ingrediente hase incorporar paseniñamente á receita, mesturándose axiña coas outras realidades, coa toupeira e o pecado, con Milosevic e a erótica do poder.

E é que “Á marxe”, malia todo o dito, non abandona completamente a actualidade. Esta penetra, inevitablemente, na fiestra diaria de Casares, pero levada ó plano da anécdota, isto é, como unha páxina no catálogo dos comportamentos humanos. Así, por exemplo, que Benxamín Netanyahu ameazase en xaneiro de 1996 con ser o seguinte primeiro ministro de Israel, por ser “tamén o preferido polos propios terroristas, que están, igual ca el, en contra do proceso de paz”, sérvelle –mediante esa volta última do texto– para trazar, en dúas liñas, unha pincelada impresionista non exenta de escepticismo e desesperanza sobre a condición humana: “O curioso é que a xente non se dea conta dunha cousa tan clara. É que as claridades da cabeza valen menos, case sempre, que as escuridades do corazón”²².

En calquera caso, a distinción entre realidade e ficción é gratuíta, pois ámbalas

dúas esferas quedan definitivamente igualadas no interior do discurso de Casares; son historias á fin e ó cabo, tiradas do cotián do escritor ou mesmo da súa imaxinación, que ilustran os moitos temas abordados por el: a muller, sempre ligada á intelixencia –e a Suecia, e á beleza–; os debates nunca resoltos entre o tempo do mito e o tempo da ciencia, entre a vontade sen condicións do raciocinio e o teimudo misterio que se agacha; os piratas, que tan pouca atención despertan entre os editores españois; o poder, a súa erótica corrupta; o esquecemento e a memoria, esa escolla que se nos impón entre o paraíso dos lotófagos e a condena edípica; a civilización, tan escasa entre nós –“saltar de peixe a home foi un longo camiño que á humanidade lle levou millóns de anos”²³–; os curas, para ben ou para mal, e a relixión, o pecado, a culpa, a responsabilidade do protestante fronte á confesión do católico; as viaxes polos mundos adiante, a alimentar ese san relativismo da distancia, antídoto contra a antropoloxía de taberna; os caribes, os pícaros, “esa fronteira sutil que separa a delincuencia da simple golfaría”²⁴; a paixón, a lle poñer pedras no camiño ó home; a tecnoloxía, os trebellos; a soberbia dos infelices; o xogo, o pasatempo, o humor; os amigos, e deles as conversas, a memoria; a lingua galega, á que tanto ben lle fixo a súa columna diaria; a imaxinación, en constante litixio coa verdade, coas verdades dos que non soñan; a perplexidade ante o mundo, nai de tódolas preguntas, de tódolos asombros; a inocencia, o tesouro da nena Marilia, o desexo de espertar un día e ser quen de espreita-la herba do xardín na espera de que agrome un gato; os xuíces que dormen, os políticos que rouban, os homes que minten; o dogmatismo, a nugalla, os imperios e os ananos que gobernan países; e tamén os trens eléctricos, que de ser máis grandes terían levado a escoura toda do outro lado das palabras.

As máis das criaturas do seu imaxinario proveñen do Ourense mítico, da memoria infantil nas terras da Limia. Son, como dixo Federico Cocho²⁵, “o seu Macondo periodístico”. Mais tamén do Val Miñor, da ricaz vexetación de Vilariño, das tertulias en

Panxón ou Baiona, de Torrente e as cidades imaxinarias, dos personaxes estrafalarios, dos esquecidos da historia, dos habitantes das marxes. O val foi a derradeira residencia do escritor, como antes o fora a comarca do Morrazo ou o desterro basco. Pero non foi a xeografía unha das súas preocupacións, sabedor do moito que se parecen os homes entre si²⁶. Con humor, con fina ironía e palabra miúda, Casares achegounos sen estrondo ós mananciais profundos da existencia, amosando o resultado da combinación da súa poderosa vocación narradora²⁷ e da aprendizaxe que paseniñamente foi configurando unha arquitectura narrativa redonda, sen fisuras.

[II]


ORALIDADE E SINXELEZA: NOTAS PARA UNHA ÉTICA DO ESTILO

“A naturalidade na escritura é case sempre resultado dun esforzo, non da espontaneidade.”

“Á marxe” *La Voz de Galicia*, mércores 20 de xuño de 2001

No medio do moito falar que despertou o falecemento de Casares houbo quen lembrou, aínda con certo aceno de sorpresa, o rápido que aquel compoñía diariamente a súa colaboración para *La Voz de Galicia*. Desde o Val Miñor ou Noruega, na tranquilidade de Vilariño ou sobre a espuma do Sognetfjorden, retirábase de cotío á tardiña, un anaco, para voltar axiña unha vez combinadas as mil trescentas letras que enchían a fiestra de “Á marxe”. A anécdota podería levarnos a engano, conducirnos se cadra cara a unha lectura inxusta dos textos nidios, “alados coa gracia da palabra oral”²⁸ que despregou nos seus artigos. Cómpre, pola contra, entendela como parte dun proxecto literario²⁹, á súa vez alicerzado por un determinado posicionamento ético con respecto da existencia e do exercicio do oficio de escritor, quizais ese “modo de entender a vida” no que se declaraba debedor do mestre Piñeiro.


Sabedor de que non é materia deste



achegamento a filiación ideolóxica de Casares, resultame irresistible a tentación de interpretar certos movementos do seu devalar xornalístico como os distintos tempos no agromar do legado do que foi o seu iniciador no intelectual. Ramón Piñeiro, home consecuente coa responsabilidade –dun xeito que non debullarei aquí–, deixou unha fonda pegada entre os seus discípulos. Suso de Toro exprésao, co obrigado xesto elexiaco imposto pola morte de Carlos Casares, coas seguintes verbas:

“Carlos, además de ser un hombre, un artista, un personaje público, también era una estrategia histórica hecha carne. Para la literatura y la cultura gallegas como instituciones, Carlos Casares tuvo también una dimensión específica, y fue fundamental”³⁰

Máis alá ou máis acá do institucional, foi este senso da responsabilidade social para con Galicia e a lingua e literatura galegas unha



► Na rúa do Vilar (Santiago).

engrenaxe sobranceira no camiño percorrido pola súa escrita. Así, sen deixar á parte a obra narrativa, ese compromiso hase manifestar nunha aposta irredenta pola claridade, pola procura dun rexistro oral para o seu contar, isto é, pola “comunicación diáfana”³¹. E isto, penso, non só como unha marca de estilo, senón como un xeito de se achegar ó gran público galego coa intención de normalizar a presenza da súa lingua nas páxinas dos xornais e no cotián dos seus lectores.

Non hai ilusionismo sen truco

“...todo escritor é un manipulador, un fabricante de artificios, mesmo cando manexa

aquelas palabras que ten máis preto do corazón, como as que emprega para escribir o seu diario. Pero tamén as outras, as que utiliza nas súas memorias ou nas súas novelas. Non hai ilusionismo sen truco. O máis que se pode pedir, como nos ocorre cos magos, é que non se note.”³²

Estas verbas do propio Casares son suficientemente reveladoras. A aparencia sinxela, a natureza oral e coloquial da súa escrita –hai que pensar neste punto nunha obra en constante movemento– non son senón o resultado dunha arquitectura narrativa desenvolvida pacientemente desde a súa iniciación na literatura.

Da man da claridade vén esa teima en dotar ó seu discurso dunha aparencia coloquial. Por unha banda, e segundo o seu amigo e tamén afamado “contador de historias” Basilio Losada, este xesto demostra o seu compromiso co mundo rural, malia ser xa Casares “un urbanita”³³. Mais, pola outra, apunta novamente á mesma dirección: a procura dunha proximidade radical do lector, que faga pasar por verídicas e mesmo recentes no tempo as anécdotas que se contan, os personaxes que as protagonizan, os xuízos éticos que se invocan sen se facer explícitos. Moita xente que non aturaría máis de cinco minutos unha leria acerca da culpabilidade, accedía con gusto a se poñer diante dunha trifulca acontecida entre dous conductores, un paciente e o outro apaixonado, tras un accidente. ¿Que se xogan?: a culpa. Mais sen adoutramento ningún, e con sobrada tenrura, Casares consegue mediante ese artificio de realidade –que semella non ter sido xamais pensada– entrar sen esforzo no terreo do lector.

Probablemente o mellor porto ó que podía chegar “Á marxe”, tendo en conta a súa vocación oralizante, era o diálogo. A esta idea pertencen as continuas rectificacións en canto a nomes ou datos se refire, a continuidade que se dá entre as columnas sucesivas, ben por trataren do mesmo tema, ben por compartiren personaxes, ou ben por ser un vívido reflexo do cotián do escritor, como esas series que dan fe das distintas etapas nas súas viaxes ós países nórdicos ou ós Estados Unidos, por exemplo.

Mais tamén están aí as cartas que os lectores redactaban de cotío para suxerir unha parcela interesante da vida ou do saber, para pedir aclaracións ou, as menos das veces, para elevar algún reproche.

Trala súa morte case ninguén perdeu a oportunidade –desde calquera púlpito, no medio

de calquera debate– de lembrar a capacidade que como conversador tiña Carlos Casares. Dalgunha maneira, e mediante un novo artificio, a feliz conxunción entre a claridade, a palabra oral e o *modus operandi* do diálogo, converteu os seus artigos nunha sorte de tertulia pública, en absoluto improvisada, na que se trataba, á fin e coma en tódalas

- ¹ RIVAS, Manuel. "La educación sentimental de un periodista" en *El periodismo es un cuento*. Santillana. Madrid, 1997.
- ² A historia aparece citada en varias entrevistas. Entre elas, FREIXANES, Víctor. "Carlos Casares: los derechos del escritor", entrevista co autor de *Vento ferido en Doce gallegos*. Editorial Plaza & Janés. Barcelona, 1979. e BARRO, David na revista *IntersArte* nº 4, inverno de 1998. Editorial Galaxia.
- ³ CASARES, Carlos. "Os meus avós e a literatura" en *Un país de palabras*. Editorial Galaxia. Vigo, 1998.
- ⁴ Extraído do retrato que do escritor fixo o seu fillo nas páxinas de *La Voz de Galicia*.
- ⁵ LOSADA, Basilio. "Casares y la literatura oral" en *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.
- ⁶ Nas datas en que se escribe este traballo, o historiador Marcos Valcárcel prepara unha edición destes artigos coa colaboración do Concello de Ourense.
- ⁷ "Lembranzas dunha muller fea", artigo publicado na súa columna "Á marxe" de *La Voz de Galicia* o día 23 de abril de 2001.
- ⁸ LOURENZO, Manuel. "Romerías ás covas do Demo". Editorial Pico Sacro. Santiago de Compostela, 1975.
- ⁹ Verbo da aparición do libro "O aforro en Galicia" de Ramón Barral Andrade, prologado por Xosé Manuel Beiras. Editorial Sept. Santiago de Compostela, 1975.
- ¹⁰ Na recensión de "A terra prometida" de Xesús Rábade Paredes. Akal. Madrid, 1975.
- ¹¹ No comentario de "Poesía galega. Dos devanceiros ao dezaquito" de Xosé Landeira Yrago. Galaxia. Vigo, 1975. Artigo publicado como "A ledicia de ler" en *La Voz de Galicia* o 21 de setembro de 1975.
- ¹² VICENTE VIQUEIRA, Xohán. "Ensaio e poesías". Editorial Galaxia. Vigo, 1974.
- ¹³ Sobre a cuestión lusista, ver "Carlos Casares. Palabra de escritor", entrevista de Belén Fortes para *Tempos Novos*, xaneiro de 2002.
- ¹⁴ "A ledicia de ler". *La Voz de Galicia*, 5 de xaneiro de 1975.
- ¹⁵ CASTELAO, Alfonso D. Rodríguez. "Nós". Ediciones Júcar. Madrid, 1974. Leva un prólogo bilingüe de Xesús Alonso Montero e textos castelán, catalán e euskera de Buero Vallejo, Ricard Salvat e Gabriel Aresti respectivamente.
- ¹⁶ "A ledicia de ler". *La Voz de Galicia*, 5 de xaneiro de 1975.
- ¹⁷ POUILLAIN, Claude Henri. "Rosalia Castro de Murguía y su obra literaria" Editora Nacional. Madrid, 1974. O comentario a esta publicación apareceu na sección "A ledicia de ler", en *La Voz de Galicia*, o 17 de agosto de 1975.
- ¹⁸ Sen esquecer tampouco a figuras secundarias como pode ser o arquitecto Rafael González Villar.
- ¹⁹ CASARES, Carlos. "Tantos soños rotos", artigo publicado na sección "Á marxe", en *La Voz de Galicia*, o 14 de xuño de 1992.
- ²⁰ DE TORO, Suso. "Sin sobre tras Carlos Casares" en *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.
- ²¹ "A dignidade humana", publicado na sección "Á marxe" de *La Voz de Galicia* o 8 de febreiro de 2002.
- ²² "As claridades da cabeza", sección "Á marxe" de *La Voz de Galicia*, 2 de xaneiro de 1996.
- ²³ "Un sonido de natureza indefinida", sección "Á marxe" de *La Voz de Galicia*, 16 de maio de 1988.
- ²⁴ "Dous homes", *La Voz de Galicia*, sección "Á marxe", domingo 6 de xaneiro de 2002.
- ²⁵ COCHO, Federico. "Xinzo, o seu Macondo periodístico". *La Voz de Galicia*, 10 de marzo de 2002.
- ²⁶ "Lección de antropoloxía", na sección "Á marxe" de *La Voz de Galicia* o 30 de abril de 1988.
- ²⁷ "Eu teño desde sempre unha visión narrativa da vida. En realidade, gústame conta-lo mundo máis que pensar nel. Se me piden que fale de algo, que dea unha opinión ou exprese unha idea, dunha maneira espontánea pónome a contar. O final, sen pretendelo e quitándolle á palabra calquera contido didáctico ou moral, acabo facendo unha parábola". Extracto dunha entrevista concedida a Ana María Platas, en *Revista Galega do Ensino* (1998).
- ²⁸ CARRO, Xavier, nun comentario sobre as columnas de Casares en *La Voz de Galicia*, citado en VALCÁRCCEL, Marcos "Un contador de historias". *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.
- ²⁹ "Y es que, en efecto, la lectura de Ilustrísima resulta de una enorme –deliberada– sencillez y linealidad, reflejo de un proyecto narrativo expuesto a modo de autopoética en el discurso del protagonista." GASPAS, Silvia. "El universo narrativo de Carlos Casares o retrato del mundo tras un cristal" en *Quimera* nº 217, xuño de 2002.
- ³⁰ DE TORO, Suso. "Sin sobre tras Carlos Casares" en *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.
- ³¹ "[...] una sola premisa estética –la comunicación diáfana–." GASPAS, Silvia en "El universo narrativo de Carlos Casares o retrato del mundo tras un cristal", artigo publicado na revista *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.
- ³² CASARES, Carlos. "O día que me regalaron a Miguel Torga" en *Un país de palabras*. Galaxia. Vigo, 1998.
- ³³ LOSASA, Basilio. "Casares y la literatura oral" en *Quimera*, nº 217 de xuño de 2002.

a OBRA INFANTIL de Carlos Casares

Carlos Casares pertence a unha xeración (a da Nova Narrativa Galega) da que, sen lugar a dúbidas, se pode dicir que abriu as portas da literatura infantil e xuvenil galega. Os textos de Casares (*A galiña azul*, 1968), pero tamén os de Xohana Torres (*Polo mar van as sardiñas*, 1967), os de Manuel María (*Os soños na gaiola*, 1968), os de Bernardino Graña (*O león e paxaro rebelde*, 1969) e, incorporados xa moito máis serodiamente tamén os de X.L. Méndez Ferrín (*Arnoia Arnoia*, 1987) e os de María Xosé Queizán (*O segredo da Pedra Figueira*, 1989), son hoxe non só clásicos da nosa LIX senón, sobre todo, auténticos textos fundacionais. O crítico Miguel Vázquez Freire así o reconece implicitamente con respecto a Carlos Casares cando titula un traballo da súa autoría sobre a literatura infantil galega *De A galiña azul a Matapitos.com*¹. Aínda que existía o antecedente de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, libro editado en 1961² (que inicialmente, segundo o autor, non foi creado para o público infantil pero que pertence á literatura infantil por apropiación), seguramente a responsabilidade da motivación que os membros desta xeración sentiron ante a necesidade de crear unha literatura infantil galega foron, posiblemente, das coleccións que a editorial Galaxia abriu uns anos antes, publicando traducións de libros de literatura infantil en coedición coa catalana La Galera, para as que a propia Xohana Torres traduciu varios títulos a partir de 1966. Autores como Elisa Vives de Fàbregas, Francisco Candel ou Eulalia Valeri formaban a nómina dos traducidos. En 1972, o propio Casares incorpórase a este labor coa tradución ao galego dun dos máis universais libros da literatura infantil: *O Principiño*, de Saint Exupéry.

Carlos Casares, para quen, segundo as súas propias declaracións, a literatura infantil sempre tivo un atractivo especial, non só foi un dos primeiros autores en publicar un libro destinado aos lectores miúdos senón que, ademais, resultou gañador do primeiro certame orientado a premiar este tipo de libros que se instaurou en Galicia, o Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho. A súa escrita dedicada aos lectores e lectoras máis novos destaca, segundo Xulio Cobas Brenlla³, por unha

“mestura moderada de fantasía e realismo, pola súa sobriedade e polo seu acabado literario”.

[O PRIMEIRO TEXTO INFANTIL DE CASARES]

A obra infantil de Casares está composta por dez títulos, dos cales cinco pertencen á serie *Toribio*, o que o converte nun autor de peso (fundacional, sobre todo) na literatura infantil e xuvenil galega. Sen embargo, curiosamente, a maior parte dos manuais que falan da súa obra, os libros de textos e mesmo os estudos monográficos ou ben nin sequera citan ningún destes dez títulos ou ben simplemente son citados e despachados sen máis consideración. Desde estas liñas preténdese revalorizar a obra infantil de Casares e, por extensión, chamar a atención sobre o descoñecida que resulta a nosa propia LIX para os estudos académicos e de investigación.

O seu primeiro libro infantil, *A galiña azul*, apareceu en 1968 nunha colección acabada de crear por Galaxia logo de que resultase gañador do xa nomeado premio que estreaba ese ano a súa primeira edición. O libro editouse coas ilustración de catro nenos: Trichi, Ilda, Mima e Alberto García Alonso. Posteriormente *A galiña azul* coñeceu sucesivas edicións nas coleccións Tartaruga (en 1988), con ilustracións de García Alonso; e *Árbore* (en 1991, Serie Laranxa), con ilustracións de Xan López Domínguez.

A galiña azul é un libro fermosísimo, sinxelo, profundamente humano, divertido, e ateigado de tenrura. Está escrito en forma de carta, a carta que un rapaz dunha vila galega (próxima a Allariz) lle dirixe a unha nena, Ana, que marchou da vila cando era unha cativa e agora reside en Santander. O relato está escrito, loxicamente, en primeira persoa, cunha constante invocación a unha segunda persoa, que é a nena. Na carta, estruturada en cinco capítulos que chegan a funcionar como relatos independentes, o narrador dálle conta á destinataria de pequenas anécdotas e acontecementos sucedidos na vila nos últimos tempos (sobre os nenos, sobre o garda, sobre o tolo, sobre os veciños, sobre a galiña azul, sobre as formigas, etc.). A pesar do seu fragmentarismo (a carta está dividida nos



capítulos “Querida Ana”, “O peixe da fonte do xardín”, “A bomba da felicidade”, “A Galiña azul”, “A formiga esquiadora” e “O final da historia da galiña azul”), a cohesión do libro vén dada pola forma epistolar e pola aparición dunha serie de personaxes comúns a varios dos capítulos: Ana, o garda, Leoncio, Lorenzo, a galiña azul e o alcalde Manolito Listón. O escritor e investigador Agustín Fernández Paz⁴ sinala tamén o espazo físico onde o libro se desenvolve como elemento de cohesión.

Un dos personaxes do libro, pola súa carga simbólica, pode ser especialmente significativo para a obra infantil do autor: Leoncio, o entrañable tolo da vila, con manías de electricista, inventa un idioma para falar cos paxaros e as formigas que se chama papapío. Non é descartable que detrás deste personaxe estea a paixón que Casares sentía por Xan da Coba⁵, un delirante personaxe ourensán que tamén era inventor. O gusto de Casares polos inventos volve aparecer na serie de Toribio. Leoncio é ademais protagonista do capítulo máis fermoso de todo o libro, que é “O peixe da fonte do xardín”.

En *A galiña azul*, Casares somete o cotián dunha vila galega á maxia entenecedora e terapéutica da súa fantasía, unha fantasía que non está exenta de crítica social, pois a galiña azul simboliza, realmente, o dereito á diferenza e á liberdade (ao contrario das demais galiñas, ela pon ovos de cores e non di cacaracá senón cacaracó) e o que sucede con ela na trama do libro remítenos inequivocamente a valores coma

a solidariedade. Non podemos esquecer que no marco temporal en que este libro foi escrito (1968), a galiña constitúe unha sutil parábola contra o autoritarismo e, por extensión, contra os usos da dictadura franquista.

Tense afirmado que o libro apareceu a contracorrente das tendencias dominantes na época (Fernández Paz, 1989), que é unha afirmación válida, sobre todo, en relación coa literatura infantil e xuvenil española, pois na década dos 60 aínda malamente se pode falar da existencia dunha literatura infantil galega, polo que parece oportuna a referencia ao marco espacial que realiza Xosé Neira Cruz⁶: “*A galiña azul* supuxo unha achega chea de novidade e rompedora dentro do panorama máis ben anódino que a literatura infantil presentaba naqueles finais dos anos sesenta no contexto español.”

En toda esa década publícanse arredor de 7 ou 8 títulos (cifra que aumenta entre os 25 e 35 na década dos 70)⁷. Debemos facer a mesma interpretación de contexto coas palabras da investigadora Ana Blanca Roig-Rechou⁸ cando afirma que *A galiña azul* é “unha obra innovadora para o momento por iniciar un novo modo de ver a realidade en conexión coa fantasía, pero que non puido escapar tampouco á tendencia (de marcado ton social) do momento, aínda que as notas dominantes nela sexan o humor, a tenrura e a fantasía”.

Agustín Fernández Paz, incidindo tamén nesa liña, sinala que Carlos Casares “non se puido sustraer de todo a esa tendencia” (referíndose ao social-realismo), e “plantexou o libro a contracorrente, de maneira que só se pode atopar unha certa “mensaxe” nos dous contos que dan título ao libro, e para iso tinguída con boas doses de humor e sen caer nunca no didactismo.” Con todo, tampouco debemos entendelo como unha incapacidade para subtraerse a esa tendencia, senón máis ben como que a vontade do autor era, con probabilidade, a de permanecer nunha certa liña de denuncia social que, seguramente, consideraba necesaria.

En todo caso, o importante, como sinala tamén Neira Cruz (2002) é que Casares pretendía “abrir fiestras a unha literatura de

calidade que tamén podía ser gozada polos lectores máis novos”.

[AS LARANXAS...]

O segundo libro infantil do autor de Xinzo da Limia, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), significa un novo acerto de Casares dentro da literatura infantil, abordando un xénero practicamente inexistente (o teatro) e deixando, pasados os anos, a confirmación dun novo referente clásico co que o autor, ademais, conseguiu volver a ser galardoado no primeiro certame que se convocou axeitado a textos desas características, o que, por outra banda, pon de relevo a importancia histórica e contextual dos premios como estimulantes para a creación. A aposta do autor por mergullarse nun xénero tan pouco frecuentado como o do teatro infantil sitúa a Carlos Casares no comezo do desenvolvemento do teatro infantil en galego⁹.

A liña do elemento fantástico de *A galiña azul* atopará continuación nesta obra infantil de Casares, que mestura a fantasía disparatada co absurdo nunha obra teatral para nenos que se fixo moi popular logo de gañar o Concurso de Textos Teatrais O Facho 1973. Pero aquí a fantasía perde relevancia ante o absurdo ou, mellor dito, ponse a súa disposición. Casares herda neste texto infantil o espírito do Teatro do Absurdo que se desenvolveu na Europa dos 50 e dos 60, encabezado por Samuel Beckett, e que se situaba nun plano de rexeitamento do teatro realista, desmontando as estruturas da linguaxe, da lóxica e da conciencia convencionais.

A obra estreoua o Grupo Teatral *O Facho* o 27 de maio de 1973 en Ribadavia, na clausura da I Mostra de Teatro Galego, promovida e organizada pola Agrupación Cultural Abrente. A súa edición en papel está maxistralmente ilustrada por Luís Seoane, que caracterizou o espacio e mais os personaxes a través do seu trazo. Para Miguel Vázquez Freire¹⁰ as ilustracións deste libro son exemplo dun “estilo nacional galego”, xa que Seoane salientaba que as referencias do universo plástico dun artista galego tiñan que ser procuradas nas formas celtas, no románico, no barroco, no atlantismo.



Estas ilustración, segundo Vázquez Freire, son tamén un exemplo de que Seoane non consideraba a ilustración infantil como unha arte menor, senón que a afronta cunha esixencia non máis pequena da que se pediría no campo da pintura ou do deseño.

A obra comeza cunha grande dose de comicidade xa na descrición inicial que o autor fai do escenario e dos personaxes, o que nos conecta directamente coa reivindicación que o Teatro do Absurdo facía de cómicos como Charles Chaplin, os irmáns Marx, etc. Segundo Agustín Fernández Paz¹¹ “o ritmo lembra algunhas das máis delirantes películas de cine mudo americano, xa que empeza cunha certa orde e pouco a pouco vaise desmadrando ata chegar ao rebumbio final”. Logo, a acción, que se desenvolve nunha horta diante dunha casa de planta baixa con personaxes de extracción social humilde, faise disparatada, e o disparate increméntase a medida que a trama avanza. Pero resulta moi áxil, cun ritmo vertixinoso que nos introduce velozmente nas divertidas e escuras entrañas do absurdo. A incontinente comicidade do absurdo e do ridículo estoupa de forma espectacular, creando situacións desbordantes que son o auténtico motor da obra.

En canto ás acoutacións do autor, son moi puntuais (e realízanse de forma rápida para indicar, xeralmente, os movementos dos personaxes e as súas emocións) e os diálogos “son dunha grande axilidade e eficacia, con

abundantes notas de humor. Trátase dun texto que ademais dos valores literarios contén valiosas propostas teatrais, con recursos de eficacia ben probada e a inevitable troula final, de carácter coral”.¹²

Os personaxes da obra son Elías, Anxa, o can Paulino, a galiña Petra, unha laranxa, un ovo, o Veciño da Escopeta, o Veciño Gordo, a Veciña Desdentada, a Veciña Sabida e o Veciño Torto. A trama desenvólvese a partir da aparición de cinco estrañas e enormes laranxas no limoeiro, unha das cales estoupa, que provocan que os veciños do lugar acudan á horta e comecen sucesos tan disparatados como que a galiña ría e poña ovos xigantes, os zapatos voen, etc. Finalmente, cómpre sinalar que na actitude “violenta” do Veciño da Escopeta, que provoca a censura de todos os outros personaxes cara a el e cara á súa arma, pódese ler unha mensaxe en favor da paz, pois acaba caracterizado como o personaxe máis autoritario, caprichoso e antipático.

O seguinte libro infantil de Casares, *O can Rin e o lobo Crispín* (1983) viu a luz na colección A Chalupa, de Galaxia, e na actualidade é o seu único libro infantil que non foi reeditado. As discretas ilustracións do libro son de Pedro de Llano. O libro coñeceu traducións ao castelán, catalán, vasco e bretón.

O can Rin e o lobo Crispín é unha historia narrada en terceira persoa e que ten como protagonistas, principalmente, a animais, un can e un lobo, o primeiro é o personaxe principal, aínda que aparecen tamén seres humanos como Palmira de Ignacio e, sobre todo,



médico de Amoeiro. O libro está fortemente enraizado na tradición oral galega, que remite a Fole ou a Cunqueiro e reforza esa vocación comezando coa fórmula clásica da oralidade dos contos populares e infantís: “Unha vez era”. A narración bota man do diálogo, que se produce primeiro entre o can Rin e mais o médico e logo entre o can Rin e mais o lobo Crispín. O libro está escrito con bo ritmo narrativo e mantén ao lector na intriga de saber de que xeito o can vai ser quen de vencer o lobo, aínda que finalmente a fórmula resulte excesivamente inxenua.

O personaxe Rin é un can valente e listo que sabe sumar, recita poemas en portugués e saúda en cinco idiomas diferentes. Tamén sabe rezar e foi can pastor, guiando ovellas. A historia do libro orixínase un día cando enfermou unha veciña: o can foi buscar ao médico de Amoeiro. Ao chegar onda el, o médico non quería ir porque era noite e metíalle medo a tronada e o lobo Crispín. O can é quen de convencelo para que o acompañe e, cando van de camiño, aparéceselles o temido lobo. Pero o can non só consegue vencelo senón tamén dobregalo diante de toda a aldea.

[OS TORIBIOS]

Coa serie de *Toribio* Carlos Casares pon novamente o dedo na chaga noutra das carencias da literatura infantil e xuvenil galega: a ausencia de series de escenarios e personaxes reiterados. O primeiro título que publicou é de 1991 (*Este é Toribio*) e nese mesmo ano dá á luz unha nova historia: *Toribio contra o profesor Smith*. A serie continúa a bo ritmo ao ano seguinte, en que se publica *Toribio ten unha idea*, pero logo hai que esperar ata 1994 para que os lectores poidan atopar a continuidade noutras dúas (e últimas) entregas: *Toribio e o contador de contos* e *Toribio revoluciona o tráfico*. Dado o divertida que a serie resulta e a súa calidade literaria, é unha pena que o seu autor non a tivese continuado aportando máis títulos a partir de 1994. Curiosamente, os finais dos diferentes títulos da serie raramente son rotundos, pois supónselles continuidade noutras entregas e case que todos esixen continuidade, moi especialmente o derradeiro, *Toribio revoluciona o tráfico*.

A colección que acolle a serie, ilustrada toda ela por Penélope Ares, é Árbore, baixo a asignación de idade de Primeiros Lectores. Toribio, o protagonista, é un neno de 8 anos que é inventor de múltiples cousas (lembramos a Leoncio e a Xan da Coba) e vive enfrontado ao temible profesor Smith. Excepto o primeiro volume da serie, *Este é Toribio*, que practicamente se limita a presentar os personaxes (Toribio, a súa nai, pai, amiga Sara, as súas cousas, o seu cuarto, etc), os diferentes títulos dan conta dos enfrontamentos entre Toribio e o profesor Smith, que coa súa maldade pretende utilizar os inventos no seu propio beneficio ou, simplemente, facer o mal. Para combatelo, Toribio (e mais a súa amiga Sara) conta coa complicidade do profesor Papafigovich de Moscú e co profesor Pardau de Lisboa e comunícase con eles a través da Ra dos Recados.

A través dunha linguaxe sinxela, que emprega divertidos tecnicismos para definir os inventos, dun humor desbordante e dunha exuberante imaxinación, as tramas, as situacións, os personaxes e os propios inventos están pensados para facer rir aos rapaces e rapazas: O Telebrazo Global Laserizado, a Pantalla Universal Chismorrosa, O Contador de Contos con Efecto Retardado, o Lingú (Lingua Autónoma Universal Dixitalizada), o Lápis das Cousas Imposibles, a Goma de Borrax Disparates, o Telepuño Universal Articulado ou o Altavoz Direccional Ultrasónico son algúns deses simpáticos inventos.

As ilustracións do libro, ademais, cadran perfectamente co delirante humor do texto e conectan moi ben co seu espírito.

O volume cuarto, *Toribio e o contador de contos* é, sen dúbida, o mellor da serie, e configúrase como unha exhibición de orixinalidade, calidade literaria e boa imaxinación. No terceiro volume, *Toribio ten unha idea*, alúdese ao título do quinto, *Toribio revoluciona o tráfico*, que comeza, este último, lembrando a súa orixe naquel.

Os cinco libros da serie merecerían, sen dúbida, a súa reedición singularizada en formato álbum e nunha colección propia.



[de Lolo ao polbo xigante]

Lolo anda en bicicleta (1996) publicouse na colección Bambán, que Galaxia coedita con Bromera, Elkar, La Galera, Llibros del Peixe e Tándem, na serie de idade de “a partir de 6 anos”. En consecuencia, o libro foi traducido ao asturiano, vasco, catalán, castelán e valenciano. Está ilustrado por Manuel Uhía, que foi galardoado en 1997 co Premio Rañolas ao mellor libro ilustrado do ano, sen dúbida pola gran viveza das súas ilustracións. O texto vai situado sempre na páxina par e a ilustración na páxina par (invadindo, ás veces, a impar). A utilización da terceira persoa e a simplicidade da lingua empregada converte o texto en axeitado para os lectores máis cativos, cun formato e deseño que se aproximan aos do álbum.

En *Lolo anda en bicicleta* Casares afástase da liña de tradición oral que mantivera en *O can Rin e o lobo Crispín* e que recupera en *Un polbo xigante*. O protagonista da historia volve ser un neno, nunha obra infantil, a de Carlos Casares, onde os protagonistas pertencen maioritariamente ao sexo masculino.

Este é un conto sobre o acontecer cotiá dun neno que desexa ser un campión no manexo da bicicleta, cousa que consegue facer agachándose



dos seus pais. Aquí o ton humorístico da narración sube, facéndose máis evidente debido á súa extracción da vida diaria. O argumento é circular, na medida en que acaba exactamente igual que comeza (aínda que de xeito moito máis positivo): o neno está a preparar el só o almorzo para os seus pais.

En resume, *Lolo Anda en bicicleta* constitúe unha reivindicación da liberdade e da felicidade dos nenos.

Con *Un polbo xigante* (2000) Carlos Casares abandona o terreo dos lectores máis novos para

dirixirse aos nenos e nenas de máis idade ou adolescentes. Ilustrado por Enjamio, *Un polbo xigante* está publicado nun volume singular, fóra de colección, que carece, intencionadamente, de asignación por idade. Seguramente é así polo amplo abano que constitúen os seus posibles destinatarios. Aínda que a narración ten certa complexidade para os lectores e lectoras novos, posiblemente o autor quixo que fose editado con esa polivalencia de poder abrazar a literatura infantil e xuvenil e facerlle chiscas á dos adultos.

A historia está contada en primeira persoa, desde o punto de vista dun neno (aínda que ao final o lector descobre que é un adulto quen narra, lembrando a súa infancia), partindo e aproveitando os usos, recursos e fórmulas da nosa máis rica tradición oral. *Un polbo xigante* é unha magnífica obra de madurez, un libro onde a seguridade da palabra e o dominio do estilo, do rexistro e da narración marcan as pautas da lectura.

No libro, botando man dun poderoso xogo de realidades e aparencias, cóntase a historia dun neno que ve como un polbo xigante afoga a Nicolás, o criado do seu pai, que desaparece no mar cando estaba con el a pescar. Inicialmente, o rapaz parece debaterse entre o racionalismo do seu pai, que nega a existencia de tales animais, e as crenzas, asumidas con devoción, da criada Delfina.

De ambiente marítimo, con topónimos ben evocadores (Bueu, A Illa, Cabo Udra, a Praia dos Ingleses, etc), Carlos Casares recrea aquí enigmáticas e misteriosas historias do mar, a medio camiño entre a realidade, a crenza, o mito e a lenda, abordando temas como a infancia, a vida ou a morte, e conseguindo que o mar, omnipresente (auténtico protagonista do libro), se lle introduza ao lector ata a última liña das entrañas, con todo o seu sabor salitroso. ■

¹ Vázquez Freire, Miguel (2001), "Da galiña azul á meiga Matapitos: para unha mitoloxía e unha iconografía da literatura infantil galega", en *Congreso literatura galega e do norte de Portugal*, páxinas 93-103: Xunta de Galicia.

² *Memorias dun neno labrego* foi inicialmente editado en 1961 en Bos Aires e reeditado en Galicia por Edicións do Castro en 1963.

³ Cobas Brenlla, Xulio, (1989): *Autores galegos de literatura infantil*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

⁴ Fernández Paz, Agustín (1989), *28 libros da literatura infantil galega*: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

⁵ Ao respecto pódese consultar a entrevista a Carlos Casares feita por Fran Alonso: "Xan da Coba é unha especie de símbolo do disparate", publicada no *Diario 16 de Galicia*, 21/03/1992.

⁶ Neira Cruz, Xosé A. (2002), "Cando o principio aprendeu a falar en galego", revista *Fadamorgana*, número 8, primavera: Santiago de Compostela.

⁷ Tomouse como base para o cómputo o catálogo virtual "841 títulos da literatura galega infantil-xuvenil" de BLIX (Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil): <http://www.felix.org/libros.html>

⁸ Roig-Rechou, Blanca Ana (1995), "A literatura infantil", en *Colóquio / Letras*, monográfico A literatura galega, número 137/ 138, páx. 216-220, Lisboa.

⁹ Op. Cit. Neira Cruz, Xosé A. (2002).

¹⁰ Vázquez Freire, Miguel (2002), "Ilustración na literatura infantil", en *Diálogos na Casa de Rosalía*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela.

¹¹ Op. Cit. Fernández Paz, Agustín (1989).

¹² Op. Cit. Fernández Paz, Agustín (1989).

a OUTRA OBRA de Casares


Neste capítulo poderíamos falar do Casares biógrafo, porque efectivamente moitas destas obras son biografías, algunhas feitas por encargo, outras necesarias para o país para cubrir ocos existentes nese momento sobre personaxes fundamentais da nosa cultura, e outras “inevitables” pola relevancia e influencia persoal, como pode ser a de Ramón Piñeiro. Pero, como veremos, hai máis.

Comezamos esta visión cos libros que Casares escribiu sobre Curros Enríquez (1980), Vicente Risco (1981) e Otero Pedrayo (1981) e publicados pola editorial Galaxia na súa colección “Conciencia de Galicia”. Nos dous primeiros casos (Curros e Risco) Casares aborda a vida destes autores seguida dunha escolma da súa obra; e no caso de Don Ramón trátase dunha biografía que mereceu o “I Premio Ramón Otero Pedrayo” convocado polas Deputacións de Galicia en 1977.

Dentro das “Publicacións da Real Academia Galega”, e con motivo da homenaxe tributada aos autores polo Día das Letras Galegas, aparecen os libros referentes a:

Francisca Herrera Garrido (1987) (Vida e obra e escolma de textos).

Ramón Otero Pedrayo (1988) (Vida e obra e escolma de textos).



Fermín Bouza-Brey (1992) (Limiar e escolma de textos).

Ánxel Fole (1997) (escolma de textos acompañada dunha semblanza de Ánxel Fole).



En 1992 Diario 16 de Galicia publica na súa “Biblioteca de Autores Galegos” *Vida, obra e milagres de Xan da Coba*, de Xesús Alonso Montero e Carlos Casares. Neste libro, nunha 1ª parte Alonso Montero e Casares trazan dous “retratos” literarios de Xan da Coba; nunha 2ª parte inclúense textos deste escritor trilingüe (castelán, galego e trampitán, idioma por el inventado); e por último aparece unha selección de textos varios sobre este curioso personaxe.

Anos máis tarde (2000) aparece en Galaxia a *Biografía de Don Juan de la Coba* na súa colección “Os minilibros de Galaxia”. Na dedicatoria do libro Casares escribe: “A Gonzalo Torrente Ballester, que durante anos me pediu que escribise a biografía de don Juan de la Coba”.

Resultado de máis de sete horas de conversa comendo bo xamón e bebendo bo viño, como di Casares no limiar, sae en 1984 na editorial Galaxia *Conversas con Ánxel Fole*, un atractivo libriño con profusión de fotos do autor de *Á lus do candil*.



E en 1996, tamén Galaxia, na súa colección “Árbore. Letras Galegas”, publica *A vida de Ánxel Fole*, escrito cunha linguaxe clara e accesible e que pretende ser unha amena síntese que facilite aos lectores unha visión global e ao mesmo tempo chea de pequenos detalles da vida de Fole.


Editada por Caixavigo, aparece en 1995 a *Guía da provincia de Pontevedra*, con fotografías do propio autor e de Víctor Vaqueiro. Nesta guía, por orde alfabética, faise un percorrido por todos os concellos da provincia, abordando, logo dunha breve introducción sobre a situación e composición parroquial, a historia, os monumentos, as excursións, as festas e os lugares máis interesantes “para comer”. Aquí Casares non esquece o seu Eladio: “con excelentes vistas ó mar, hai bos peixes e mariscos”.


Ramón Piñeiro tiña que figurar forzosamente como protagonista dalgúns dos libros de Casares. En 1991 recibiu o Premio Literario Ánxel Fole polo seu ensaio “Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia” e coordinou no mesmo ano “Homenaxe a Ramón Piñeiro” (ambas obras foron editadas pola Fundación Caixa Galicia).

Lembranza de Ramón Piñeiro, editado pola Xunta de Galicia e o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, consiste en catro discursos lidos o 25 de marzo de 1994 con motivo da inauguración do mencionado Centro. Casares é o autor do discurso “Ramón Piñeiro na memoria”, onde lembra o primeiro encontro con Ramón Piñeiro e como posteriormente se foi xestando a escrita de *Da miña acordanza. Memorias*, o libro das memorias de Ramón Piñeiro que non saíra á luz ata o ano 2002, publicado pola editorial Galaxia e a Fundación Caixa Galicia, libro que, agás as primeiras páxinas escritas polo propio Piñeiro, foi preparado por Casares a partir das moitas horas de conversa co seu mestre e amigo.

En 1996, editado pola Xunta de Galicia, aparece unha biografía de a penas 70 páxinas titulada simplemente *Ramón Piñeiro*.

Un país de palabras (Galaxia, 1998) son 15 interesantes ensaios que o autor dedica ao seu amigo Manuel Rodríguez Álvarez, “polas moitas horas de conversa que pasamos xuntos, desde que eramos uns rapaces, e que me axudaron a entender tantas cousas”. É este un libro que se afasta radicalmente dos seus compañeiros neste capítulo e que merecería un tratamento exclusivo. Paga a pena salientar aquí algúns destes ensaios, ou cando menos, os títulos (e sirva de convite a quen queira manter unha conversa con Carlos, pois iso vén sendo este libro, o xenuíno Casares a manter unha tertulia





con nós): “O amigo que inventou unha cidade” (Torrente Ballester), “Unha cidade que é como unha novela” (Santiago de Compostela), “Se Cunqueiro fose Eurípides”, “Escritores no inferno e no purgatorio”, “A tertulia de Vicente Risco”, “As memorias que Ramón Piñeiro non escribiu”, “Os meus avós e a literatura” (onde escribe unha interesante autopoética), “A maquillaxe dun bispo” (a propósito de *Ilustrísima*), “Un inventor de paisaxes” (sobre a visión da xeografía e a paisaxe do país de Otero Pedrayo), “Un país de Guinness”, “O caldo, explicado para alemáns”...

Hemingway en Galicia (Galaxia, 1999) é, en palabras do propio Casares, “a crónica dunha experiencia persoal, o relato de cómo despois de moitos anos, cando nos meus tempos de estudante descubrín por primeira vez as frecuentes referencias que o novelista norteamericano facía a este país, cheguei a aclarar o misterio que se escondía detrás daquelas alusións”.

A vida do Padre Sarmiento (Galaxia, 2001) é a contribución de Casares no ano dedicado con motivo das Letras Galegas ao ilustrado freire bieito.

Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo é editado pola Xunta de Galicia en 2002, de maneira póstuma para ambos os dous amigos

e contertulios. Consta de dous textos de Casares, “O escritor, o amigo” (conferencia pronunciada no Colexio de España de París o 7 de decembro de 2000) e “O amigo que inventou unha cidade” (publicado en *Un país de palabras*), un interesante álbum de fotos e un DVD sobre Torrente Ballester.

Por último, a editorial Ir Indo publica en 1990 *Ourense de auga e pedra*, un fermoso e luxoso libro no que Casares pon o texto e Manuel Sendón as fotos. Casares, en sucesivos capítulos, vai facendo repaso do Ourense dos escritores, dos personaxes curiosos, os xogos, as tertulias, unha cidade na literatura, o berce do galeguismo... Así mesmo, entre as fotos sucédense citas de Afonso X, Manuel Murguía, E. Blanco Amor, L. Cuevillas, V. Lamas Carvajal, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Saco y Arce, Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Curros Enríquez e Méndez Ferrín.

Concluindo esta breve ollada sobre a outra obra de Casares, e a maneira de epílogo, cando se cumpre un ano da súa desaparición física a súa falta faise máis dolorosa e insubstituíble, a súa figura axigántase, a súa pegada faise máis fonda en nós. Faise evidente, daquela, a sentencia do seu amigo Gonzalo, traída ao noso corazón por ese outro amigo, Miguel Viqueira, unhas páxinas atrás: “Ninguén morre de veras ata que é esquecido”. ■



Carlos Casares e a TRADUCCIÓN LITERARIA ó galego

O labor de tradutor de Carlos Casares é unha das moitas caras da súa poliédrica relación coa literatura. Se ben pode semellar, cuantitativamente falando, unha faceta relativamente menor, de ningún xeito debemos considerala marxinal ou anecdótica, pois garda estricta relación de coherencia co conxunto da súa obra. A través das traducións podemos achegarnos ó coñecemento da personalidade creadora de Carlos Casares, ós seus gustos estéticos, ás súas preferencias estilísticas e á súa concepción do galego literario.

Non se trata tampouco dunha actividade esporádica ou ocasional. Entre outras razóns, porque na súa actividade tradutora debemos considerar o extenso conxunto das versións castelás dos seus propios libros. Aínda obviando esa dimensión de tradutor do galego ó castelán, podemos afirmar que Carlos Casares exerceu de tradutor de maneira secundaria pero continuada ó longo de toda a súa vida profesional, e como tradutor ó galego polo menos desde os anos estudiantís en Compostela, cando verqueu na nosa lingua letras de cancións contestatarias do momento. Data desa época, por exemplo, unha tradución do catalán: as versións das cancións de Raimon, realizadas por Casares en colaboración con Salvador García-Bodaño e distribuídas en copias ciclostiladas entre os entusiastas asistentes dun célebre recital que deu o cantante valenciano no Santiago das revoltas universitarias de finais da década de 1960.

Os títulos máis salientables de obra de Carlos Casares como tradutor literario son *O principião* (Galaxia, 1972), *Os escaravellos voan á tardiña* (SM, 1989) e *O vello e o mar* (Galaxia, 1998).

A publicación en 1972 da versión galega da narración de Antoine de Saint-Exupéry *Le petit prince* constitúe un dos fitos senlleiros da historia da tradución en Galicia. *O principião* anticipa e inaugura, con case unha década de antelación, o intenso labor editorial que nos anos oitenta, xa ó abeiro do novo marco político e da incorporación do galego ó ensino,

promoverá numerosas traducións á nosa lingua de clásicos da literatura infantil e xuvenil.

A viñeta editorial da colección Árbore, da editorial Galaxia, onde o libro coñeceu sucesivas edicións na década de 1990, resume así o seu contido: “*O principião* é unha obra mestra da literatura universal. Trata da historia dun neno, príncipe nun planeta sen xente, que un día abandona o seu reino desenganado dunha flor da cal está namorado. Na viaxe que emprende por distintos planetas coñece sucesivamente un rei, un vaidoso, un bebedor, un home de negocios, un faroleiro e un xeógrafo. Finalmente chega á terra, onde atopa unha flor, un raposo, un gardaagullas, un comerciante e un aviador caído no deserto que trata de arranxar a avaría do motor do seu avión. O home e o neno falan e fanse amigos, pero o pequeno quere volver ó seu planeta, onde está a súa flor, e déixase morder por unha serpe venenosa. Non é este o episodio menos enigmático e misterioso dun libro que todo el é un puro misterio.”

No conxunto da obra de Casares, *O principião* é por unha banda unha continuación do seu interese pola literatura para nenos, do que xa dera mostra coa publicación de *A galiña azul* (1968) e volvería dar con *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), saída do prelo poucos meses despois da tradución do relato de Saint-Exupéry. De por parte, a publicación de *O principião* é tamén particularmente significativa en relación coa evolución da poética de Carlos Casares, que nesa década de 1970 abandona na súa narrativa os experimentos formais e estilísticos para decantarse pola equilibrada contención e a prosa sinxela e transparente. Nunha entrevista concedida a David Barro no inverno de 1998 para a revista *InteresArte* expón Casares esta súa opción estética:

“A sinxeleza, si, entendida dunha maneira concreta, como opción estilística bastante universal e predominante na historia... para min todo artista sinxelo é o resultado dunha conquista estilística, o espontáneo é o complicado, escuro, barroco. Os que din que a



sinxeleza é signo de superficialidade é porque non saben que é un rango estilístico que nada ten que ver co pensamento; un pode expresar un pensamento moi profundo de maneiras moi distintas. Cando un entende algo exprésao con claridade...”.

A fábula de *O principiño*, que baixo a aparencia de narración naïf contén unha reflexión sobre a condición humana, exemplifica esa vontade de expresar un pensamento profundo con sinxeleza e claridade. A mesma vontade rexe a traducción de Casares, que bota man dun galego en xeral máis vinculado á coloquialidade ca á tradición literaria ou ás tendencias dominantes na literatura galega daquela época, propensas á exacerbación do prexuízo diferencialista respecto do castelán. Na entrevista mencionada, Casares explícase con estas palabras:

“Eu fun educado nesa etapa onde se buscaba que a palabra en galego non se parecese ó castelán, pero a min sempre me gustou escribir con naturalidade, coa sinxeleza necesaria para que a xente poida entender o galego. Foi unha opción deliberada.”

Esa opción maniféstase non só na selección do léxico do traductor, senón en tódolos niveis da lingua. Poden resultar especialmente

significativos aqueles casos en que na versión galega unha frase ou un diálogo se desvían da rigorosa literalidade do orixinal francés: o desvío tende polo regular a simplificar ou abreviar o orixinal, a naturalizalo en galego servíndose de recursos expresivos habituais do noso idioma, que revelan ata que punto o traductor posuía o “xenio da lingua”. Sirvan de exemplo os casos en que toda unha frase se traduce por un escueto verbo ou se lle saca partido ás capacidades connotativas e suxestivas do diminutivo galego para resolver un adxectivo do orixinal francés.

A traducción galega da obra de Saint-Exupéry coñeceu desde o primeiro momento un éxito extraordinario. Cando a finais da mesma década comezou a incorporarse a lingua galega ó ensino, *O principiño* xa ía pola terceira edición. Na década de 1980, incluída xa na colección Árbore, de Galaxia, incrementou o ritmo das súas reedicións, xa coa consideración unánime de “unha auténtica xoia literaria”, tal como rezaba a lapela. Desde a décima edición (1999) pasou a integrar a colección Sete Mares, onde continúa reeditándose na actualidade.

Na colección Barco de Vapor, da editorial SM, que na época mantiña estreita colaboración con Galaxia, apareceu en 1989 *Os escaravellos voan á tardiña*, versión galega de *Tordyveln flyger i skymningen*. A traducción desta novela da escritora Maria Gripe constitúe unha especie de homenaxe persoal de Carlos Casares á lingua e á cultura suecas, que son a lingua e a cultura da súa muller, Cristina Berg, é dicir, a lingua e a cultura maternas dos seus fillos. A obra reúne tódolos ingredientes das narracións desta autora, distinguida en 1974 co premio Hans Christian Andersen, o Nobel da literatura infantil e xuvenil: protagonistas adolescentes, intriga e tensión narrativa e un trasfondo didáctico que nesta obra leva á reconstrución de ideas e sentimentos da Europa do século XVIII.

Os escaravellos voan á tardiña é a máis extensa das traduccións literarias de Carlos Casares. Lonxe da densidade emotiva de *O principiño*, a súa linguaxe é funcional e directa, sen a penas concesións á digresión ou ó lirismo e sempre subordinada á fluidez da progresión do

relato. Na impecable traducción de Casares resplandece unha calidade que con moita frecuencia ha de ser a principal virtude dun traductor: a de pasar inadvertido.

O texto da contracapa, probablemente da autoría do propio Casares, resume deste xeito o argumento da narración: “Tres rapaces aceptan o encargo de coidar, durante o verán, as flores dunha casa deshabitada. Fascinados polo misterio da casa, deciden explorala. No faiado atopan un paquete de cartas. Escritas por Andreas e a súa irmá Magdalena no século XVIII, están dirixidas a Emilie. Falan das ideas de Andreas, das súas relacións amorosas con Emilie e da trágica fin de ámbolos dous. Cada rapaz séntese fascinado por un aspecto do problema, e os tres emprenden unha investigación.”

A última das traducións literarias de Carlos Casares é *O vello e o mar*, versión galega de *The old man and the sea*. Publicada na editorial Galaxia en 1998, constitúe tamén unha homenaxe persoal de Casares a un dos seus autores máis admirados: Ernest Hemingway. Quen asina estas páxinas descoñece cándo tivo orixe esa devoción polo escritor da xeración perdida, pero pode afirmar que viña de moito antes de que os fastos da celebración do centenario do americano nos revelasen a Casares como un dos grandes expertos mundiais en Hemingway e a súa literatura, e por descontado o máximo coñecedor das vinculacións do autor con Galicia. A mediados da década dos oitenta, cando ambos os dous exerciamos a docencia no instituto San Tomé de Freixeiro, Casares xa era un especialista en Hemingway e estaba ó tanto da bibliografía antiga e recente sobre a vida e a obra do autor de *O vello e o mar*. Lembro coma se fosen de onte algunhas improvisadas tertulias na sala de profesores, no inverno de 1986, durante as gardas do nocturno, con Manolo Rodríguez, Ricardo Torres París e algún outro colega máis, todos a escoitarmos a Casares falar, coa enxeñosa amenidade habitual, das desaforadas proezas de Hemingway, da súa prosa enérxica e eficaz, dos seus artigos xornalísticos sobre os boniteiros da ría de Vigo, do poema de Juan Luís Panero sobre o seu suicidio, das últimas

novidades bibliográficas. Por aqueles días lin, por recomendación de Casares, e antes de que aparecese a traducción española, a biografía de Hemingway feita por Fernanda Pisano.

Da obra de Hemingway interesáballe a Casares particularmente a eficacia e a nudez da súa prosa narrativa. Teño para min que *Os mortos de aquel verán*, no que ten de *tour de force* para someter o fío do relato á frialdade expresiva da linguaxe burocrática e xudicial, hai algo de paródica caricatura da prosa narrativa de Hemingway, directa, precisa, libre de toda afectación, por veces despiadada.

Coincidindo coa celebración do centenario de Hemingway, conmemorado en 1999, amosóusenos un Casares multiplicado en artigos, ensaios e conferencias sobre diferentes aspectos da vida e a obra do autor, ademais da publicación de *Hemingway e Galicia* (Galaxia, 1999), tecido arredor das estadias de Hemingway entre nós no período que vai de 1921 a 1933.

Polo propio Casares sabemos que, para alén das paisaxes e personaxes reais da illa de Cuba que serven de escenarios á novela, hai materiais narrativos presentes en *O vello e o mar* que proceden das vivencias galegas do seu autor.





O vello e o mar de Casares reproduce fielmente a prosa limpa e directa do *The old man and the sea*, a frase breve e precisa, rápida e contundente, de ritmo sincopado nos diálogos e espida de toda retórica. É a prosa de Hemingway tal cal; é tamén a prosa de Carlos Casares.

Os tres títulos mencionados, *O principiño*, *Os escaravellos voan á tardiña* e *O vello e o mar*, abundan para situar a Carlos Casares nun lugar de privilexio na historia da traducción literaria galega. Verquidos de tres linguas distintas, francés, sueco e inglés, dan idea da condición políglota de Casares e son mostra da vontade de sinxeleza e naturalidade que preside toda a súa prosa. Os tres merecen o maior dos eloxios que poden dedicarse a unha traducción literaria: sen menoscabo da fidelidade ó texto orixinal, non parece tratarse de traducións; semellan estar escritos directamente na nosa lingua. Son obras mestras da literatura galega. ■

a herdanza do VINCULEIRO

O EDITOR CARLOS CASARES

Cando me encomendaron este traballo á volta do labor editorial de Carlos Casares, o primeiro que me veu á cabeza foi a traición que lle ía facer ao amigo contando por escrito aquela “desfeita” editorial que tantas noites de vixilia lle ocasionou no ano oitenta e oito, mentres pola mañá repartía aqueles “non te preocupes” a oito para traballadores, autores e colaboradores da obra de berce desafortunado.

—Non te preocupes —diciña dende o seu sillón do despacho de Galaxia. ¡Mándase retirar toda a edición das librerías e faise unha nova!, e engadía —¡pero sen contármolle a ninguén o problema!

O “problema” visto coa perspectiva do tempo en pasado é unha absoluta nimiedade, algo que se resolvería cun amaño simple do que ninguén ía decatarse, pero eso visto dende a perspectiva do tempo que pasou, xa que, na altura, era algo así como ter que “comer” unhas toneladas de papel impreso e encadernado en tapa dura... Unha grave perda económica que Galaxia tería que asumir se ao cabo a edición era destinada a papel reciclado, alén da perda de imaxe da empresa, algo que realmente o preocupaba e ao que lle adicou, ao longo dos anos que traballou nela, moitos esforzos para impedir que fose lixada. Pediume moitas veces que nunca revelara aquel “desastre”.

A produción complicada de Galaxia, naqueles anos, facíamola no Obradoiro Gráfico de *Promocións Culturais Galegas*, do que fun responsable a finais dos anos oitenta. A “desfeita” da que Carlos me informou alarmado, en chamada nocturna con cita para a primeira hora da mañá, sería equivalente hoxe á non inclusión —digamos que por esquecemento— na excelente *Enciclopedia Galega Universal* de Ir Indo Edicións das entradas Castelao, Rosalía de Castro, Galicia, Santiago de Compostela, Bloque Nacionalista Galego, Parlamento Galego e Xunta de Galicia... poñamos por caso. O que chamaremos “esquecemento” daquela *grande obra* de Galaxia fora colectivo: de autores, colaboradores, revisores de probas, editores... e Carlos quixo apandar el só con toda a responsabilidade, exculpando a todos os demais con aquel “non te preocupes” que lle escoitaría

moitas outras veces nestes anos de relacionamento profesional.

Quizais comecei lembrando este “problema” para enfocar a personaxe desaparecida dende a necesidade de desdicir un lugar común que teño escoitado veces demais, aquel que situaría a Carlos Casares entre os indolentes, con máis ocupacións e cargos acumulados que tempo e vontade para exercer con responsabilidade as funcións dos mesmos. Non é verdade, non é tal o desleixo para asumir responsabilidades, polo menos no seu traballo editorial. Así foi dende que comecei a ter relación profesional con el, no ano oitenta e seis, aos poucos meses de ser nomeado director literario da *Editorial Galaxia*, un dos seus soños máis prezados virado realidade. Dende o comezo da súa incorporación a Galaxia fixo seu o “espírito” dos vellos galeguistas, asumindo a herdanza do vinculeiro (os principais fundadores Piñeiro, Illa, del Riego... daquela tiñan xa moitos anos e sen fillos biolóxicos) dun patrimonio cultural de grande importancia. Carlos Casares fixo súa a obriga inherente á herdanza que recibía, sen se desviar dos obxectivos nin do estilo que marcara Ramón Piñeiro, quer no activismo político-cultural, quer nas formas exercidas con luva de pano sedán...

Os primeiros anos do seu labor editorial foron cun equipo precario en número e fartureto en vontade, a salientar Bieito Ledo, na xerencia; Henrique, no almacén; e o traballo impresionante de don Paco del Riego, polas mañás no obradoiro de *Artes Gráficas Galicia*, atendendo a produción da editorial, e pola tarde na *Fundación Penzol*, fabricando ilusións e redactando obras de divulgación. Por detrás o propio Piñeiro exercendo de animador e guieiro e o soporte económico de Xaime Illa de quen pouco recoñecemento público se ten feito. Era o tempo de superar a exemplar resistencia cultural da vella Galaxia para pasar a unha nova fase de construción dunha industria editorial profesionalizada e solvente. Con pouca competencia —realmente só as incipientes Edicións Xerais e Vía Láctea eran concorrencia— Galaxia tiña que enfrontarse á modernización da xestión, dos métodos de traballo e da renovación dos equipamentos. Carlos era consciente da necesidade de modernizar Galaxia e axeitala aos



tempos que viñan, en constante renovación tecnolóxica dende o ano oitenta e cinco. Nada que fose complicado para unha persoa de paixóns desatadas (ás veces só temporais, como no tempo que lle deu por estudar física, ou pola medicina, ou polas axendas electrónicas e outros trebellos dixitais...). Nada insuperable para quen amou as miniaturas, o miúdo e a meticulosidade. Uns meses máis tarde incorporouse Pilar Sampil, dende a Facultade de Económicas e comezou a nova etapa na xestión financeira, e a definitiva emerxencia de Xosé Manuel Soutullo, outro exemplo de bon facer, na produción editorial. A saída posterior de Bieito Ledo e o remate nas súas funcións de don Paco del Riego foron feridas abertas nunha entidade sen fendas, incomprensibles en quen fixo da diplomacia a maneira de comportarse.

Nas súas novas funcións de editor, director xeral e membro do Consello de Administración da Editorial Galaxia, Carlos foi perseverante coa vontade do “culturalismo” polo que optaran os seus fundadores, antigos militantes do Partido Galeguista que deixaran de lado a organización política partidaria para envolverse nun proxecto de tipo político-cultural. En palabras súas “unha das ideas claves da fundación de Galaxia foi a de prestixiar o galeguismo. Regaleguizar unha sociedade na que se ían desdebuxando os sinais de identidade galega que se conseguiran na República”. Deste xeito explicaba o fondo da actividade editorial dunha empresa que publicaría nos anos sesenta, setenta e oitenta a maioría dos nosos “clásicos” literarios (dende Rosalía ata Cunqueiro, de Otero a Fole) e a unha boa parte dos novos autores que ían xurdindo (Ferrín, Queizán, Casares, Conde, Iglesias, Riveiro, Manteiga...).

Esa será a bandeira da actividade profesional do editor Casares. E fíxoo co soporte profesional externo das mesmas persoas que ata entón tiñan realizado os traballos de deseño gráfico (Francisco Mantecón e Manuel Janeiro) ou de impresión (José Antonio e Guisado); a todos eles lles mantívolles a fidelidade, deitando na nova produción o seu gusto particular. Un novo logotipo estilizado, formado por un risco escorado e con estrelas, substituíu a aqueloutro antigo no que un libro aberto aparecía deitado nunha

paisaxe estrelada. Mudanzas tamén nos conceptos estéticos das novas coleccións, así na coidadísima *árbore*, a estilización da maqueta e a elección das cores *pastel*, así como o tipo e corpo de letra, son parte importante (soporte ao cabo) do éxito de lectores nos máis de cen títulos que xa foron publicados. En moitos dos autores publicados nesta colección poden verse os gustos literarios do editor Casares. Tamén foi del a decisión de alterar o nome da colección *narrativa* que pasou a chamarse *literaria* e de modernizar, con acerto, o deseño gráfico da mesma, mudando o acabado en plástico mate para as cubertas o que lle confire unha elegancia notable por riba dunha cartolina verxurada na que sempre se reproduce un fragmento dun cadro. Discutía cada novo proxecto cos traballadores e colaboradores, escoitaba as súas opinións e asumía finalmente a decisión.

No seu traballo como editor Carlos Casares foi rigoroso e esixente, animoso e atento a todo o que acontecía ao redor da empresa na que deixou gran parte do seu esforzo vital. As súas frecuentes viaxes non impediron un contacto diario co equipo máis achegado, calquera decisión era antes consultada con el. Gozaba enormemente dos éxitos e sufría desilusionado cando unha colección na que puxeran todo o cariño non funcionaba. Nestes anos apareceron en Galaxia novas coleccións nas que pode verse a súa man: A *Biblioteca Sherlock Holmes*, as traducións de *Ágatha Christie*, ou a serie de *Harry Potter*; e traducións de autores para os que tivo querencia especial: Miguel Torga, Ernest Hemingway...

Non foi pulcro coas erratas propias nin coas alleas, nunca deixou que a ortografía fose un problema; neste o escritor levoulle o pulso ao editor, “sei que en galego non existe a palabra *manillar*, xa que temos a palabra *guiador*; pero para min a escolla será a incorrecta pola única razón do uso perseverante que a xente fai dela, fronte ao escaso uso da correcta”. Nunca se incomodou por este tipo de desarranxos lingüísticos. Padeceu con disgusto a experiencia de Galaxia, asociada a SM, para facer libros de texto; en canto rematou o acordo nunca máis quixo entrar nese terreo. Especialmente dolorosa lle resultou a pretendida antiespañolidade de Galaxia reflectida nos seus



► CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE GALAXIA DO ANO 1987. De esquerda a dereita, sentados: Benxamín Casal, Francisco Fernández del Riego, Marino Dónega, Xaime Illa, Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga e Luís Viñas Cortegoso. De pé, Xulián Parga, Ramón Barral e Carlos Casares.

libros de texto, segundo a interesada opinión dun polémico e resentido informe.

Nunca deu autorización para que determinadas “illas de perdas, que as hai” fosen pechadas pola súa non rendibilidade. Coleccións de moi difícil venda, que son causa da non recuperación do diñeiro investido nelas, foron mantidas en activo xa que “nós non estamos obrigados a repartir beneficios a fin de ano entre os accionistas; eles que están dotados dunha enorme xenerosidade, deron o seu esforzo e diñeiro para o labor de fonda concienciación galeguista que facemos en Galaxia”.

Grial. Experiencia singular.

No ano 1963 Carlos Casares é estudante en Santiago, e colabora xa no primeiro número da chamada segunda época da revista *Grial* (1963-1988), cen números de puntual aparición cada trimestre en vintecinco anos, sen imaxinar que ao cabo desa etapa sería el o sucesor de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, á fronte da mesma, na nova época iniciada no ano 1989 co número 101. Moitos dos que astimos á presentación da nova xeira no García Barbón de Vigo, pensabamos –doídos pola ausencia inexplicable de don Paco naquel acto– que *Grial* ía dar tumbos pola falta dos grandes animadores da mesma e a mediocridade e falta de experiencia do novo Consello de Redacción no

que non había ningunha figura de prestixio, mesmo chegamos a dubidar da capacidade de Carlos para dirixir aquel proxecto... e aos poucos meses decatámonos da nosa evidente equivocación. *Grial* aparecía renovada, con criterio na escolla dos contidos e tan puntual coma sempre. Dende 1989 ata marzo do 2002 saíron baixo a súa dirección cincuenta e tres números, cos traballos de centos de colaboradores dotados dunha ampla formación científica, intelectual e cultural.

Grial é unha xoia no mundo das publicacións periódicas do noso país, e seguramente ninguén discutiría que é a máis fecunda das revistas culturais de Galicia.

Unha noite confeseille, con vergonza, a miña desconfianza inicial na súa capacidade e na do Consello de Redacción que escollera para levar adiante a publicación, miroume de esguello e acenando un sorriso cómplice díxome: “-non te preocupes, eso pasoulle a moita xente... pois mira ¿sabes cal foi o mérito do Consello que creamos? meter xente nova con formación universitaria, nada de santóns, e falar moito nas reunións do Consello de Redacción...” Sorprende o feito de que só un membro do Consello causou baixa nestes trece anos –por imposibilidade laboral; Anxo Quintela foi relevado por Damián Villalaín, sendo xa funcionario da casa. Xosé Manuel Soutullo, o Secretario do Consello de Redacción, asegura que o éxito da revista reside nese talante aberto ao

► CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE GALAXIA DO ANO 2000. De esquerda a dereita: Antón Vidal Andión, Ramón Barral, Alfonso Zulueta de Haz, Manuel Meixide, Damián Villalain, Carlos Casares, Benxamín Casal, Xaime Isla, Xosé Francisco Domínguez, Xosé M^a Fonseca Moretón e Xulián Parga.



diálogo, no que todos poden “expresar libremente as súas opinións e facer propostas de traballo, neso e na decisión de Carlos de abrir o debate e as colaboracións a áreas da ciencia que van máis alá da literatura ou da arte”.

Carlos Casares era posuidor dunha grandísima cultura bibliográfica, en calquera momento este teimudo seductor sorprendía cunha cita pormenorizada dunha rareza de bibliófilo, ou cunha referencia a unha obra ou autor de calquera recanto do mundo absolutamente descoñecida, ou cunha particularidade salientable relativa a calquera aspecto dun libro. Gozaba procurando libros de vello e deu moitos problemas domésticos pola enorme cantidade de libros que levaba á súa casa de Vilariño, improvisando novos andeis nos currunchos máis insospeitados cada ano. Fixo dun dos seus praceres unha profesión e deulle a Galaxia catorce anos intensos nos que coñeceu o desenvolvemento, a modernidade e a entrada na era dixital da que foi un apaixonado. Cumpriu abondo coa encomenda do herdeiro, mellorou notablemente as condicións da empresa; duplicou o seu número de traballadores acadando os trinta, e medrou de xeito moi importante o número de títulos editados e a facturación que pasou dos catrocentos millóns de pesetas anuais. Polo medio fican o seu traballo como Secretario da Asociación Galega de Editores, e o desenvolvemento das edicións do Consello da Cultura Galega, algunhas das que lle deron grandes satisfaccións (a edición da

obra de Sarmiento, os libros con Cd’s do Arquivo Sonoro...) e outras os seus maiores disgustos e preocupacións, apandando con malfeitorías que non eran súas.

Destes anos todos de relacionamento profesional e de amizade quedan momentos especialmente intensos por razóns das que só sabe o corazón. Como aquel día que o fun entrevistar polo altercado con Cid Cabido, do que enseguida quixo botarse fóra e non complicar o asunto e que case nos leva a declarar no xulgado, finalmente impúxose o sentido común e todo quedou reducido a unha anécdota entre xentes da cultura. As tres horas que botou convencéndome de que ía facer unha burrada se non metía carpintería de “peuvecé” na casa que daquela eu facía en Gondomar, “hai vinte anos que a puxemos nós por consello do meu cuñado que sabe moito desto e está como se fose de onte”. A tarde na que lle levei a encomenda que me fixera de traerlle de Portugal o novo volume do *Diario* de Miguel Torga, que recibiu entusiasmado e só acertou a dicir ¡que ben, trouxéchesmo, invítote a un xelado! e alá fomos os dous diabéticos lamber un de chocolate... lembro tamén as tribulacións do escritor amigo meu, que botaba lume contra Carlos e non quería publicar a súa obra en Galaxia, ao que estaba obrigado polas bases do concurso que viña de gañar; Carlos pedíume que lle arranxara un almorzo co premiado e no segundo prato aquel encantador ao que tanto botamos todos e todas de menos xa o tiña seducido. ■

ENTREVISTA a Carlos Casares

ENTREVISTA A CARLOS CASARES EN "AS LERIAS DO MOUCHO" DA RADIO MUNICIPAL DE NIGRÁN

Saúdos unha noite máis a todos os oíntes de Radio Val Miñor. De novo estamos con vostedes en directo os mércores desde as 22 h. ás 23 h. Como xa lembrarán "As lérias do moucho" é un foro no que tres membros do Instituto de Estudos Miñoranos conversan distendidamente cunha persoa que sente e vive no Val Miñor. Pretendemos que sexa o máis parecido a unha tertulia na que se traten todo tipo de temas relacionados coa comarca na que vivimos, aínda que sempre cunha columna vertebral que é a da cultura. Quen lles fala é Xoán González e á miña dereita, como xa é habitual, atópase Lino Pellitero, e tamén á miña dereita, hoxe, atópase Carlos Méixome.

O programa de hoxe ten algo salientable e é que ata as "As lérias do moucho" acercase unha persoa verdadeiramente especial. Un veciño do barrio de Vilariño, no concello de Nigrán, do que vai folgar calquera presentación. Unha persoa cara a que, polo menos eu dende rapaz, sempre tiven unha especial admiración. Unha persoa á que sempre ollaba cando ía mercar os xornais, tal como creo que fai habitualmente aínda, ao quiosco da Ramallosa, como calquera outro veciño. Eu sempre me preguntaba como alguén tan importante, ou que para min era tan importante, podía estar aí diante nosa e nós nin o tiñamos en conta. Creo que non fai falta dicir que hoxe temos o privilexio de disfrutar da presenza entre nós

Boas noites, Carlos

Boas noites

Ben, para empezar imos facer unha pequena introducción sobre o que é a vida de Carlos Casares e despois xa empezamos co diálogo. Carlos Casares nace en Ourense, o 24 de agosto...

P. ▶ Si, eso quería preguntarlle, Carlos ¿en Ourense ou en Xinzo?

R. ▶ En Ourense. O que pasa é que desde neno, desde os catro anos aproximadamente vivín en Xinzo. Meu pai era de Xinzo e fomos vivir alí. Pero nacer, nacín en Ourense.

P. ▶ Para todos supoño que a infancia sempre é a súa patria, onde ten as primeiras experiencias que o marcan. Para ti tamén foi moi especial a infancia, ¿tes recordos daquela época que te marcan aínda hoxe?

R. ▶ Si, porque foi unha infancia eu creo que rica, no sentido de que, eu tiña, diríamos que varios sitios onde pasar tempadas longas. Ben, vivía en Xinzo, pero logo pasaba moito tempo, nos invernos, cuns tíos meus, mui preto de alí, nunha aldea que se chama Sabucedo. A miña tía estaba enferma e entón, pois, reclamaba a presenza de miña nai con quen tiña moi boa relación, e alá a miña nai marchaba cos rapaces,

marchaba con todos nós para alí, e alí pasabamos... eu ía á escola cos nenos da aldea durante bastante tempo. Gustábame moito, non me gustaban os primeiros días porque nada máis chegar a miña tía, que era cega, pois apalpaba, tocábame os brazos e dicía: "Este neno está mui delgado", e collía ó meu tío que era médico e dicía: "Benito, hai que poñerlle unhas vitaminas". Entón eu xa... a idea de que me tiñan que poñer unha inxección era lamentable. Pero pasada así esa primeira semana,... que por outra parte tamén hai que dicir que de seguida me din conta de que me parecía un milagre que inda que me meteran unha agulla que non doía; era máis o medo que a realidade. Pero pasei unha infancia mui, mui agradable.

P. ▶ Nesa época, un pouco, é cando empezas a descubrir o que é a natureza.

R. ▶ Claro porque..., é dicir, hai unha diferenza enorme entre o neno que vive nunha vila que é máis ben urbana e o neno que vive na aldea. Entón eu na aldea descubrín cousas das que non tiña a máis mínima noción de que foran así; por exemplo, un día un neno explicoume que sementando uns graos saía herba. E entón eu estiven alí agardando, e efectivamente cando empezaron a aparecer aquelas dúas folliñas, regabamos e tal, e eu descubrín que eso era un



► Carlos Méixome,
Lino Pellitero, Xoán
González e Carlos
Casares.

proceso do que eu non sabía absolutamente nada. E logo fixen eu mesmo unha leira, botei grao alí e estiven esperando a que saísen as follas. Cos nenos da aldea aprendín moito. Logo, por exemplo, aprendín pois todo o relacionado cas árbores, cos paxaros. Porque deso non sabía nada. É dicir, para min todo animalíño que pasaba voando era un paxaro, pero non sabía distinguir entre as distintas clases.

P. ► Ben, Ourense, Xinzo e o Miñor... a ver ¿como te sentes?, miñorano, limiao ou ¿sénteste as dúas cousas?. ¿É por que o Miñor?

R. ► Ben, en realidade non vivín en ningún sitio máis tempo seguido que aquí é dicir aquí levo xa dezaioito ou dezanove anos, que non os pasei en ningún sitio, nin sequera en Xinzo, pasei bastantes menos porque marchei a estudar. Logo en Cangas vivín oito anos. En Santiago os anos de estudos. É dicir que dezaioito anos seguidos por vez primeira na miña vida paseinos aquí, ou sexa que é o lugar onde vivín máis tempo. A elección foi ben, como todas estas cousas entre casual e voluntaria, é dicir que cando un amigo meu me dixo que encontrara un sitio moi bonito para facer unha casa... e a min gustoume o sitio porque tiña unha certa predisposición a que esto me gustara. Tiven posibilidades de facer a casa noutros sitios que

non me gustaban tanto. Entón, ben, vir aquí foi en parte elección. Eu viña con frecuencia porque tiña algún amigo que vivía por aquí e a comarca sempre me gustou; e á hora de vir aquí estaba tamén en parte condicionado por eso, independentemente da casualidade de que atopara este amigo meu o sitio.

P. ► Volvemos un pouco á infancia ¿tiveches unha vocación precoz de arcebispo?

R. ► Si, porque a miña familia, por parte da miña nai, era unha familia moi eclesiástica. Entón, de pequeno eu estaba rodeado de tíos curas, sabía que había un arcebispo na familia, nunca o vira pero sabía que existía. Ben, estou falando de cando eu tiña cinco ou seis anos. Ata que un día dixeron que viña o arcebispo a ver á familia e eu quedei deslumbrado cando o vin. Chamoume moito a atención que o saudaron os gardas, eso era importantísimo, e despois que levara todo aquilo, levara aquela cruz colgada, aquela especie de faxín e tal, o gorriño na cabeza, o solideo. Entón todo aquilo a min impresionoume moito e logo o respecto enorme con que o trataba todo o mundo, era como se fora o rei. E a verdade é que eu desde pequeno dixen que quería ser arcebispo, é dicir, non cura, arcebispo. Era unha vocación, xa así..., con pretensións. E empecei con esa broma

dicindo que quería ser arcebispo e a miña nai que tiña moito interese en que eu fora arcebispo, pois periodicamente recordábame si seguía pensando... E como o arcebispo viña, pois cada vez que o vía pois reforzábbase máis a idea de ser coma el. E por fin a miña nai utilizou eso, moi habilmente, para cando cumprín dez anos dicirme: “ben, pois se queres ser arcebispo tes que ir estudar ao seminario”, cousa que ó meu pai non lle gustou absolutamente nada; meu pai era republicano, máis ben anticlerical e pensar que a miña nai estaba empeñada en que eu fora arcebispo non lle gustou moito. E fun. Fun ó seminario, sen saber naturalmente o que era.

P. ▶ Carlos, ben, eu tamén nunha época da miña vida estiven no seminario, o que pasa é que coincidín nunha época na que seguramente se relaxaban xa moito as normas ¿era moi duro na túa época?

R. ▶ Durísimo, durísimo. É dicir era unha cousa eu creo que disparatada. O concepto da disciplina, o concepto, eu que sei... pois da vixilancia dos rapaces, o terror que se lles inducía ou que nos inducían por cousas absolutamente infantís, eramos rapaces de dez, once anos. Claro, estou falando do principio dos cincuenta, cunha España aínda moi negra. Entón os seminarios eran un pouco a imaxe dese país. Eu cando cheguei ao seminario, aínda recordo que a gran novidade era que se podía comer todo o pan que se quería, estaba racionado, creo que foi o primeiro ano que chegamos nós que os rapaces podían comer todo o pan que querían, antes deso non, é dicir, dábanlle unha cantidade, vamos, absolutamente...

P. ▶ ¿Era o Seminario de Ourense?

R. ▶ De Ourense, si.

P. ▶ Na época en que eu estiven no Seminario de Tui sempre se falaba do Seminario de Ourense como un Seminario especialmente duro, quizais nunha época posterior, de Monseñor Temiño, pero falaban dun Seminario onde incluso falar galego estaba...

R. ▶ Si, si, estaba absolutamente prohibido. Eu collín o de Monseñor Temiño; eu asistín á chegada de Temiño a Ourense cando levaba uns días no seminario, ou sexa, el debeu chegar

no ano 52, calculo, recordo moi ben que asistín á chegada del. E era, claro, un pouco a imaxe e semellanza del, tamén, que era un home mui conservador, mui ... E o profesorado que había..., home, eu gardo bos recordos dalgúns deles, máis de profesores que dos que nos vixiaban e se encargaban da nosa formación humana, non?. Deses gardo... dos profesores, dalgúns moi bos recordos e en conxunto, se digo a verdade, tampouco teño malos recordos, en conxunto.

“Claro, estou falando do principio dos cincuenta, cunha España aínda moi negra. Entón os seminarios eran un pouco a imaxe dese país. Eu cando cheguei ao seminario, aínda recordo que a gran novidade era que se podía comer todo o pan que se quería (...)”

P. ▶ Pero seguramente gardas lembranza, como todos temos, os que estivemos en internados, dalgunha trasnada especial.

R. ▶ Ben, eu gardo de varias; unha delas é que me escapei. Eu cando cheguei alí fixeron unha cousa bastante rara que foi meternos en exercicios espirituais nada máis chegar. Co cal, claro, un neno de once anos empeza a rezar pola mañá e acaba pola noite e ademais non pode falar. Eu asocié eso con que, ben, aquí, para ser arcebispo hai que rezar moito, pois claro, pois debe ser así sempre, e ninguén me explicou, ou non o entendín eu, que aquilo era uns días e que despois empezaba unha vida, ben, relativamente normal, porque o do silencio era obrigatorio excepto un par de horas ó día, que eran os dous recreos que tiñamos, o resto había que estar calado todo o día. Entón pois collín e escapei. Escapei porque aquilo non me gustaba e había uns cans e fíxenme amigo dos cans porque tiña medo de que non me deixaran saltar o muro. E saltei o muro. Recórdoo moi

ben porque aquel día estaba Franco en Ourense. Recórdoo perfectamente, que viña inaugurar a estación nova do ferrocarril. E cheguei á casa da miña avoa, estaba alí a miña tía, e dixeran que escapara e dixo “Ai, Meu Deus, pero que loucura”, e eu en seguida me din conta de que aquilo era malo e aceptei que me levaran outra vez. E entón a miña avoa tiña unha muchacha que se chamaba Concha e dixo: “Bueno, pues que lo lleve Concha”; esta foi comigo, debía ser unha rapaza nova aínda relativamente, e preguntoume por onde fuxira, eu díxenlle “saltei por aquí”, “ben, pois agora tes que saltar para o outro lado”; ela axudoume, saltei para o outro lado e non se enterou ninguén.

P. ▶ ¿Nin os cans?

R. ▶ Nin os cans.

P. ▶ Alí no Seminario tamén coñeces a un profesor de Literatura que parece que marcou dalgunha maneira non sei se a túa vida ou o teu futuro como...

R. ▶ Aínda que el moitas veces non o cre, porque eu dígoo sempre, porque é certo, e el moitas veces non o entende, pero, ben para min é claro que foi o home que me descubriu a literatura, que foi don Agustín Madarnás. Era un profesor excelente. Eu aprendín a escribir con el porque... nos mandou facer unha redacción un día e eu, ben pois, fixen a redacción e el ós poucos días leuna na clase; e eu cando escoitei dixeran: “eso foi o que escribín eu”; o que non entendía ben era porque el dicía que estaba ben, porque eu fixéraa dunha maneira absolutamente espontánea. Entón el preguntoume como fixera aquilo e empezou a facer comentarios e eu a partir daquel día dinme conta de que facer ben unha redacción ou mal dependía de coidar certas cousas que el dicía, que el explicaba na clase: ser mui clariño, dicía el, ser mui sinxelo, e esas foron normas para min que me valeron para toda a vida. De maneira que, ben, el tivo unha influencia extraordinaria no feito de que eu me dedicara a escribir.

P. ▶ ¿Non foi entón un Seminario para fuxir do arado?

R. ▶ Non, non, eu non tiña ese problema. O meu pai quería que estudiara medicina. A verdade eu tampouco tiña vocación de nada,

naquel momento, é dicir se me destinaran a estudar medicina estudaría medicina como calquera outra cousa que me puxeran, non había...

P. ▶ Aos dez anos tampouco se pode ter moita vocación

R. ▶ Ben, meu irmau en cambio si. Meu irmau desde pequeniño dixo que quería ser médico. Pero tamén eu supoño que vai en condicións, porque eu recordo que o meu tío, como todos aqueles médicos de aldea, facían de todo, é dicir, cosían feridas..., daquela os mozos pelexaban moito, había paus nas festas e entón eu recordo que cando había festa sempre había paus; eu recordo de alí que sempre andaba cosendo, curando e eu cando había eso... ou un amigo meu, un tal Felipito que lle estourou unha bomba daquela das festas na man e quedou sen un par de dedos ou así; eu eso era incapaz de velo, fuxía, marchaba da casa ou marchaba para outra parte da casa; meu irmau estaba alí, mirando como lle cosían os dedos e como lle cosían as feridas e xa desde pequeno el dicía que quería ser médico, cousa que eu nunca dixeran, na vida, non sei por que o meu pai interpretaba que eu quería ser médico..., pero... non, eu fun ó seminario porque miña nai tiña unha ilusión enorme en que fora.

P. ▶ Para seguir avanzando un pouco. Antes unha pregunta ¿o arcebispo este ten algo que ver co *Ilustrísima*?

R. ▶ Si, si, de feito si, porque cando eu fixen *Ilustrísima* fixena pensando nel, non? E naceu dunha experiencia, é dicir, el viña, como digo, cada... catro anos aproximadamente. Entón a primeira vez que eu fun consciente, ben, xa eu era maior, tería dezaioito anos, foi xa despois de triunfar a revolución cubana. El era moi castrista, de feito salvoulle a vida a Fidel cando o asalto ao Cuartel de Moncada; eu esa historia xa a coñecía, en parte por terlla escoitado a el, en parte por tela lido xa en revistas, en libros... e entón eu xa sentía por el algo máis que simpatía, unha certa admiración. Por outra parte, a miña xeración viviu a guerra de Fidel contra Batista como unha especie de película do Oeste, é dicir, os barbudos aqueles contra os malos, e... e claro, saber que o arcebispo estaba tan metido

naquelo e que era un home que influíra tan importantemente na revolución a min facíamo máis atractivo, tanto humanamente como intelectualmente. E un día, pois el veu e fixeron os meus pais un xantar na casa ca idea de que el quería levar un cura para alá para que lle atendera unha emisora de radio; entón os meus pais invitaron a varios curas e alí houbo un xantar que foi para min mui interesante, porque por un lado el, na educación que eu recibín debía ser o modelo que non se debe imitar, porque era un home gordo, mui comellón, encantáballe tal... falaba do que comía, recordo que metía os melocotós, as pavías enteiras á boca. Non tiña nese sentido, así, reparos en gozar da comida. En cambio, en fronte del estaba un cóengo, así, mui fino, mui... desprezativo do que se comía, que debía ser o que a min me gustara, porque sempre me educaron nesa idea de que o home virtuoso renuncia ós praceres. E alí era ó revés, dinme conta que o arcebispo era bo e que o cóengo era ruín, era un home antipático, era sectario, soberbio. E entón a miña simpatía foi polo arcebispo, e logo servíume de modelo, aínda que logo o arcebispo de *Ilustrísima* tampouco ten moito que ver con este home, pero foi o que disparou a idea da novela.

P. ▶ Ben, seguimos avanzando un pouquiño. Despois, xa adolescente en Ourense. No Ourense de Risco, de Otero...

R. ▶ De Otero si. Ben, a Otero eu coñecino xa de neno. Porque Otero era mui amigo dun tío meu e entón eu, ben Don Ramón... é dicir, a min impresionoume moito máis Risco que Otero, porque a Otero coñecino como o fillo de Doña Eladia e ben, como Don Ramón, pero a un neno é difícil que lle impresione un escritor, é dicir, chegaba un momento en que para min era un señor que coñecía, ía moitas veces a Trasalba a casa del, ó pazo, ben, pois era... era Don Ramón; eu creo que para min foi antes don Ramón que un escritor coñecido. Risco foi ó revés, é dicir Risco..., o meu pai que fora alumno del, falaba de Risco cunha enorme devoción, fora alumno dos dous, de Otero e de Risco, pero de Risco falaba cunha devoción extraordinaria, e... para min Risco sempre tivo máis atractivo neste sentido porque non o coñecía, a Otero si, entón...



▶ Casares con del Riego e García Bodaño en 1979.

P. ▶ Tíñalo máis mitificado

R. ▶ Tíñao máis mitificado porque nunca o vira e cando o empecei a ver, ben, pois...despois tiven a sorte de ir á tertulia del, xa cando estudiaba bacharelato e fíxeme asiduo da tertulia e para min aquela etapa foi importantísima.

P. ▶ E dun personaxe polémico, en certa medida, como Risco, poderías darnos a túa visión, describílo dalgunha forma, sintetizar...

R. ▶ Si, é dicir, eu claro, de Risco cando o coñecín non sabía absolutamente nada da súa historia pasada; é dicir, eu sabía que era un escritor importante, pero non tiña a máis remota idea de cómo fora a súa biografía sobre todo política, é dicir que ata o ano trinta e seis fora practicamente, ben ata o trinta e un, fora o líder máximo do galeguismo, o teórico definidor do nacionalismo galego, que logo se pasara ó franquismo. Eso eu ignorábo. O que si sabía, no trato con el, é que el era un home conservador, non en todo, por exemplo en arte, en pintura, en eso era mui avanzado, pero en cambio en costumes, en materia relixiosa era extraordinariamente conservador, e tamén se vía ben que non se podía falar mal diante del nin dos curas nin de Franco nin nada deso. Pero... eu non sabía, nin o sabían os meus compañeiros tampouco, Jaime Quesada, o Arturo Lezcano...Íamos á casa del, nós tiñámoslle un enorme cariño porque era unha persoa que se facía querer porque era mui sinxelo, mui...de trato mui fácil, e entón



► Carlos Méixome, Lino Pellitero, Xoán González e Carlos Casares.

ningún de nós nos cuestionabamos a historia de Risco. Máis aínda, cando foi o premio aquel que se deu en Madrid, que os dous candidatos eran Otero e Risco, nós os rapaces, que eramos máis ben de esquerdas e antifranquistas, o noso candidato curiosamente era o franquista, que era Risco. En cambio, Otero, que era o candidato diríamos que liberal, da esquerda, dos galeguistas, a nós non nos gustaba porque, ben, era unha cuestión persoal, de devoción persoal por Risco.

P. ► Sobre a interpretación da figura de Risco, hai como dúas liñas interpretativas. Unha que di, que xustifica a posición de Risco posterior ao trinta e tantos como produto do medo, e a outra argumenta que xa no seu xerme, na súa teorización anterior estaba indicando, *Mitteleuropa* e todo aquilo, a súa querencia cara ás posicións autoritarias do fascismo. Ti nesas interpretacións ¿como o ves?

R. ► Pois mira, o da interpretación de que Risco se movera polo medo, é dicir, esa foi a tese que defendeu sempre Piñeiro, incluso no prólogo que lle puxo ó libro de Lugrís establece un pouco esa idea. É certo que Risco tiña fama de ser un home de moito medo, el mesmo o confesaba, e dicía: “todos os Códigos civilizados do mundo debían recoñecer o dereito a ter medo”; incluso dicía: “quen me dera ser un deses homes que meten medo”, pois, claro, el era unha especie de... pequeniño, delgadiño e tal. Pero era un home de moito medo, de moito e raros medos. Curiosamente, non medo intelectual, aí era mui audaz e eu creo que valente, pero medo físico,

medo ás mulleres que o dominaban na casa, tratábano como si fora un rapaz. Alí contábase en Ourense sempre unha historia, que a contaba Colemán, un día que ían paseando con el pola estrada de Celanova e saíu un can e fuxiron todos, un subiuse nunha árbore, outro saltou por detrás dun muro e el quedou alí facéndolle fronte ó can e dixeron: “mira nas ocasións difíciles, esta xente que é máis medencas ó mellor é a que despois é máis valente”; e cando marchou o can volveron e el estaba petrificado, non se puidera nin mover sequera. Ou sexa que el era un home de medos, eso sabíao todo o mundo. Entón Piñeiro explicou en parte, porque eu creo que era o sentir, en xeral, entre os galeguistas máis benévolos; porque, claro, logo había un sector do partido que o consideraba traidor simplemente, pero Piñeiro neste era máis benévolo e dicía que era unha fraqueza humana, que era un home débil e tal... Ben, eu tamén participei desta opinión, nun primeiro momento; o que ocorre é que cando eu empecei a investigar a vida del, atraído pola curiosidade de que cando eu cheguei a Santiago pois empecei a entrar en contacto co núcleo, daquela mui reducido, de estudantes galeguistas, cando nomeei a Risco, por vez primeira, pois dixéronme: “ah, non cites diante de nós a ese traidor”. E eu quedei, claro, moi sorprendido de que Risco fora un traidor, porque, claro, para min era un señor amable, cariñoso, agradable... e non me cadraba, como ademais non coñecía a historia... Entón falei con Piñeiro; foi cando Piñeiro me explicou o que pasara, as etapas del e tal... Entón a min entroume a curiosidade por coñecer o pasado dun home con quen eu convivira e que polo visto tiña un pasado tan azaroso e en certa maneira controvertido; empecei a ler, xa eu quixen falar con el, pero claro, xa el estaba mui mal, xa estaba na cama. Porque el xa... despois cando eu fun estudar a Santiago el de seguida enfermou e morreu en seguida. Entón eu quedei con cantidade de preguntas que me gustaría facerlle, pero claro, xa non era posible. Entón tiveron que empezar a ler e encontreime con ¡horrores!. Encontreime con cousas que eu non me imaxinaba nunca que Risco puidera escribir. Ben, o que dicías antes, o *Mitteleuropa*, as cousas que di dos xudeus; eu moitas veces digo que si o que Risco escribiu sobre os xudeus en

Galicia e en galego, o escribira en Alemaña e en alemán, hoxe teríamos unha visión del terrible e ademais sería unha figura absolutamente condenable. E... logo pois o que escribiu, eu que sei... de Hitler, dicindo que era o salvador da civilización occidental, ou de Franco ensalzándoo dunha maneira tremenda. Entón eu, claro, quedei mui sorprendido de que Risco fora tamén así, non? E entón tratei de buscar unha interpretación e a que atopei foi que, claro, o medo non pintou nada, é dicir, eu creo que Risco foi sempre un home conservador, mui conservador. Les na correspondencia con Viqueira, claramente ves que ten unha pensamento fascista, utilizando o termo fascismo sen sentido pexorativo, como alguén que ten unha ideoloxía. Eu creo que el... ben, fala de corporativismo, de voto censatario, é dicir, eu creo que nese sentido el era un home que podía encaixar ben con Primo de Rivera, ou encaixar ben con Mussolini e tal... sen que esto queira dicir que puidera nun momento aceptar a barbarie de todas esas cousas.

P. ▶ Unha última pregunta e deixamos un descanso, porque é referente a Risco ¿algúns queren ver a Risco no *Deus sentado nun sillón azul?*

R. ▶ Si e non. É dicir, cando saíu a novela moita xente pois dicía eso, porque é evidente que hai un parecido entre o personaxe da novela e Risco. Pero tamén é certo que eu non quería facer un retrato de Risco porque se fixera un retrato de Risco faría un personaxe totalmente distinto. Eu quería retratar un intelectual conservador, desa época e parecido a Risco e entón o único modelo máis ou menos... eu tiña dous, un era Risco e outro era Karl Schmitt, ben a Karl Schmitt eu trateino mui pouco, sabía a relación que tivera co nazismo e con Hitler. Resultábame fascinante poder tratar a un señor que tivera aquel papel na Alemaña nazi, que despois fora, incluso, ben, expurgado e que (...) resultábame antipático. Risco, en cambio, non. Entón entre os dous modelos eu elixín a alguén que se parecera a Risco, pero que non era Risco. O que pasa é que todos estes matices son difíciles, cando llo explicas a alguén, di: “ben, estase desculpando”; non, porque se eu pintara a Risco pintaríaa unha figura moito máis humana que o protagonista da novela.

P. ▶ Pegamos un salto e adentrámonos xa na universidade. Chegas á universidade ¿a principios dos sesenta?

R. ▶ Si, a principios dos sesenta

P. ▶ Ou sexa, estaba cocéndose, había efervescencias que logo estouparían nos setenta ou aínda...

R. ▶ Aínda non, aínda era unha universidade mui, mui amorfa, onde non había practicamente nada. É dicir o único que había era un pequeno grupiño galeguista, un pequeno grupiño do partido comunista, mui pequeniño, Vicente Álvarez Areces, o que agora é presidente de Asturias, e algúns máis, pero, é dicir os comunistas eran quizais dez ou doce e nós, pois, outros tantos, doce ou quince, un pequeno grupiño cristián mui vinculado pois a aqueles movementos eclesiásticos progresistas e o resto: xogar ás cartas, e...ir ós bailes...

P. ▶ Ti máis ben chegas á universidade nunha etapa de tránsito daqueles anos cincuenta que conta Franco Grande ou que conta agora Ferrín na súa interpretación de *No ventre do silencio* e o sesenta e oito ¿non?

R. ▶ Si claro, esa é a miña época.

P. ▶ Xusto no medio

R. ▶ O que pasa é que cando eu cheguei as cousas eran aínda tan distintas que, por exemplo, os rapaces galeguistas, Ferrín, antes tamén Franco Grande, Arcadio, eu mesmo... é dicir, presentabámonos ós premios de poesía do SEU, que era o sindicato oficial. E dis ti, ben, hoxe eso non se lle ocorrería a ningún estudante colaborar, aínda que fora daquela maneira pasiva, non?...co SEU; e presentabámonos a aqueles premios, ou sexa que non había nada, absolutamente nada. O primeiro acto así que eu recorde de protesta foi unha cousa bastante pintoresca, é dicir, López Rodó inventara aquilo dos Polos de Desarrollo e curiosamente toda a prensa galega se puxo en pé de guerra porque o Polo de Desarrollo de Galicia estaba en Valladolid...¿home, soaba así a raro!...non?, que o Polo de Desarrollo de Galicia estivera en Valladolid. Entón houbo, así, por parte da prensa da época, bastante crítica con aquilo. Entón gañáramos o premio de poesía, que se chamaban as Festas Minervais que convocaba o SEU, gañarámolo Arcadio López Casanova, Salvador

García Bodaño e eu. Entón desprazouse unha delegación de estudantes de Madrid, estudantes galeguistas de Madrid, para pedirnos que boicoteáramos o acto. Ben, entón houbo varias propostas, Antón Patiño, por exemplo, pedía pechase na catedral e tocar as campás a rebato. Cada un tiña unha proposta. Ó final acordamos que antes de ler os poemas dicíamos algo alí cada un dos premiados; e fomos falar con Don Ramón Otero Pedrayo, que era o mantedor, para dicirlle que el tiña tamén que dicir algo contra o Polo de Desarrollo de... Entón chegamos alí e, o primeiro foi Arcadio López Casanova que curiosamente sendo tan tímido era mui, mui frío e mui botado para diante en situacións así porque claro presidía o Capitán Xeneral, estaba o Almirante, estaba o alcalde de Santiago non?... e entón claro, é dicir, facer unha protesta diante de toda aquela xente... daba un pouco de medo. Entón o primeiro foi Arcadio; claro, creouse unha situación de absoluto desconcerto; ben, gracias a que estaba o Almirante e o Capitán Xeneral senón o alcalde xa se levantou para marchar de alí, porque Arcadio fixo unha protesta, dixo: “ben, en nome dos estudantes quero protestar...”; aquilo naquela época era rarísimo; entón cando lle tocou o turno a Bodaño a tensión xa era terrible porque, claro, era xa o segundo discurso, e eu dicía ben pois aínda faltou eu... e a situación cada vez era peor porque eles estaban cada vez máis alporizados; tanto que eu estaba moi pendente, dinme conta que o Capitán Xeneral era un tipo mui sereno, non me acordo quen era, porque el, ben, vese que estaba desgustado, pero encaixaba ben, e gracias a el alí non houbo... porque eu creo que o lóxico é que se levantaran e nos pegaran unhas bofetadas. E logo subiu Don Ramón; entón don Ramón empezou un discurso que os deixou estarecidos a todos; ben dixo: “dignísimas autoridades: perdoen pero vostedes hoxe aquí non son ninguén, non mandan nada, non representan nada...” E eu dixen: “ben don Ramón toleou, porque...” e dixo: “ante a beleza da raíña”. E despois combinaba eso moi habilmente, é dicir, facía unha cousa que parecía que ía estoupar e logo, ben, moi habilmente... entón por exemplo nun momento di: “porque si nalgún momento os estudantes de Compostela se levantaron contra o francés invasor tamén están dispostos a levantarse unha vez máis contra as arbitrariedades de poñer o polo en Valladolid, o

polo, o polo, o polo...é como a Coca Cola”, dicía. Ben, pois aínda hai pouco, ordenando así o arquivo teño a reseña enorme do acto publicada no *Correo Galego* e desto non se conta absolutamente nada. O mantedor fixo unha exaltación da beleza da raíña, pero non se di nada do, do...

P. ▶ Alí en Santiago vas coñecer a outra persoa que marcará tanto a túa vida como a de Galicia a partir de mediados de século, Ramón Piñeiro...

R. ▶ Ramón Piñeiro, si...

P. ▶ ¿Como entras en contacto?

R. ▶ Pois entrei por Arcadio López Casanova. A Arcadio López Casanova coñecino por pura casualidade, porque un día cando eu estaba na tertulia de Risco chegou Novoneira e, que eu non sabía quen era naturalmente, e presentoume Antón Tovar e, ben, falando así nun bar díxome: “¿ti coñeces a Arcadio López Casanova?” e eu dixen “ben, debe ser un poeta importante que non coñezo”, “pois ten a túa idade e ten un libro prohibido pola censura”. Eso xa me picou a curiosidade, e cando me fun examinar do Preuniversitario a Santiago, díxéronme que había un libreiro que vendía libros clandestinos e fun alí a comprar; por certo cando lle dixen ambiguamente que andaba buscando libros “así”, non me atrevía, púxome diante dun panel de literatura pornográfica..., aínda me acordo “Besos robados”... E díxenlle que non e entón xa me levou a outra sección e alí descubrín un tesouro, pois os libros aqueles de “Ruedo Ibérico” sobre Franco, a “Guerra Civil” de Hugt Thomas e todo eso. E había o libro de Arcadio. Compreino. E poucos días despois, cando empezou o curso eu coincidín na facultade, chovía moito, e recoñecino pola foto que viña no libro; entón, ben, invitoume a baixar con el, sen coñecernos de nada, pero ben, eramos poucos, dous mil e pico estudantes daquela en Santiago, e díxome: “si vas para baixo tápote”; entón tapoume co paraugas e no traxecto ese dende a Facultade ó Derbi xa nos fixemos amigos, empezamos a falar, eu pregunteille “¿ti es Arcadio López Casanova?”, el quedou feliz porque era a primeira vez que o coñecían...; entón aquela tarde invitoume a unha reunión de estudantes galeguistas, alí ó lado da igrexa do Pilar. Alí coñecín a Bodaño...Beiras...todos estes que despois

chegaron a ser coñecidos case todos. E Arcadio, dous ou tres días despois, levoume a coñecer a Piñeiro, á súa casa. Ou sexa que foi a través deste núcleo que tiña xa contacto con el. A min desde o primeiro momento pois deslumbroume, quedei asombrado do enorme talento daquel home. E de seguida sintonizamos moi ben.

P. ▶ Ti es unha persoa moi de amizades persoais, incluso con xente un pouco maior.

R. ▶ Si, eso é curioso.

P. ▶ Risco, Piñeiro

R. ▶ Si, si, os meus amigos sempre foron maiores ca min.

P. ▶ Como estamos no Val Miñor, Torrente, tamén. ¿Como vives estes veráns sen el? Este verán

R. ▶ Si

P. ▶ ¿Está orfa Baiona sen Torrente?

R. ▶ Pois mira, non volvíñ alí ó Monterrei. Ben, fun un día porque nos invitou Carlos a cear, así, un pouco como recordo de Torrente. Pero, home, aquilo estaba tan directamente ligado a el, a pasar alí as mañás charlando, que por outra parte era como estamos agora aquí falando, falabamos de todo o que se nos ocorría. Logo, polas tardes, ás veces eu ía á casa e faciamos a tertulia alí ou el viña á miña casa a cear, que lle encantaba. El era mui bo contertulio, porque sabía escoitar moi ben e sabía contar mui ben. A el se lle contaban, el escoitaba moito, é dicir, non era como don Ramón....

P. ▶ Que só falaba el. ¿Quen erades os asiduos da tertulia?

R. ▶ Pois fundamentalmente eramos el, Miguel Viqueira, que é de aquí da Ramallosa, e eu. Eramos os tres. Logo segundo os fillos que estiveran aquí, pois algúns eran máis dados a ir á tertulia, por exemplo (...) Marisa, do primeiro matrimonio, gustáballe moito ir, e dos pequenos, pois a Luís que traballa...

P. ▶ ¿Álvaro?

R. ▶ Álvaro menos, porque Alvaro viña pouco. O máis asiduo era José. Era o que ía máis veces. E ben, Fernanda ía practicamente tamén todos os días. Pero era moi grata a tertulia. Sobre todo era mui informal.

P. ▶ ¿Rematou esa tertulia?

R. ▶ Si, é mui difícil. Porque Miguel Viqueira dicía “home, e por que non seguimos os dous...”, si, pero...

P. ▶ Un contra outro, así, unha tertulia de dous

R. ▶ Claro, si... e sobre que; como aquilo naceu ó redor de Torrente é difícil resucitar unha cousa así, practicamente imposible.

“(...) curiosamente toda a prensa galega se puxo en pé de guerra porque o Polo de Desarrollo de Galicia estaba en Valladolid... ¿home, soaba así a raro!... non?, que o Polo de Desarrollo de Galicia estivera en Valladolid.”

P. ▶ Alguén considera a Casares o continuador de Piñeiro. ¿Consideras dalgunha forma que participas do espírito de Piñeiro, que intentou difundir?

R. ▶ Non, mira, a figura de Piñeiro é irrepitible no sentido de que Piñeiro era un home que tiña unha vocación que eu non teño. Ben, non sei se a tiña, probablemente non a tiña e exerceuna, que era a vocación política. Eu, que sempre tiven a impresión de que a política o aburría, que a el o que lle gustaba era a filosofía en realidade, pero por circunstancias, ben, históricas e persoais, viuse obrigado a facer política; e entón, ben, pois el facía política ca intención de influír para que as cousas foran nunha dirección que el consideraba que debía ser a máis adecuada e, claro, a influencia que tivo Piñeiro neste sentido foi enorme, extraordinaria. Eu, claro, dinme conta despois; ó principio pensei, como el falaba sempre en plural, fixemos..., fumos ver a tal..., estivemos en Alemaña... eu dicía aquí hai unha organización detrás tremenda... e un día dinme conta, pero ben, esto é unha coña, todo isto é unha persoa, claro, ben, despois si, ca axuda de Paco del Riego, Xaime Isla e pouco máis. Fundamentalmente era a personalidade del que era un home mui ben relacionado no mundo da



oposición clandestina, mui ben considerado, sobre todo polos catalás e polos vascos. Curiosamente, el que non era mui nacionalista, entendíase mui ben cos vascos e cos cataláns por razóns persoais. A el o nacionalismo vasco nunca lle fixo demasiada gracia, el era federalista, é dicir, el dicía ademais que a palabra nacionalismo debíase reservar exclusivamente para os independentistas, dicía, clarificaría moito máis todo e entón dicía “porque claro moitas veces hai persoas que se definen como nacionalistas e dis ti, ben que quererán dicir, quere dicir que é partidario dun estado independente ou simplemente é un federalista”. Entón el aí dicía “eu prefiro ser claro, non son independentista, se me queren chamar nacionalista, ben a min dáme igual, eu o que quero dicir é que eu son federalista”, que foi o que defendeu sempre. Agora, é difícil nin imitalo, nin substituílo. Eu tampouco me propuxen, tampouco eso, porque nunca tiven esa vocación...

P. ▶ Pero na concepción ideolóxica...

R. ▶ Ah, eso si, eso si, eu síntome moi identificado con el, é dicir, tanto no nivel persoal como no ideolóxico. Nese sentido si.

P. ▶ ¿De todas formas pola política tamén pasaches?

R. ▶ Si, por culpa del, por culpa del. Porque foi el o que me convenceu...

P. ▶ Coa proposta de galeguizar os partidos

R. ▶ Claro. Ben, esas eran cousas que pensaba el. A min non se me ocorría pensar niso, nin cría nesas cousas. E claro, cando el me dixo que, ben, que os partidos facían aquela proposta, entón el concibiu aquela idea... que estaba..., porque claro el cando che explicaba as cousas tíñaas tan maduradas, tan pensadas... dicía “mira, vai haber agora o primeiro parlamento galego e non vai haber practicamente galeguistas no parlamento, esto non pode ser, hai que buscar unha fórmula, entón, ben como temos ofertas..., hai que considerar esto”, e tal... e eu entrei naquelo porque... porque el mo pediu. E entón, ben, dediqueime... que foi por outra parte unha experiencia moi positiva para min, aprendín moito, teño dende entón unha idea dos políticos moito máis positiva da que ten a maior parte da xente...

P. ▶ Ou sexa, tes unha boa experiencia

R. ▶ Moi boa experiencia, é dicir, eu alí o que vin é que a xente traballaba moito, e que a xente era honesta, é dicir eso realmente...e logo outra cousa mui agradable é que a pesar das diferencias a xente era amiga...; creo que no segundo parlamento xa non foi tan, tan...

P. ▶ Quizais ó mellor era a primeira vez

R. ▶ Si, todo o mundo estaba desexoso de que as cousas funcionaran ben... Polo tanto eu teño un recordo mui, mui agradable e dende entón teño unha opinión bastante positiva do que é a xente que se dedica á política

P. ▶ Sen embargo, a comezos dun novo século, o ceme, o substancial do pensamento de Piñeiro, o que se deu en chamar “piñeirismo”, ¿fracasou?

R. ▶ Eu creo que non, é dicir, eu creo que tivo un éxito enorme. É dicir, ti pensa, varias cousas; é dicir, en primeiro lugar, el é un home que cando se recompón o Partido Galeguista aquí no interior..., é dicir, a xente olvida que en xeral eran moi pouquiños, eran vinte persoas, non eran máis porque, en primeiro lugar, moitos tiveran que ir ao exilio, outros morreran e aquí a inmensa maior parte da xente do partido quixo dedicarse á súa vida privada porque era mui difícil, eran funcionarios, pais de familia...e entón dicían “ben ¿que vou facer? xogar a vida dos meus fillos, a carreira, o futuro da miña familia..., ¿non pode!

moralmente son incapaz de entregarme a eso”; e entón, claro, mentres houbo unha alternativa, que era unha de dúas: ou a reconstrucción da república, que era o proxecto dos americanos, ou a reconstrucción da monarquía democrática a través de Don Juan botando a Franco, os galeguistas estiveron neso, dicían “ben, hai un horizonte, hai unha perspectiva...os americanos apoian a restauración da república e os ingleses apoian a restauración da democracia en forma de monarquía parlamentaria”.

P. ▶ Ata finais dos corenta

R. ▶ Si, ata os corenta e tantos, é dicir ata que os americanos cambian de... despois da guerra, é dicir o corenta e seis, corenta e sete, xa empezan eles a desentenderse da restauración republicana e entón ben, aí hai un horizonte, hai un proxecto, ben, restaurar a república e hai posibilidades porque hai apoio internacional; pero dende o momento en que Franco pacta con Don Juan e os americanos pactan con Franco, a oposición queda absolutamente descabezada. Cada un inventa a súa propia aventura. Os comunistas inventan aquilo da invasión guerrilleira, pero claro os galeguistas, os cataláns e vascos quedan sen nada. Entón, ben, pois meter a Castelao no goberno no exilio para que Galicia teña presenza...Entón todo isto era labor moi persoal del e daquel pequeno grupiño: Gómez Román, Otero, mui pouca xente... e...eles manteñen a presenza e despois, claro, din “aquí hai moito galeguista que estaría disposto a colaborar en algo que non fora ilegal, que non se xogara nada; pois fundemos algo que sexa legal e que nos permita agrupar ós galeguistas”, que foi Galaxia. E eso foi a idea del. E nese sentido eu creo que o que el se propuxo no fondo cumpriuse bastante ben.

P. ▶ Pero dilo referido a toda a resistencia cultural dos cincuenta e sesenta. Pero eu referíame máis ben xa cando camiñamos cara á transición a idea esta que el tiña de galeguizar os partidos, que non se produciu...

R. ▶ Imos ver el, si, pero fíxate esa idea foi despois de outra; é dicir, a primeira idea del era, ben en Europa, ben, mellor dito, cando España recupere a democracia, que el vinculaba, máis ou menos, á morte de Franco,

¿que vai pasar? pois que aquí se vai reproducir a vida política de Europa, e que hai en Europa: un partido socialista, un partido demócratacristián e un partido comunista. Pois nós temos que conseguir que antes de que os partidos españois veñan a Galicia estas forzas estean funcionando aquí; entón el dedícase durante anos a fomentar a aparición destes partidos. Ben, partido comunista xa hai... que era máis ou menos o que era a UPG, eso xa vai polo seu cauce; por outra parte el era mui (...) democracia alemana, levounos a Italia co senador Vitorelli que llos presentou, ben, todo eso, pero eso fracasou. Pero xa non fracasou por el, fracasou porque se equivocaron, polas razóns que foran.

*“(...) é rara a
Universidade importante
que non estea subscrita a
Grial. Para nós forma
parte, dentro de Galaxia,
dun proxecto (...)”*

P. ▶ Os dirixentes posteriores

R. ▶ Claro, é dicir, foi un fracaso, é dicir o Partido Socialista Galego foi un fracaso, a democracia cristiá...

P. ▶ De Illa Couto

R. ▶ Porque ademais eso foi vinculado á desaparición da democracia cristiá en todas partes, o pobre Ruiz Giménez...todo o que fixera contra Franco e presentouse ás eleccións e perdeu estrepitosamente, nin sequera saíu el deputado. Entón nese sentido, cando Piñeiro di “ben, non se puideron crear unhas forzas propias, nin o partido socialista, nin o partido demócratacristián, agora o único que queda é que os partidos estatais asuman o galeguismo”. Ou sexa, que ese foi o último intento del por...por facer algo.

P. ▶ Falamos de Galaxia, cincuenta anos, cincuenta anos publicando libros e agora dirixindo ti a editorial, e outra cousa que moita veces se esquece, ou fálase menos: **Grial**. A importancia de **Grial** é grande, é moi grande,

especialmente porque é unha revista de pensamento na cal se formaron, ou nos formamos, moitos durante moitos anos. ¿non se fala moito de *Grial*? Fálase máis de Galaxia, ¿porque tan máis proxección quizais?

R. ▶ Lóxico. Ben, e *Grial* pois é máis minoritaria, é unha revista xa para xente dun certo nivel cultural. É unha revista que ten moito prestixio, por exemplo en Universidades estranxeiras, é dicir, practicamente en Estados Unidos é rara a Universidade importante que non estea subscrita a *Grial*. Para nós forma parte, dentro de Galaxia, dun proxecto, é dicir que, ben, pois ter unha revista de prestixio que lle dea á cultura galega tamén pois o que toda cultura ten que ter, algunha publicación desas características. Nese sentido é un proxecto que nos custa moito diñeiro porque é absolutamente ruinoso, dende o punto de vista económico, pero Galaxia claro como non ten...claro, como nós non temos necesidade de gañar cartos máis que para seguir publicando libros pois podemos manter *Grial* e outros proxectos que non son rendibles.

P. ▶ E unha editorial co prestixio e o recoñecemento da cidade, de Galicia, incluso a nivel de estado ¿como encaixa un golpe como puido ser o informe da Academia da Historia, onde se valoraban os textos no sentido de bos mapas, bos gráficos, boas introduccións, boas unidades didácticas, pero despois, incluso o ton: “una editorial que tiene un gran predicamiento allí”, a forma de falar das cousas?. ¿É inxusto non?

R. ▶ Si. Foi inxusto e foi, ben, é dicir, era un puro disparate, aquilo non tiña nin pés nin cabeza, acusarnos de facer unha...

P. ▶ Comparábase unha unidade didáctica cun temario

R. ▶ Si, non tiña, era un barbaridade...Ben, o que a xente non sabe é que aí houbo problemas de tipo persoal debaixo, é dicir que a persoa que fixo o informe aquí é unha persoa que tiña, ben, serias diferencias con Galaxia dende hai moitos anos...

P. ▶ ¿Ah, pero esa parte do informe elaborouna alguén de aquí?

R. ▶ Claro. É dicir, dende Madrid xa te podes imaxinar, ben, pois...

P. ▶ Que van enterarse...

R. ▶ ...non se enteran de case nada

P. ▶ ¿Alguén de aquí mandou algo que...?

R. ▶ Eso, alguén vinculado á Academia da Historia desde aquí foi o que fixo o informe

P. ▶ Ah pois eso non era moi...

R. ▶ É que esas cousas son delicadas

P. ▶ Si son delicadas, tés razón, pero está ben...

R. ▶ Home...

P. ▶ Sen embargo Omnium, creo que é un grupo catalán e ningún membro da Academia da Historia, catalán, fixera unha análise dos libros de Cataluña e cando todos fomos con moitas ganas a ver o que dicía o informe, quedamos completamente defraudados. Facíanse afirmacións e non aparecían os datos comparativos onde poder cimentar esas afirmacións.

R. ▶ Era puramente gratuito e ademais eu creo que feito, independentemente destas cuestións que poden explicar..., eu creo que feito pois cunha falta absoluta de sentido común, de información, eu creo que de xente que non sabe nin o que son nin as programacións didácticas, nin de curso. Puro disparate.

P. ▶ Ben, queda tan pouco tempo porque hai cousas que...por exemplo, é un pouco polémico pero quero comentarcho. Eu estiven nun ciclo de conferencias que se chamaba “O mundo desde aquí”, que fixera o IGADI, onde estivera Saramago e outra serie de xente...

R. ▶ E Ramonet

P. ▶ Si Ramonet, etc, onde Carlos fixera unha intervención, onde nunha parte a min me desconcertou. Crin entender como que a democracia era algo que podería darse só en países cun nivel cultural determinado...

R. ▶ Si recuerdo aquilo

P. ▶ E un nivel económico determinado. Eu non sei si é que eu entendín mal pero en aquel momento si que me desconcertou esa perspectiva.

R. ▶ Home, eu creo que... imos ver, é dicir, ti colles, por exemplo, un país como Rusia, onde eu estiven agora, moi recentemente. Entón, dicíame en Kaliningrado, dicíame un profesor: “¿pero vostedes por que falan tanto da liberdade?”, un profesor ademais demócrata e tal. Entón eu dicía: “home, porque a liberdade, en primeiro lugar, é o caldo de cultivo necesario para que

non se cometan erros como os que cometeron vostedes”. Entón, despois falando deste cos meus amigos do tren, eu dicía “ben, claro, en realidade ti falas cun campesiño ruso e cal é a liberdade para el, coller pola dereita ou coller pola esquerda nun camiño”, é dicir, non...non se lle presenta outro problema, lamentablemente. Ou o que falaba Ellacuría, o que asasinaron, dicía que o concepto de democracia e liberdade nun país pobre..., é dicir, a xente ten a necesidade de comer, ten a necesidade de ter unha terra, loita pola terra, loita por cousas moi concretas, pero non lle podes falar de abstraccións como son “a democracia e a liberdade”; ó mellor exércena, exércena, ben, pois nunha asemblea, discuten, votan e tal, pero o concepto de democracia parlamentaria para unha persoa que non ten nivel económico tal, quedalle moi lonxe; e ademais a experiencia diche que en realidade non funcionan, a partir dun nivel de desenvolvemento empezan a funcionar; por baixo de aí, se non tes unha clase media que sustente eses valores, diríamos que son os da...os da..., claro, os valores da ilustración e tal, é difícil, non?, é difícil que funcione. É dicir, eu sei que isto é moi discutible, non?, pero...

“(...) dicía “mira, vai haber agora o primeiro parlamento galego e non vai haber practicamente galeguistas no parlamento, isto non pode ser, hai que buscar unha fórmula, (...)”

P. ▶ Falaches do tren, ¿fíxeches unha viaxe marabillosa...?

R. ▶ Si, mui bonita

P. ▶ ¿Desde Lisboa?

R. ▶ Si, desde Lisboa...

P. ▶ ¿a Petersburgo?

R. ▶ Lisboa, Petersburgo...

P. ▶ Ben, ti co tren tes unha relación especial

R. ▶ Si especial...especial...

P. ▶ Nós somos testemuñas

R. ▶ Fumos a Petersburgo, logo viñemos ata Moscova, Minsk, Varsovia e acabamos en Berlín.

P. ▶ ¿E que nos podes contar un pouco da viaxe, debeu ser pracenteira...?

R. ▶ Pois ti imaxínate, mes e medio...mes e medio... Foi moi interesante, sobre todo para min; ben independentemente de todas as anécdotas que se poidan contar, que son máis ou menos divertidas e interesantes, houbo dúas cousas que aprendín e que me gustaron moito. Unha delas: que Europa non é o que nós imaxinamos; é dicir, eu cando vin que Europa somos corenta e catro países, noventa e tantas linguas e seis alfabetos, e claro ti estás pensando na Europa de Alemaña, Francia, Italia...non, non, corenta e catro países, noventa e tantas linguas e seis alfabetos. Eso para min foi como un gran descubrimento. Porque aínda que ti estas nunha minoría, non ves Europa como un conxunto, como un mosaico de minorías.

P. ▶ Quedan moitísimas cousas, podíámusche preguntar... Non falamos de literatura, non falamos de... unha cousa que tiñamos pensado, preguntar por Samuel... queríamos tamén preguntarche cando volvía a tira á última páxina da *Voz*, que debería ser o seu lugar, supoño que será unha cousa de verán...

R. ▶ Si, unha cousa de verán

P. ▶ ¿Volverá non? Habería que preguntarche sobre o momento da literatura galega, que non falamos nada...

R. ▶ Do Consello

P. ▶ Do Consello da Cultura Galega, dos proxectos, da súa obra, da súa obra, que tampouco falamos nada. Pero antes de marchar si preguntar, brevemente tamén, ti es unha persoa..., incluso o outro día nunha entrevista na *Voz de Galicia* facías fincapé nisto, optimista, gústache o optimismo...

R. ▶ Si tendo a ver as cousas así positivamente, non?.

P. ▶ Eso, ver as cousas positivamente... Si embargo cando falas da lingua, do futuro da lingua, es pesimista...

R. ▶ Si, un pouco pesimista

P. ▶ Eso por un lado. Fálanos un pouquiño, o que poidas deso, no tempo que nos queda, e tamén, daquela proposta de hai dous anos ou algo así, de chegar a un diálogo nas normativas

R. ▶ Pois mira, dicir, respecto do futuro da lingua, claro, é dicir, hai un feito real: que cada vez os pais que falan na casa en castelán entre eles, os que lle falan...é dicir os que cambian de idioma para falarlle ós nenos en galego é insignificante, un cero e tal ou un dous por cen no mellor dos casos. En cambio, os pais que falan entre eles en galego que se pasan, na educación dos fillos, ó castelán, son moitísimos máis. Entón se ti non consegues inverter esta tendencia, ben pois inevitablemente acabará habendo máis castelánparlantes que galegoparlantes. ¿Como se pode inverter esta tendencia?; é que aí está o problema, é mui difícil de saber, é dicir, porque... claro, moitas veces hai xente que di “ben, cun goberno nacionalista”; non eso non é certo, é dicir, non é certo porque en Irlanda cun goberno nacionalista o inglés é unha lingua infinitamente máis estendida que... Son problemas mui difíciles, mui difíciles de resolver.

P. ▶ Son difíciles pero eu aí si que son optimista...

R. ▶ Home

P. ▶ Non sei se...cando menos pola vontade ó mellor despois cando...

R. ▶ Se reflexionas

P. ▶ a cousa, dis ben...pero ese optimismo de que é posible seguir mantendo o idioma vivo.

R. ▶ Ben, idioma vivo si, eu non creo que desapareza. Deso estou convencido, non?...é dicir de que...pero que... claro...eu, e probablemente vos tamén, vivistes nunha Galicia onde o galego era maioritario, probablemente pois os nosos fillos van vivir nunha Galicia onde o galego é minoritario. Non que desapareza, minoritario. Logo ten unha vantaxe que ó ser tan próximo ó castelán a xente tampouco ten moitas dificultades para mantelo en certas situacións, pois na vida política ou para adaptarse ó interlocutor, se lle falas en galego que che conteste en galego... Nese sentido temos esa vantaxe. Agora, eu se non hai, ben, unha especie de milagre que non se ve, o galego tenderá a ser unha lingua minoritaria dentro de Galicia, lamentablemente.

Ben paréceme que imos ter que rematar. Quedan todas as preguntas que Carlos tiña aí preparadas, que Lino tiña preparadas e sobre todo quedan moitas respostas porque ó final as preguntas case non teñen importancia. Agradecer de maneira entusiasta a Carlos que estea con nós aquí hoxe e recordar que (...) ■

MEMORIAL de AMIGO

Tño demasiado viva a imaxe do amigo loitando bravamente contra a gadoupa da morte. Aínda é todo demasiado corporal, demasiado físico: o cheiro a hospital, o silencio sinistro da noite nos corredores do sufrimento, a cor amarela das súas meixelas, o peito espido atado ós cables que prometían a vida e non puideron afastar *a morte traidora*. O seu xesto sereno, a un tempo inquisidor e confiado: “Cóntame qué che din os médicos”. Aínda son as vísceras doídas, o desacougo animal, o que neste momento nos posúe a quen o acompañabamos. Chorabamos como nenos e sufríamos como animais, porque é nesa primaria condición na que a dor da morte de súpeto se instala. É nesa esgazadura muda de espanto onde se sente o patadón da perda dun amigo.

Hoxe, algunhas noites transcorridas, por veces aínda se ensenora de nós a tristeza da condición de corpo mancado, maltratado. E non sei se porque as palabras faltan ou porque sobran, o caso é que non acoden cando as chamo. Mais esa dor de bicho ferido, pouco a pouco, faise humana, e os berros vanse transformando, de vagar, en frases. E un bo día, a amargura, ou a melancolía, ou a sensata desesperanza, coma sempre, acaban por encher o buraco dese horror.

E nesta tregua pídenme que escriba uns folios sobre Carlos. ¡Que papeleta para o ágrafo irredento que, co seu reproche, sempre fun! Intenta facer unha “descrición da persoa”, dime Damián. E non son capaz de me negar.

Xa foi dito case todo o que, como homenaxe, se pode poñer en palabras. Palabras importantes de compañeiros e de amigos que lle quixeron ben ou que, sen máis, o respectaron. Os que non se apesaron coa súa morte non están feitos do material co que os homes se constrúen.

Din todos que era intelixente, lúcido, sensato, e que o era moito. Que sabía escribir coma os escollidos, que estaba aberto sempre ó novo, que nunca foi interesado, que contaba os contos mellor ca ninguén, que a súa compañía era unha festa, que era mestre da seducción, neno listo e pillabán. E sobre todo que era bo, que

tiña un corazón, o de querer, non esoutro noxento que lle fixo a última putada, tan grande que non lle cabía no peito. Case está xa todo dito.

Así, resumir nuns folios trinta anos de amizade cotiá resúltame imposible. Aparécenme flashes desordenados de recordos. Lóstregos que me sitúan moi lonxe no tempo e que non obedecen a ningunha lóxica, a ningunha cronoloxía que xorden caóticos como respondendo á desorde na que a súa ausencia tan recente nos instalou. E nese caos de lembranzas vivas, non sei por qué, asáltame con frecuencia o recordo dunha escena na que Carlos me espetaba con aire retador se eu tiña lido *O Capital* pois do contrario non estaba en condicións de discutirlle con rigor. Era o ano sesenta e nove, no Toural, ás tantas da mañá. Chovía, e moito máis choveu dende aquela. Entonces, como non podía ser doutra maneira, o Che Guevara era o seu ídolo, e o meu tamén.

Logo, ben entrados os setenta, cos vendavais da furia algo amainados, xa de volta de varios percorridos, Olof Palme aparecéuselle como o referente político que nunca abandonou. Lembro moi ben, outro lóstrego que me alumea repentinamente, aquela noite na que chamou por teléfono o seu fillo Håkan, un neno, quen chorando lle comunicou mentres ceabamos que asasinaran a Palme. ¡Que desgusto para todos nós, para Kristina, para Teresa, para Carmaña e Xosé Manuel! Nada ía ser igual en Europa, pensabamos. Nin no mundo. E quen sabe se tiñamos razón.

Pero todo viña xa de moito máis atrás, case na adolescencia, cando estudiabamos xuntos no Instituto de Ourense. El aínda era poeta e eu un afanoso aspirante a actor no Teatro de Cámara, e dentro do patio do Museo Arqueolóxico ourensán, onde faciamos algúns ensaios e representacións entre vellos capiteis e petroglifos, comezamos a botar as nosas primeiras longas parrafeadas. Por veces aparecía con Ruco Lezcano ou con Acisclo, ou con algún dos seus amigos, e falabamos de Neruda ou discutíamos sobre Camus ou sobre Sartre. ¡Que importancia tiña todo cando todo era prohibido e había que ler na versión



xesuítica do padre Charles Moeller as citas dos nosos autores preferidos! Ou na casa de Teodoro Sanmartín descubrir, ¡mira ti que perigoso!, o mestre republicano Alejandro Casona. Eran tempos de miseria. Pero el xa estaba disposto a non deixarse acovardar e foi neses anos cando provisionalmente perdemos a pegada durante un tempo longo, ó entrar el na tertulia de don Vicente Risco, mentres eu andaba por outros camiños máis de fóra.

Creo que don Vicente Risco foi un referente fundamental na súa biografía literaria. O outro foi Piñeiro. Penso que non sería difícil asentarse o seu perfil literario, e sobre todo biográfico, dándolle preferencia a esas dúas coordenadas. Dun lado a carga literaria, o talento periodístico, o refinamento e a apertura a canto esteticamente atractivo se lle cruzase no camiño, unido a un coñecemento etnográfico-cultural do País, que Risco sempre amosou. Sen esquecer as críticas sobre a súa ideoloxía, críticas nas que os dous en grande medida coincidiamos e que en parte tamén foran expostas nun curso da Menéndez Pelayo ó que el me invitara, e que máis tarde quedaron escritas en *Grial*.

Doutra banda, a presenza de Piñeiro si que foi absolutamente decisiva. O rigor, o compromiso con Galicia, a seriedade, a austeridade e esa coherencia que nunca lle permitiu ser escravo das modas, fosen as que fosen, e que nunca, como lle ocorría a don Ramón, lle permitiu abandonar o camiño da prudencia, aínda que por veces resultase tan pouco gratificante. Tamén a intensidade na moderación foi característica tan súa como o fora do seu mestre.

Don Vicente apartounos, aínda que fose de maneira transitoria, e don Ramón acercounos. Aquel home austero e cheo de férreos proxectos, máis teimudo aínda ca el, propiciou que nos aproximásemos na discrepancia. Xuntounos co seu maxisterio vivo, malia que ideoloxicamente andásemos daquelas algo lonxe. E malia que para min fose un encontro moi tardío o que tiveron con Piñeiro. E despois, para soldar máis as nosas coincidencias, alí estaban as súas fobias, que tamén eran as miñas: dogmatismos,

intransixencias, descualificacións agresivas, proclamacións narcisistas de pureza case sempre sospeitosas de deshonestidade. Malditos predicadores. Foi tamén nese territorio no que se deron, creo que sempre, experiencias compartidas.

O reencontro tivera lugar en Cangas, no Instituto. Eu viña dunha andaina complicada. Pero a partir de aí todo foi doado. A amizade asentouse e madurou. Compartín deica hoxe con el aquel empeño en facer un país libre con vida propia, aberto e moderno - sempre a súa Suecia mítica como norte-. Había que recuperar con firmeza e con dignidade a condición, ameazada e aldraxada, de galegos e ó mesmo tempo de europeos. Era a teima de Piñeiro e tamén a súa, e eso había que facelo traballando, resolvendo, construíndo sen violencia e sen espaventos, con esperanza e con convencemento. Desda liña nunca se alonxou, e con ela mantivo un coherente e fondo compromiso nunca traizoado. E foi a liña na que, ó meu xeito, sempre intentei seguilo.

Pero, política á parte, e aínda que este non sexa o momento para repasalos, os gustos literarios tamén eran compartidos. E as emocións polos saberes novos. Lembro como se fose hoxe, outro flash que neste momento me asalta, unha noite na que alá pola unha da madrugada recibín unha chamada, nada infrecuente, de Casares, esta vez para contarme que estaba impresionado coa lectura dun libro de Paul Davies, *Dios y la nueva física*, que eu lle acababa de prestar. Accedía por vez primeira ó mundo apaixonante da física contemporánea, e aquel universo misterioso que se lle abría arrebatouno de tal maneira que dende ese momento devorou todo canto libro de divulgación dos novos saberes se lle cruzaba no camiño. Chegou a ter tan importante información que lle permitía falar con comodidade de todos eses temas, incluso con especialistas na materia. A súa curiosidade, unida a unha portentosa memoria, converteuno nun informadísimo coñecedor das cuestións conceptualmente máis relevantes da física relativista ou da mecánica cuántica. A bioloxía foi outra das súas grandes curiosidades. E a historia, da que non só sabía case todo, senón que ata a inventaba, oniricamente inspirado

pola mesmísima Clio. E o cine, e o jazz, e a fotografía, e a pintura, e a arquitectura, e a xeografía e... Un sabio dos que hoxe non están de moda. E todo eso con tanta humildade que moitos dos seus achegados ignoraban a maioría dos rexistros do saber que Carlos chegou a dominar. Algún día debería facerse un estudio sobre todas esas facetas non estrictamente literarias ou políticas que tan ben coñecía e que tanto o apaixonaban.

De tódolos xeitos, en trinta anos tan longos e tan cheos o único que quixemos de verdade foi convivir. ¿É que hai algo máis sano ca falar, entender, rir, namorar, espantar a *traidora* con historias divertidas, con neuras, con xogos, con proxectos intelectuais? As preocupacións máis fondas foron sempre as mesmas: o asunto de morrer e o enredo do querer. ¿Algunha vez houbo outra cousa que puidese importar máis? Sabíao moi ben el, eu aprendino non sei se ó mesmo tempo ou antes ou despois. Pero xuntos o soubemos e ese foi o noso segredo compartido. Os dous sentíamos a ferida aberta de andar por este mundo, e xogabamos a ser nenos, ou vellos, ou pais, ou amantes, e nese xogo esquecíamos as bágoas que mollan a cotía a humilde festa inventada da amizade. O Casares e mais eu eramos tan orfos como calquera muller ou calquera home. E na desgracia rotunda e inevitable enredábase coas risas, coas palabras, coa tristeza, coa axuda confiada. Sabiamos que, sendo como somos compañeiros de naufraxios, era unha sorte inmensa, inmerecida, atopar aquela luz entre tanta escuridade. Sabiamos o que se podía perder, que ía ser todo, cando rematase a festa de estar vivos. Por eso ando estes días co rumbo moi perdido, porque o compañeiro dos meus xogos xa non xoga nunca máis. ¿Haberá quen entenda coma el a desgracia afortunada de ver o sol cada mañá? Eu non atopei ninguén para quen vivir fose tamaña regalía. Por eso era humilde e comprensivo e entusiasmado e teimudo e amador. Por iso o admirei tanto e o quixen tanto.

Pero había, si, que comer tódolos días, que gañar os cartos, que mandar os fillos á escola, que atender obrigas. Aínda que o importante fosen os paseos, o sol, os amigos, as conversas, o



© Xurxo Labato

gozo do pequeno. Tantas noites nos deron as catro ou as cinco da mañá falando de case todo: o descubrimento dun novo autor, a relectura dun clásico, as novidades da política, a violencia dos poderosos ou dos fanáticos, as malditas desigualdades do mundo... O serio era vivir e contar a vida, e case nunca lle deixaban. Había que facer deberes. Había que atender chamadas, padecer intrigas, loitar contra as trampas, soportar ambicións, deslealdades. Sempre a interromper. E el, un home responsable, non se esquecía nunca de cumprir. E mentres, o tren parado e a moto quieta e a tertulia sen atender. Que o importante era a ilusión de convivir, ben o sabiamos. O demais, como moito, consistía en desfacer tódolos enredos.

Cánto me recordaba a Camus. Era desa raza, gozador e moralista tráxico. Difícil mestura, lúcida e brillante, dun vitalismo apaixonado e dunha severa autoesixencia. Ou sexa paixón e rigor nun solitario moi sociable, como el era. Porque só saben de moral os que tamén saben de gozos. Os outros veñen sendo inquisidores, furiosos mandaricas, tolos que enguedellan a



outros tolos, fronte ós que el mantivo esa prudente distancia que tan elegantemente practicaba.

Sempre soubo compaxinar o intenso entusiasmo dos seus proxectos coa comprensión das posicións alleas, por distintas que fosen. Porque o proxecto máis entusiasmante de todos, no fondo, era o encontro afectivo, a cordialidade, a convivencia compracida e compracente. A súa ferramenta foi sempre esa do cariño e da cordialidade. A da comprensión, incluso con aqueles que algunha vez quixeron agredilo e que o inxuriaron, outro recordo vivo que me asalta, por se ter manifestado irónica e literariamente contra determinados acontecementos políticos que supuñan para moitos de nós unha fonda preocupación.

¿De onde sae, a non ser do seu talento para a vida, ese enorme poder que, sen buscalo e sen poñelo nunca ó seu servizo, chegou a posuír? ¿Quen enche un camposanto, maldita sexa que se me mollan os ollos outra vez, como el o encheu? Xente da aldea e da cidade. Había paisanos e homes ricos, estaban os que mangonean e os que obedecemos ou nos cabreamos de tanto ser mandados. Estaban xentes de alá e de acolá. Revolucionarios e conservadores, novos e vellos. Todos, Carlos. Todos. E era porque coñecía os desexos secretos da xente moi a fondo; tamén

sabía de mazás e de cans, de árbores e de paxaros, pero sobre todo de traxedias e de paixóns, que soubo vivir sen espaventos, sen exhibicións, sen escandaleiras. Deso menor non falar porque xa quedou ben contado nos seus libros. ¿De que se trata, se non, en *Vento Ferido* ou nos *Mortos* ou en *Deus...* ou no *Sol do verán*, esa novela que tiveron a sorte de ler dende aquel primeiro día en que naceu, cando eran soamente cinco follas nunha tarde de amargura en Vilariño?

Moitos máis son os recordos que se enredan e turran uns dos outros como as cereixas nunha cesta cando queres coller unha. Pero todos sempre facendo aparecer esa condición de rigoroso gozador calidamente humano, de burlón lírico que atopaba a reflexión literaria oportuna para facer máis habitable o mundo que nos tocou vivir. Eso era, un anfitrión acolledor que sen negar a cara amarga da realidade nos convencía de que quedaba sitio para a festa da compañía. E a súa casa e o seu país foron as palabras, e con elas, como facía coa súa paciencia bondadosa aquel xudeu Xacobe do seu conto maxistral, nos afastaba da fin do mundo, nos liberaba de morrer. Pena que sen el o cataclismo xa se produciu. Fáltannos o constructor de historias e de afectos, o xerador de entusiasmos, que nos fagan esquecer ou que lle dean xeito ó milagre insoportable de estarmos vivos. ■

* Este traballo foi publicado no número 59 da revista TEMPOS NOVOS, correspondente ao mes de abril de 2002. O noso agradecemento ao seu director Luís Álvarez Pousa, amigo de Carlos e como el ourensán de nacemento.

o clube dos PECADORES HÚMIDOS

Ninguén morre de veras ata que é esquecido

A cousa comezara había tempo, nun man a man de traballo e conversa entre un mestre e mailo seu aprendiz; pero unha boa mañán presentouse por alí Carlos Casares e xa nada volveu ser coma antes. Presentáramo Gonzalo Torrente Ballester unha tarde na súa casa de La Romana, no alto da Ramallosa, alá por xullo do 81, recién chegado aquel á súa nova e definitiva casa de Vilarinho: caímos ben de contado un ao outro e o paso do tempo non fixo máis que consolidar tal impresión mutua deica chegar á amizade sólida, compartida decote tódolos veráns dos seguintes vinteún anos.

Sentou á mesa, cabo da ventá, fronte a Gonzalo e a min, e a nosa xuntanza cotiá converteuse nun festín íntimo no que se falaba de todo e todo se celebraba. E cando digo todo refírome a iso mesmo, a todo: non había asunto, por inimaxinable que sexa, que se nos escapase, que non se puidese tratar, aínda que fose dun xeito livián, simple referencia tantas veces xocosa. As mañáns íansenos sen apenas decatármonos, entre risas e comentarios, chistes, apuntamentos reflexivos, anécdotas históricas (as nosas favoritas) ou apócrifas... Fluía a conversa tan precisa e rica cal se seguise un invisíbel guión escrito por mente e man sabia. En pouco tempo quedou claro o denominador común que máis nos unía: o espectáculo sempre fascinante e aleccionador da realidade mesma e os seus personaxes, actores case que sempre involuntarios da gran traxicomedia que é a vida, tódalas vidas de todo o mundo. E os tres criamos na pervivencia do espírito.

Unha mañán de agosto do 83 acertou a pasar por alí o pintor Manolo Prego: estaba de paso e viña saudar a Gonzalo. Sentou a carón de Carlos, comezou a contar cousas e foi coma se dende sempre tivese estado alí con nós, tal foi a naturalidade coa que se integrou e nos integrou en apenas uns minutos. Ao ano seguinte fíxose residente do que por alí xa se chamaba “a tertulia do Monterrei”, cousa que sempre nos fixo gracia porque coma tal tertulia, da que falan os

manuais e biografías de artistas e intelectuais famosos, aquilo nada tiña: chegabamos, sentabamos e adoitaba dicir Gonzalo: “A ver, ¿que contades?” Outras veces nin sequera isto cumpría, pois un de nós, ou el mesmo, se puña a contar un suceso aínda antes de nos sentar...

Os anos que me deixaron máis rica memoria foron os dos veráns do 84 e 85, durante os que non perdimos unha soa mañán de tertulia (aceptemos por comodidade o termo), os catro fronte a fronte e sen parar de contar. Moito se falou de literatura e de pintura, e das súas estreitas relacións estéticas. E, claro, do pasado, das biografías de cada quen, en particular de Gonzalo e Manolo, que eran os que tiñan vivencias máis importantes e dilatadas, todo un manual de experiencias extraordinarias e terribes, case que fantásticas, adubado todo de bo humor, de lucidez, de intelixencia divertida e creadora. Carlos era a ponte perfecta entre eles, movíase a gusto por entre os datos e os feitos narrados que lembraba ou vivira, pese á súa xuventude de entón, e aos que sempre engadía algún detalle descoñecido. E eu calaba, escoitaba e aprendía... Disque todo o bo dura pouco, e así foi: ao seguinte ano xa non estaba Manolo, a primeira gran ausencia da nosa tertulia: nunca o esquecemos nin deixamos de ter presente, de homenaxealo.

Fumábase moito, en particular Gonzalo e mais eu, Carlos con moita maior moderación, entretido sempre coa súa sempiterna auga mineral, mesmo cando a Gonzalo lle prohibiron fumar, cousa que levou sempre fatal. Dicianos: “botádeme o fume”, e aspiraba o cheiro do tabaco. De súpeto comezaron a pasar por alí persoas descoñecidas, que subían a vernos, ver a Gonzalo e a Carlos, os famosos. Xente que quería lle asinaran libros ou que viña pedir algo, dende prólogos a recomendacións. Mais tamén os simples paracaidistas, miróns caídos do ceo que ninguén sabía quen eran nin que pito tocaban alí e aos que por cortesía xamais botamos: lembro ter contado ata vintedúas persoas certa mañán, sentadas en insoportable círculo que ocupaba



► Con Torrente, na Ramallosa.

case que toda a planta. Deberon marchar decepcionados pois foi unha das mañáns máis sosas que lembro, nada pasaba e nada se contaba. O caso é que, a Deus gracias, debeu correrse a voz de que eramos uns aburridos sen marcha e a cousa atenuouse ata o punto de recuperarmos a nosa habitual tranquilidade.

Tiña Carlos unha memoria prodixiosa e un excepcional talento narrativo. Non só coñecía a todo o mundo, senón que recordaba de cada quen algunha historia aleccionadora, interesante ou simplemente divertida. Moitas veces lle pedín que escribira sobre Ourense, que non se podía perder ese filón de historias que encerra a cidade mítica e que ían dende a actualidade ata perderse na noite dos tempos. Xamais coñecín a ninguén que contara tan ben, con tanto talento para captar a atención do oínte e mantela en vilo, sen unha repetición, sen unha paréntese perturbadora... Non era unha técnica, era un don: xamais concluía coas mesmas palabras a historia mil veces repetida, moitas delas a petición nosa. Nisto era intelixente, dunha cultura enciclopédica; e o que máis impresionaba era a súa sensatez, o seu bo tino, iso que se chama sentido común e que resulta ser, por desgracia, o menos común de tódolos sentidos. Daba gusto oírle discorrer sobre calquera asunto que implicase a xentes, a persoas, a institucións. Os seus razoamentos, o seu punto de vista, eran irreprochábeis, e lamentaba un que non abundaran persoas así, dotadas desa cordura, en particular entre a clase dirixente.

Mais tamén era divertido, cun sentido do humor bonachón e agudo que sabía extraer de

cada cousa, de cada situación, de toda persoa, o máis exemplar no sentido puramente didáctico, salferido de bo humor, de inocente ironía. E quen o coñeceu e tratou, por pouco que fose, lembrará a súa proverbial discreción e cortesía. Lembro, por exemplo, unha mañán na que falabamos do corazón do Home, da humana condición... Carlos deu en recordarnos que todo o que era bo ou era pecado ou facía dano. Daquela puxémonos a falar do pecado, quen o ía dicir, e axiña distinguiu el dúas clases principais: os secos e os húmidos. O pecado seco é o máis feo, o máis triste, o máis ruín de todos, o que de verdade merece castigo: a envexa que corroe corazóns pequenos; a mesquindade, a ira, a avaricia... En cambio, os húmidos son máis desculpábeis porque son moito máis humanos e terrenais: que cada quen insira aquí a súa particular lista, dende a boa comida e bebida ás mulleres, e un longo etcétera de excesos perdoábeis. Non significaba sen embargo isto un concepto graxento da vida, coma o de Falstaff, senón un alegre e creador, vivificador, que fai a vida máis lixeira de levar e máis apetecíbel de vivir.

Foi un paso ata a proposición, da enteira responsabilidade de Carlos, de que deberíamos constituírnos de contado nun clube, o Clube dos Pecadores Húmidos, xa que o eramos todos e a todos nos marcaran a biografía os pecados húmidos, proposición que foi aceptada por unanimidade e aclamación, con efecto inmediato e de obrigado cumprimento. ¡Tiña gracia a cousa! A xente falaba da tertulia de Monterrei e nós de pecados húmidos, ironías da vida...

Agora que o Destino me xogou a mala pasada (supoño que por pura bioloxía) de deixarme só, perdido, sen referencias, o derradeiro supervivente do Club, quéroche enviar, Carlos, unha derradeira petición: alá onde esteas gárdame un sitio á túa beira. Cando me chegue a hora, sexa cando for (para ti xa non hai tempo, se cadra a maior das humanas limitacións), quero sentar onda ti, e xunto a Gonzalo e Manolo, para seguirmos parolando, non coma antes para entender e sentir o mundo, senón para ver se convertemos ao fin o ceo nun inmenso Clube de Pecadores Húmidos mellor có noso, onde a alegría do perdón e a esperanza habiten para sempre. ■

ALUMNO de Carlos

En realidade, eu non fun alumno de Carlos cando o era, senón despois de selo. Explícome. Carlos chegou ao Instituto de Cangas a comezos da década dos setenta, no curso 74-75, creio recordar. Para el eran anos de rica creación literaria e o comezo dos seus traballos de investigación e crítica que máis tarde recibirían tantos eloxios. Chegaba ao “María Soliño” cun premio recente debaixo do brazo, o de teatro infantil O Facho por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* e a incuestionable condición de gran promesa das nosas letras.

Daquela eu iniciaba o sexto curso de Bacharelato. Era o meu segundo ano no Instituto de Cangas. Dende o curso anterior existía no centro unha célula de Erga (Estudiantes Revolucionarios Galegos) que dirixía as actividades clandestinas cun gran entusiasmo, dinamismo e crecente acollida. O instituto de Cangas tiña certa sonda de simpatías co galeguismo e o nacionalismo, politicamente presentes no Morrazo a través de diferentes expresións. O profesorado era, en gran medida, progresista. Por alí andaban, entre outros, César Varela, Manolo Valverde, Camilo Gonsar ou Francisco Rodríguez.

En cursos anteriores publicárase unha revista do propio Centro, feita en galego e coa participación dos alumnos, na que se recollían reflexións, escritos e poemas moderadamente críticos co réxime e que foi suspendida pola autoridade gubernativa. Aínda frescos os ecos das folgas de 1972, Franco confiaba na eficacia cirúrxica da represión.

Nese contexto, pese aos esforzos de Carlos por interesarnos pola literatura, o que realmente nos preocupaba a moitos era a política e non admitiamos fronteiras ríxidas entre o ensino e o demais. Todo formaba parte dunha mesma loita: non habería mellora do sistema educativo sen a derrota do fascismo e esta era a prioridade número un, tarefa inseparable da emancipación nacional e social. Así, se Carlos, secretario do Centro, organizaba un certame poético para abrir espazos ás inquedanzas culturais e literarias, a nosa poesía

viña a ser o “Canle”, boletín informativo feito coa vietnamita que agochabamos en Moaña, entre as pedras dun muíño vello, e que logo distribuíamos clandestinamente no propio Instituto colocando nunha incómoda situación ás autoridades do centro, frecuentemente visitadas pola Benemérita local.

Alén diso, as mobilizacións pola mellora do servizo de transporte escolar ou as campañas contra as probas de selectividade introducidas polo réxime en 1974 mantiñan un nivel de tensión e conflito moi elevado, alterando inevitablemente o funcionamento normal do centro.

Animados polo éxito da revolución dos caraveis comezaban a circular as gravacións do Zeca, Godinho ou José Mario Branco. Ese ambiente facía posible, por exemplo, o estudio do francés a partir das cancións de Jacques Brel ou Moustaki, coa anuencia e bo gosto de Tomasa que facía dalgunhas clases auténticas audicións cun éxito educativo, todo hai que dicilo, verdadeiramente notable.

As forzas represivas non distinguían entre uns e outros e todos viñamos a ser comunistas e separatistas. Nós si faciamos a distinción e Carlos, procedente do “Felipe” (Frente de liberación popular), achegado a Ramón Piñeiro e Galaxia, quedaba da outra parte da raia formando parte dos opositores tibios que non loitaban de fronte contra o fascismo e pola ruptura democrática, pola revolución nacional-popular.



► Xulio Ríos nun mitin de ERGA no ano 1975.



Nada sabíamos entón da súa detención con José Luis Aranguren nos tempos en que militaba na Asociación Democrática de Estudiantes; da súa expulsión do Colexio Libre Adoptado de Viana do Bolo por orde do gobernador civil, Guillermo Fernández Júlbez, e atendendo á presión exercida polos caciques locais; da prohibición decretada polo entón rector da Universidade de Santiago, Manuel García Garrido, de exercer a docencia en todo o distrito universitario; da súa exclusión posterior, por motivos políticos, do Colexio Vizcaya de Bilbo...

Os politicamente organizados andabamos daquela coa teima da lingua, falabamos en galego nas clases e con moitos profesores, nalgún caso comezábanse a facer os exames no noso idioma e, amparados nas reflexións clandestinas de Iago Santos Castroviejo (¿Por que as clases deben ser en galego?) e públicas de Valentín Arias (*A lingua galega na escola*), en asembleas de aula esixiamos do profesorado que as clases se impartiran no noso idioma. Era unha campaña nacional e o Ministerio reaccionou, como era de esperar, cun múltiple expediente no que se incluía a Méndez Ferrín, Alonso Montero e Francisco Rodríguez, entre outros. Simpatizando sen dúbida coa nosa demanda, pero atrapado nas redes da burocracia educativa, Carlos, sen ganas de continuar aquí a senda de expulsións de anteriores centros, padeceu entón unha presión difícil de soportar e da que nunca gardou rencor, a sabendas de que eu era a cabeza visible daquela toda efervescencia.

Lembro que nunha ocasión compareceu na aula con Hilario Rodríguez, o director, para que este pomenorizara as razóns académicas da imposibilidade de dar as súas clases en galego naquela altura, ante as reiteradas e numerosas advertencias da administración educativa da época. Carlos, cun expediente persoal nese sentido pouco favorable a medidas de gracia, non quería ser desterrado de Galicia, como lle acontecería a Francisco Rodríguez ou a Xesús Alonso Montero.

Do seu maxisterio, alén das excursións polas figuras máis sobranceiras da literatura española e galega e que sempre abordaba con esa

amenidade e didactismo característicos, deixou en min a impronta do interese pola lingüística e a semántica. Autores como F. H. George ou, sobre todo, Roman Jakobson, formaban parte das nosas lecturas indispensables para adentrarnos nas interioridades da linguaxe e os seus trazos distintivos, unhas lecturas que por aquel entón semellaban tamén interesar moito ao propio Carlos.

Eran pois, aqueles, tempos cargados de esperanza pero difíciles para persoas que como Carlos rebordaban ánimo conciliador cando todo ó seu redor convidaba á ruptura e ó conflito. Daquela, en Cangas, Carlos Casares, cuestionado por ese talante que non comprendiamos, ofrecíanos unha lección de futuro que anos adiante habíamos valorar mellor, comentáballe nunha ocasión a Manolo Rodríguez, a quen sempre alcumamos cariñosamente o *Filósofo*, amigo tan próximo de ambos para sempre.

E a pesar das distancias que nos podían separar, do diferente nivel e intensidade do compromiso político, no seu piso do Espírito Santo, na subida a Coiro, na compañía de Kristina, eramos quen de pasar unha tarde enteira a falar da difícil situación de América Latina, dun volcán sempre a piques de estoupar a pesar dos esforzos “pacificadores” da administración norteamericana de turno. De Víctor Jara a Quilapayun, América era unha canción compartida que abría portas ao entendemento.

Co paso do tempo e despois dunha paréntese de camiños separados, houbo ocasións dabondo para cimentar esa relación de afecto a través de colaboracións en *Grial*; de Galaxia; dos apoios que sempre prestou aos meus primeiros traballos e investigacións no eido da política internacional; das conversas con Ramonet ou Saramago nunha sobremesa nos da Ponte, en Baredo; do traballo do seu fillo Christian, a facer a prestación social no Igadi; das tardes de verán no porche de Vilariño comentando as miserias da vida municipal.

Avelino Fernández, daquela, alcalde de Nigrán, tiña na lista negra por participar nun



► Tino Santiago, Xulio Ríos, Antón Mascato e Carlos Casares, na presentación do libro *Sempre no Mundo*, de Xulio Ríos. Baiona, decembro de 2001.

acto de desagravio a Castelao cando a tan controvertido mandatario se lle ocorreu, caso único en Galicia, retirar o seu nome dunha avenida principal. Manolo Rivas fixera do asunto un caso célebre dende as páxinas do desaparecido *Diario de Galicia*. Ao remate da protesta, os demais, Bautista Álvarez, Alonso Montero, etc, marcharon naturalmente para as súas casas. Carlos, como Xulián Maure, quedou no concello miñorano a padecer dende entón a neura cotiá do mentado gobernante.

Tiña esa “virtude”, non aspiraba máis que a ser un home tranquilo, coherente e honesto, sen estridencias, pero as situacións revirábanselle ao seu pesar, agromando as intolerancias ao seu paso.

Carlos poñíase ao teléfono e nunca sabía dicir que non. Faláraslle de escribir un bando para que os Concellos comunicaran aos veciños o seu

compromiso coa cooperación e a solidariedade internacional, para recibir a un amigo que viña de lonxe ou para presentar un libro, actividade da que sempre me deu a impresión de que gustaba especialmente, sempre estaba disposto. Estivo elocuente e sincero cando presentamos o meu *Sempre no Mundo*, na Biblioteca Pública Municipal de Baiona. Durante a cea, con Tino Santiago e Antón Mascato, xurdiu o comentario dos meus adiantos no dominio do *putonghua*. Aos poucos días enviábame a edición en chinés de *O Principiño*, a obra de Saint-Exupéry que el mesmo traducira do galego en 1972 e que constitúe unha magnífica recreación do clásico francés no noso idioma, como afirma Luís González Tosar.

Así era Carlos, xeneroso, entrañable, un home cordial por cultura. Non sabemos se podería ser doutra maneira, pero foi quen quería ser. ■

buscando desesperadamente a UN ESCRITOR

Ese estraño e aparentemente irresoluble binomio que forman o azar e o tempo foi a causa de que tivese a sorte de coñecer persoalmente a Carlos Casares e, dende aquela, gozar do privilexio da súa amizade. Sen decatarme, esa curta e curiosa amizade modificou en min a percepción de moitas cousas. Aprendín a lección de como valorar sen prexuízos ás persoas na súa verdadeira dimensión, gracias ao cal puiden comprender que os verdadeiros mestres son aqueles que para ensinar non precisan máis ferramentas cá súa presenza e bonhomía. Sen dúbida foi ese un encontro do que tirei un grande proveito, pois ademais de descubrir a persoa de Casares, larguei todo o dogmático lastre que me quedaba e puiden experimentar por primeira vez o alegre e livián camiñar por unha sociedade chea de matices e de realidades dignas de ter en consideración.

Había moitos anos que sabía da existencia do escritor Carlos Casares. Fora no Instituto, cando un primeiro e único intento de representar *As laranxas máis laranxas...* quedou en nada, porque ao “profe” de vez parecéralle de máis enxundia ensaiar *Antígona*. Unha mágoa, pois seguro que o público tería prestado máis atención e durmido menos. Despois desa experiencia o coñecemento do autor continuou con fortuna desigual, unhas veces pola vía imperativa do comentario de texto, e outras coa lectura libre, pero inacabada, dalgunha das súas primeiras novelas.

Pasado o tempo, e por unha estraña sorte de deformación profesional, voltei a mirada sobre a actividade intelectual e política de Carlos Casares, fixándome especialmente nesta última, xusto a que máis diverxía, ou iso cría eu, da miña concepción do mundo, e do País, e das estratexias para cambialos. Ben é certo que por aquel entón Casares xa era unha persoa importante e influente, que actuaba con éxito no seo de determinadas elites ligadas ao mundo da cultura e da política galegas. Foi así como atopei a escusa perfecta para seguir xustificando os meus prexuízos de aprendiz de político (que non eran só meus), e poder continuar empoleirado no absurdo mundo da

verdade absoluta con destino final, garantido, na ignorancia infinita.

Houbo que agardar ao final do inverno do ano 1994, co Entroido no horizonte, e coa necesidade de atopar un prosista cualificado que nos escribese o Testamento da Sardiña dese ano en Gondomar, para que ocorrese o milagre. Coma non dabamos atopado gran cousa de xeito, uns por moi serios e outros por arredados, dirixinme a Antón Mascato, recién chegado á súa nova residencia de Gondomar e relacionado co mundo literario, para que nos botase unha man e nos aconsellase. E foi el quen nos indicou a Carlos Casares coma a persoa máis apropiada: escritor consagrado, veciño do Val Miñor, e sobre todo xinzolimián, un dos lugares de Galiza onde o entroido se leva no sangue. Xusto o que buscábamos.

Lémbrome que conseguín o seu teléfono na guía, o que non deixou de sorprendeme, e malia as miñas dúbidas e temores por semellante atrevemento con persoa tan importante decidín chamalo. Ao meu favor só tiña unha coartada dabondo atractiva e disparatada, imposible de rexeitar por alguén nacido en Xinzo da Limia. Con ese convencemento chameino. Colleu o teléfono a súa muller Kristina e ao momento púxose Carlos. En dous segundos decateime que ao outro lado do fío había unha persoa entrañable e acolledora, e que se había unha





negativa non ía ser traumática. Primeira ruptura de esquemas: ese ano Gondomar ía ter un dos Notarios máis ilustres de toda a historia do seu Entroido. Carlos Casares acababa de aceptar a proposta.

Semana e pico máis tarde o Testamento da Sardiña estaba rematado. Houbo algunha chamada máis e finalmente a primicia e o luxo dunha lectura privada do devandito Testamento no seu despacho de Galaxia, en Vigo. Alí, Manuela de Peitieiros e mais eu presenciamos case o momento inicial da creación do que para min é, sen dúbida, unha pequena xoia literaria saída do maxín e da mestría de Carlos Casares.

E xa metidos na lea, e á vista de tanta xenerosidade, atrevínme a dicirlle toda a

verdade. Que a redacción do Testamento conlevaba a súa lectura pública e a participación no Enterro da Sardiña, por suposto de loito rigoroso. Seguro que por aí non pasaba, pensei, e voltei a trabucarme. Con só insinuarllo Carlos aceptou encantado, e ese ano dimos a badalada no Entroido de Gondomar. Aquel grupo de rapaces e raparigas que trocamos temporalmente revolución por diversión, e que por non ter nin sequera tiñamos subvención do Concello, conseguimos salvar o Entroido das gadoupas do aburrimiento e das malas intencións dos gobernantes municipais.

Dese xeito tan pouco protocolario coñecín eu a Carlos Casares. Foron o azar e o paso do tempo que fixeron posible algo inicialmente improbable. ¿E porque non seguir soñando? ■



► Caricatura de Siro (*La Voz de Galicia*).



0C7160983

CLASE 8P
NACIONAL

TESTAMENTO DA SARDIÑA 1994

No vila de Gondomar, a día 16 de febreiro de 1994, ante min, Carlos Casares de Xirzo, veciño do Val Miñor, contador de historias e de contos, Notario Maior ocasional por decisión dun habitante deste concello, que democraticamente me nomeou para desempeñar o meu labor, comparece unha dama velliña e esfarrapada que asegura chamarse dona Sardiña da Grelle e Pringada, condesa de Chamusque e marquesa da Brasa, a cal desexa outorgar últimas vontade, para o cal comeza dicindo:

Que antes de chegar no día de onte a esta ilustre vila de Gondomar, recorra o mundo como turista, o cal será razón para explicar o estado de indiferencia no que se atopo, ítem máis as calamidades que a aflixen e que a simple vista se poden observar no oído esquerdo, que trae hinchado, no brazo do mesmo lado, que trae torto, e na perna da mesma parte, que trae coxa e esnafrada.

Preguntada pola razón destes golpes e feridas, responde que foi un vento forte que agora recorre o mundo, que a colleu de costado alí por Rusia, e que o citado vento é denominado de distintas maneiras segundo a fala de cada país, pero que entrando en Galicia pola parte de Pedrafita oúlle dicir a un polsano que era un vento frío que sopla sempre da parte dereita e que ataca sempre a parte esquerda da xente, especialmente brazos e pernas.

Aclarada a razón do estado no que se encontra, diño que quere denunciar para que conste, que na viaxe que fixo ela non se meteu nunca con ningún, pero que, en cambio, sufriu insultos e agresións. En Moscú, por exemplo, recibiu unhas labazadas dun tal Zhirínovski, que lle mandou unha pedrada e lle roubou o bolso; que en Alemania lle deron con ovo na cabeza porque pensaron que era turca; que en Inglaterra a invitaron a unha festa de señores dunha coxa rara que se chama Non Sei Que Conservador, onde se comía polo frío e queixo podre, dese de bichos, e que aqueles señores pretendían que se espina e bailara unha mullerita no alfo dunha mesa, coa braga colgada dunha orella; fixolles a puteta, chamoulles marrás e marchou liscando.

De alí pasou os Estados Unidos, pero estivo pouco tempo, porque coxa no medio dunha banda de mulleres que a quixeron reclutar para captar homes polas noites, cortarlles a pinglanilla con couteiro e montar despois unha industria de alimentos para gatos. Falou dona Sardiña co presidente Clinton e este díxolle que eso non o ía permitir no sex país, pois non era xusto crear industrias novas nunha terra onde sobran, habendo tantos países no



mundo con falta de recursos e traballo. Dixo ademais que a materia prima era mellor na América Latina, pois mentres nos Estados Unidos se necesitarían as desperdicios de tres copados para alimentar un gato, no Brasil, por exemplo, os restos dun negro daban para seis ou sete.

Des Estados Unidos parou dona Sardita a Italia. En Roma, un político que encontrou saíndo da misa, propúxolle un negocio: mercar un banco, pedirlle cartos ó propio banco para pagalo, alquilarlo despois do mesmo dono do banco, mercar accións do banco co diñeiro conseguido polo alquiler, volver vender as accións do banco e cos beneficios obtidos comprar o banco novamente. Como dona Sardita non sabe moito de finanzas e non entendía ben, pediu dúas horas de prazo para chamar a don Mario Conde. Este díxolle que era un negocio claro, limpo e seguro.

En Italia sentiuse dona Sardita un pouco mareada e decidiu coller un avión para Madrid. En Barajas, sorprendeu a un cantante de tanguos chamado José María Aznar, que estaba detrás dunha columna facéndolle guiños con ollo. Achegouse a el para saber que lle pasaba e o susodito díxolle que a invitaba a bailar aquela noite. Aceptou dona Sardita, foron a unha discoteca e aburriase como unha ostra. O tal Aznar empeñouse en dicirlle que lo acabar co paro nunha hora, que tiña unha receita para acabar co crise económica en vinte e catro horas e que ía rebatir os impostos un pouco por debaixo do cero. Despois, no baile, pinchouna nun ollo cos pelos do bigote e písouna nun pé. Cando marchaban para a casa, víron a dous tipos do PSOE dándose labazadas na porta dunha taberna.

Dona Sardita decidiu regresar a Galicia polo Camiño de Santiago. Como non tiña un peso, pedíulle unha subvención a don Víctor Vázquez Fontanella, que lle deu un burro que antes lle comprara a un xitano en Santiago. A cabalo del entrou dona Sardita no país.

Esto foi o que ante mós depuxo, co rogo de que conste por escrito como preámbulo de súas derradeiras vontades, que a continuación se detallan.

Asinado: Carlos Casares

“en todas partes CUECEN HABAS”

OU PINCELADAS CON NOSTALXÍA

Case que tódalas noites dos meses de Xullo e Agosto, despedíámonos cun ¡deica mañá! tras reflexionar que deixabamos por ese día o país arranxado. ¿Digo o país? non, ¡ a humanidade!

A nosa despedida acompañabámola dun xesto, entre irónico e “coñón”, que levaba un certo aire de preocupación porque deixabamos a cousa amañada, pero tamén eramos sabedores de que, ó día seguinte, tiñámolo que volver arranxar.

¡Que resignación a nosa e que mundo este que temos que arranxalo tódolos días!

Creo que o Carlos tertuliano era, dentro dese poliedro regular e inequívoco que compuñan as súas variadas facetas, o ser absolutamente irrepitíbel que engaiolaba porque facía, ó tempo, poesía, teatro, narración, fábula, docencia, aprendizaxe, culto á amizade, complicidade, interpretación da realidade e arte de escoitar. En fin, practicaba, dominando os instrumentos e a metodoloxía, eso tan difícil da comunicación co “próximo”.

Podería, en certa maneira, representar a antítese deses cánticos dos novos tempos, os inventos dunhas imaxes persoais ás que se lles consagra, despois, a razón de existir.

Non podía imaxinar sequera o tamaño do baleiro que deixou en min o seu pasamento. Fáltame a súa complicidade –que sempre a tiña– para comprender as cousas que pasan ó meu derredor. Axudoume tanto e tantas veces, que penso que sempre vou estar en débeda con el. Só me fai sentir ben o pensar que isto puido ser algo recíproco.

A conto disto vén o título en castelán destas liñas. Efectivamente, esta frase convertémola na representación un tanto “coñera” e creo que lúcida, dunha reflexión cómplice. Moi útil para vulgar e relativizar infinidade de situacións totalmente dispares. Tanto nos servía para situar a un embaixador ó que se lle abría o pantalón ó agacharse para recoller o pano a unha dama, como para

analizar quen tiña máis ou menos razón no conflito afgán. Tamén nos era de grande utilidade nas disputas domésticas do noso, ou dos nosos, contornos.

Vou poñer un exemplo fronte a unha situación calquera. Esta podía ser a nosa conversa: ...Non é ouro todo o que relumbra...¡benj... se eu che contara.... non sabes o que me pasou o outro día.... conta, conta... A partir de aquí, xa moi en serio, viña o relato, que tratábamos de que fora o máis rigoroso posíbel e exento de fobias e prexuízos, pero eso si, analizando a situación, os personaxes e o seu rol; a conclusión, pola vía comparativa, sempre era mesma, que,... ¡en todas partes cuecen habas!...ha...ha...ha! Moitas veces riamos, por non chorar, ó ver a identidade do cociñeiro.

Con Carlos viaxamos dende a terraza do “Eladio” Miguel Viqueira, Javier Torrente e eu, ás veces acompañados por Paco Mantecón ou algún outro achegado, por toda Europa no tren dos escritores, nunha viaxe corrixida e aumentada por unha lente singular. Se ademais estaba o poeta e autor de guións cinematográficos Alberto Porlan, que xa na outra vida, real, fixera esa viaxe, o resultado poden imaxinalo.

O Ourense que eu vivín de neno, e non tan neno, con aqueles personaxes que me subxugaban polo seu porte, a súa tolemia, a súa indumentaria ou mesmo o seu alcume, acabei de interpretalos tirándolle da lingua a Carlos, mirando o mar baixo as estrelas no meu querido Panxón, con grande alborozo e gozo dos presentes.

J.V. Gimeno, Arturo Baltar, D. Vicente Risco, o pintor Trabazo e a súa esposa, Toñito “Patata”, o Failde, o Toniño e tantos outros conformaron unha cidade que, alomenos para os nosos contertulios que viviron nela a través de Carlos, supera todo o imaxinábel...; se non lles parece certo... pregúntenlles a eles.

En fin, gracias a Carlos informeime, pasado o medio século de vida, que a autoescola de conductores “O se alquila”, nacida en Ourense e

► Á dereita: Xosé María Fonseca, Antón Santamarina, Blanco Campaña e Xoán Fonseca. Á esquerda: Casares, Barreras, Bieito Ledo, Pedro de Llano, Paulino Novo e Antonio Arenas.



© Xurxo Lobato

hoxe con sucursais por toda Galicia, chámase así porque “o se alquiler” era o alcume do “O se alquiler” e non por unha mala interpretación do idioma nin por nada que tivera que ver co alugueiro. ¡Que conflito arranxei con esta aclaración!

Carlos maquetista de trens, Carlos, coleccionista de cámaras de fotos, Carlos, buscador en internet...

Dependendo da temporada, traía á tertulia diversos obxectos ou maravillosos cachifallos cos que gozabamos dabondo. Durante varios días veu con dúas cámaras de fotos, sempre diferentes, unha en cada peto da chaqueta. A partir da contemplación da primeira empezaban os diálogos sobre a calidade das ópticas nórdica, alemana ou xaponesa, o que se pode ver a través dun obxectivo, como se pode ver, por que o negro é a ausencia da cor... concluindo, en fin, coas causas da revolución rusa.

Quero relembra-lo valor que Carlos lle deu ó invento do teclado portátil dos ordenadores. Xunto co teléfono móbil e unha pequena pantalla de tamaño dun libro de peto, demostrounos como, co posto, podíamos ter, dende calquera sitio a calquera hora, o saber universal ó noso alcance.

Efectivamente esa noite, xa co “Eladio” pechado, e nós sos fronte ó mundo, entramos na Enciclopedia Británica e consultamos unha dúbida respecto dunha rúa ourensá. Despois pechou o teclado que, dobrado sobre si mesmo, meteu no peto dereito da chaqueta. A continuación gardou a pequena pantalla e o punzón. Por último, e xa con esa mirada pícara que puña cando quería e inclinándose levemente cara a un lado -non para gardar o teléfono, senón para que a mirada, aparte de pícara, fora de esguello- mirou para min e dixo. ¡Ala, ca música a outra parte!... que... (pausa e posterior remate a coro)... ¡En todas partes cuecen habas!. Ata mañá. ■

decidiu vir **VIVIR** a este **FERMOSÍSIMO VAL**

A gavela do Guillade

Durante unha longa tempada, dous anos aproximadamente, un grupo do Instituto de Estudos Miñoranos mantivo un programa semanal de cultura denominado "A gavela do Guillade" na desaparecida Radio Voz-Onda Cero do Val Miñor. O imprevisto falecemento de Carlos Casares obrigounos a dedicarlle algúns programas. Un deles foi unha entrevista ao seu amigo Bieito Ledo que reproducimos, e que se emitiu o primeiro xoves do mes de maio de 2002.

Ola, bo día

Foi o nove de marzo do 2002, tan preto aínda, cando a mañá dese sábado viña cargada da nova máis negra: Carlos Casares, por sorpresa, sen darnos tempo a terlle amosado en vida a consideración polo seu traballo e a súa obra, deixaba este paraíso do Miñor para fixar a súa morada no Olimpo dos grandes galeguistas que abriron camiño. No programa de "A gavela" de hoxe non imos dimensionar a enormidade da súa obra literaria, nin o seu incesante furar nas iniciativas culturais; hoxe imos falar do Casares xeneroso, aberto, amigo dos amigos, é dicir, da súa faceta máis humana; dese Casares que moi poucas horas antes de desaparecer, na noite do venres día 8, na saída da homenaxe a Francisco Fernández del Riego no Centro Cultural Caixavigo nos saudaba co seu cálido sorriso, do Carlos Casares amigo do IEM co que estabamos a comentar algúns detalles sobre o Congreso do Conde de Gondomar que imos organizar conxuntamente o IEM e o Consello da Cultura Galega ou sobre unha cita que concertamos para o día seguinte, 9 de marzo, cos organizadores da emisión "Ponte nas ondas". Ninguén de nós podía imaxinar que aquel: "teño traballo, voume xa para Nigrán, non me podo quedar..." que Carlos Casares nos dicía era unha despedida infinita.

Cando lembramos a Carlos Casares non podemos deixar de esbozar no rostro un aceno relaxado de serenidade que el sempre irradiaba. Como non lembrar aquel primeiro día que estivemos con el, un domingo, lembro agora mesmo, que fomos pedirlle que viñese a un programa de "As lérias do moucho" que tiñamos na desaparecida Radio Val Miñor. Por suposto que nos dixo que viría encantado, pero despois de presentarnos ao seu gato Samuel, que saltou á fama nas columnas diarias que Carlos Casares escribía en La Voz de Galicia, tivo un especial interese en acompañarnos a algo realmente querido para el: a súa xigantesca maqueta,

cosmopolita e chea de camiños de ferro, de andéns, de máquinas de tren, de vagóns, de materiais das máis insospeitadas procedencias internacionais. Lembramos, como non, o agarimo con que puxo en marcha o inmenso pero diminuto complexo ferroviario; tamén o xesto de lixeira frustración cando unha das moitas máquinas existentes que tiña que arrancar e pórse en circulación se negou a principiar a marcha co cambio de agullas. Pois ben, para falar destas facetas humanas temos a sorte de contar hoxe cunha persoa que tivo unha moi estreita relación con Carlos Casares, co que imos conversar sobre os aspectos máis humanos do finado.

Bo día, Bieito Ledo

Bo día

Saudamos tamén ao resto dos membros de "A gavela": bo día Carlos Méixome, Xoán González e María Xosé González e bo día tamén a todos de quen lles fala, Lino Pellitero.

Bieito Ledo é director da editorial Ir Indo, vicepresidente da Fundación Premios da Crítica e un home moi coñecido no mundo da cultura.

P. ▶ Bieito ¿cando coñeciches a Carlos?

R. ▶ Eu coñecino no ano 56 cando eu tiña 11 anos e entrei no Seminario de Ourense e el cursaba cuarto de Latín. Eu vivía na comunidade dos "latinos", o que era primeiro e segundo, e el estaba na dos "retóricos", que era terceiro, cuarto e quinto. Eles xa vestían sotana. O Carlos era pequeno de estatura, entón e... tamén despois, pero era un gran xogador de fútbol, destacaba, incluso xogou no Antela, no club Antela de Xinzo de Limia e sobre todo xa soaba na comunidade dos "pitos", que así se chamaba vulgarmente, porque era un gran organizador de concursos literarios, onde el era sempre o mellor... e era ademais un gran



reporteiro do fútbol, como lle gustaba e como escribía moi ben, os pequenos xa o admirabamos. Eu coñecino aí, por tanto cara arriba...

P. ▶ ¿Que era? un curso menos, só?

R. ▶ Non. Eu ía en primeiro e el ía en cuarto.

P. ▶ Tres, tres cursos

R. ▶ Si, si.

P. ▶ ¿Non escapaches con el do seminario?

R. ▶ Non, eu acabei o seminario. Eu estiven doce anos e el en quinto marchou. Despois eu recuperei, xa sendo mozos, a amizade cando elixín Vigo para instalarme, no ano 75, polo tanto vai para 27 anos e Carlos estaba de profesor no Instituto de Cangas. Eu montei unha librería e ao pouco tempo entrei de Director-Xerente da Editorial Galaxia, onde el botou unha man, na miña entrada aí, con don Ramón Piñeiro, con Xaime Isla Couto e con don Paco Fernández del Riego, que eran así as tres persoas máis representativas da editorial e el pasou, pois, informes meus nese aspecto de que era unha persoa de fiar...; fun por tanto o primeiro Director-Xerente a tempo total da editorial, en canto que o anterior, era Valentín Arias, pero era a tempo parcial, era mestre de escola e parcialmente levaba a xerencia. Eu fun o primeiro. E nese momento foi cando el decidiu mercar a terra aquí de Vilariño, ou sexa decidiu vir vivir a este fermosísimo val. Eu fun testemuña e fun chofer permanente que o recollía no porto de Vigo, que viña no barco, e traía aquí para ir controlando, aínda que a tiña axustada, todo o proceso de construción dunha casa unifamiliar. De tal maneira que chegou un momento, era moi propio de Carlos, que sabía máis que os albaneis, cós carpinteiros, cós electricistas, ca todo o mundo.

P. ▶ Fíxoo con moita ilusión isto de virse para o Val Miñor, contábanos...

R. ▶ Moitísima, moitísima, moitísima, pero... unha auténtica barbaridade porque el como tiña moita capacidade de lectura e de relación e logo fabulaba, pois claro, botáballe unha dose de profesionalidade a quen non a tiña, e hai unha anécdota moi bonita que conta el dun carpinteiro que nunha ocasión..., el fixera uns debuxos para...uns planos...para que o carpinteiro logo

lle fabricara todos os estantes da biblioteca; así que estaba subido nun tallo o famoso carpinteiro e o Carlos preguntoulle: “Oe señor Antonio ¿canto mide?” e o outro contestoulle: “Algo máis dun metro escaso”. Eu penso que o inventou Carlos pero logo correuse por aí. Isto defínenos moito máis que a situación da escaleira que non se sabe se subimos ou baixamos. Isto é moito máis bonito e máis perfecto, de tal maneira que a xente que nos escoita, se é galega, sabe exactamente canto é, pero unha persoa que non é galega non se dá conta de nada.

P. ▶ Ese señor Antonio, era do que despois falaba el tanto nas “tiritas” de “Á marxe”, que ía...

R. ▶ Si, que era o carpinteiro a onde ía habitualmente...

P. ▶ Si, a onde ía botar a cháchara...

R. ▶ Si, si e incluso a cheirar a madeira...

P. ▶ Si, polo cheiro especial...

R. ▶ Si, polo cheiro...

P. ▶ Mira ¿e por que o Val Miñor se el estaba en Cangas, non? Foi casualidade ou...

R. ▶ Ou tiña un amigo...

P. ▶ ¿Por que quedou aquí? ¿Por que construíu aquí a casa?

R. ▶ El tamén naquel momento puido pedir o traslado para o Instituto chamado antes “o feminino”, das Travesas. E entón, claro, xa cambiou tamén a circunstancia, a economía tamén lle permitiu cumprir unha ilusión de comprar unha terra e facer unha casa, cousa que agradecía moito á súa dona Kristina, que como todos saben é sueca e na súa cultura valórase moito este tipo de vida. Non sei cal foi a razón... xa a última de elixir o Val Miñor, pero eu penso que non fai falta buscar moitas, porque ten un clima magnífico, ten moitísimas cousas, polo tanto non fai falta ser moi imaxinativo para decidirse...

P. ▶ Por certo que ti tardaches, moitos anos despois de Carlos, pero tamén caíches, non?

R. ▶ Si, eu hai catro ou cinco anos que encontrei casualmente unha casaña vella e restaureina, aí a un lado de Mañufe, e teño aí a dúas xoias da miña nenez ás que lles debo moitísimo, que son





a miña nai e a miña tía, que me criaron as dúas xunto co meu pai, meu pai está, durmindo fora da casa xa hai uns cantos anos. E, e téñoas aí...por ventura e por sorte están felices.

P. ▶ Volvendo a Carlos, un home da súa xenerosidade, ó que lle era difícil dicir que non ¿a que

“(...) Home, se lle pedías un favor inxusto, que prexudicara a alguén, pois non entraba e se lle pedías algo que estivera fora das súas posibilidades... do seu alcance tampouco entraba.”

se podería negar Carlos? ¿a que cousas el non sería capaz de acceder? ¿que lle poderíamos pedir que non nos concedera?

R. ▶ Home, se lle pedías un favor inxusto, que prexudicara a alguén, pois non entraba e se lle pedías algo que estivera fora das súas posibilidades... do seu alcance tampouco entraba. É dicir, el tiña unha medida de si mesmo bastante acertada, nunca facía alardes de poder, el tiña un prestixio no mundo da literatura, no mundo da conversa, no mundo da conferencia, pero nos outros territorios, aí era... era austero e nunca prometía cousas que non se podían facer.

P. ▶ Sen lugar a dúbidas Carlos, ben, penso que calquera veciño do Val Miñor dáse conta que era unha persoa que caía ben, eu seiño porque... porque ben, a xente coa que vivo en A Ramallosa, todo o mundo o di: “ben, pois si que me deu pena que morrera... porque ¡que boa xente era! ¡eu non o coñecía de nada! só o coñecía de ir comprar aí o xomal”, que era... que tiña Carlos... que... que... irradiaba... non?

R. ▶ Carlos tiña unha memoria prodixiosa, era un lector empedernido, tiña unha capacidade de síntese impresionante e como consecuencia de todo eso daba un conversador, un contertulio... alguén o definiu, a nivel de España, como o mellor contertulio despois de

don Álvaro Cunqueiro. Despois era un magnífico conferenciante, era moi didáctico na exposición da conferencia, tiña un gran fío conductor, de tal maneira que a xente cando asistía e o escoitaba saía máis instruída. Logo era un gran escritor e un magnífico articulista. Agora ben poder compartir mesa e mantel, Carlos non comía moito, pero conversaba moito, era unha inmensa delicia. Pero compartir con el unha tertulia aquí en Baiona, que el frecuentaba con Torrente Ballester, eu si que tiven esa sorte de dar un paseo polo que ao parecer vai ser o paseo de Carlos Casares en Panxón; eu penso que ese paseo é o mellor paseo do mundo; eu empecei a botar aí un mes coa miña familia dende hai moitos anos, e desde que Carlos ten aí a casa, no mes de xullo e agosto, frecuentemente, á noite, citámonos alí nunha daquelas terrazas e mesmo cando eu era funcionario do concello e tiña que á mañá levantarme cedo, ás veces marchábame para a cama ás tres ou ás catro da mañá polo pracer de conversar con el e tratar de arranxar o mundo a nivel cultural, a nivel político, a todos os niveis...claro, quedaba sen arranxar algo para o día seguinte.

P. ▶ Dixeches moitas calidades de Carlos, pero eu teño a impresión de que quizais non estea suficientemente valorado no resto do estado, non? Cando morreu, sorprendeume que así como en Galicia foi unha convulsión no resto non tivo tanta proxección; ¿quizais foi por escribir sempre en galego?

R. ▶ Fáltalle ao mellor esa transcendencia, o feito de estar aquí nesta esquina xeográfica, que estivemos secularmente incomunicados... pero se algún escritor é coñecido, valorado en toda España é Carlos. Ten obra traducida ao castelán, e en todos os periódicos, en todos os “saraos” de intelectuais...Carlos Casares era unha persoa moi valorada, de tal maneira que no Encontro de Verines, que se celebraba todos os anos, a figura estelar dos encontros era, indubidablemente, Carlos Casares. Moita xente ía para que despois da cea no “hall” do hotel... e alí a xente escoitaba as anécdotas que xa lle oíra contar, ao mellor, tres ou catro anos seguidos... pero cada ano esa mesma anécdota contábaa cun matiz distinto. É que eso era o bonito.

Son tantas as facetas de Carlos...

P. ▶ Ti que estas no mundo editorial, aproveitamos xa, de paso, ¿temos boa saúde no mundo editorial?, ¿como andamos de clientes lectores?

R. ▶ Penso que o mundo dos lectores en Galicia non está no mellor momento. Dende aquí vai a miña... o meu ánimo para que a xente nova se vincule e adquira o pracer do libro. Penso que os soportes informáticos desprazaron en exceso o mundo do libro, mitificouse todo ese mundo en demasía; penso que está volvendo e vaise volver dunha forma lenta a valorar, a apreciar e a usar o libro e eso está pasando, como cando chegou a televisión que os agoireiros e os falsos profetas anunciaban que a radio ía morrer. Pois a radio non morreu senón que hai moitas máis radios, moita máis calidade e moitos máis oíntes, e aquí vai pasar tamén igual co libro, aínda que a xente cada día ten menos tempo, menos ocio;

pero o pracer de coller un libro, refollalo, lelo, volvelo a ler noutro momento, esa pegada é unha pegada moito máis profunda que a dos medios audiovisuais.

Temos algún aviso por aí pendente. Pois si, temos algunhas cousas relacionadas xusto co tema do que estamos a falar. Pero antes, primeiro quixera dicir unha cousa, sumarme á proposta de Bieito Ledo e facelo desde a radio, especialmente para que a escoiten quen teñen que tomar este tipo de decisións e é que sería unha inxustiza que Carlos Casares non fose o nome que levase o paseo de Panxón, unha inxustiza cometida con alguén a quen a cultura galega, a literatura galega e o Val Miñor tamén, o Val Miñor tamén, tanto lle debe. Así que, e por si alguén o escoita..., pois que se considere esta posición ou esta petición. ■

cando o GRAN AMOR se chama Carlos Casares

A dicir dos máis achegados, foi o seu un namoramento brutal e instantáneo, peliculeiro e heterodoxo, mesmo cun punto de provocación para o Ourense pacato clerical e franquistoide daqueles anos. ¡Namorarse e casar cunha sueca, cunha viquinga protestante que non sabía falar en cristián, que fumaba e levaba pantalóns! . Kristina aportou á vida de Casares a beleza, a liberdade o aire puro, a paixón tola e sen fisuras, mesmo sen palabras. Casares para Kristina foino todo.

“Sorprendente,” así lle pareceron a Kristina Berg Galicia e os galegos a principios da década dos 70 cando coñeceu a nosa terra.

Vivía en Halmstad (Suecia). Era copropietaria dunha goleta que alugaban para rodar películas, series de televisión e mesmo anuncios publicitarios –algúns escenas de “Pipi Calzas Largas” tiveron este escenario-. Kristina desenvolvía diversos traballos dentro do barco; tamén se ocupaba da realización e produción dalgúns destas reportaxes que alí se elaboraban, actuou de dobre da actriz Liv Ullman e fixo así mesmo algunha incursión no mundo do teatro. Neste ambiente artístico, bohemio e de liberdade pasaban os días desta moza de vinte e poucos anos que sempre tivo grandes inquietudes por viaxar, coñecer outros lugares e sobre todo outras culturas.

Interesáballe España, pero negábase a viaxar á Costa do Sol, punto de destino da maioría de europeos. Así, na procura de algo máis, decidiu visitar Galicia. O tren foi o medio de transporte elixido. Nese primeiro percorrido dende Bilbao entrou en conversa cun grupo de mozos. Un deles era un profesor novo chamado Carlos Casares Mouriño, “era diferente a tódolos demais”. Daquela Carlos non falaba nin palabra de inglés ou sueco e Kristina nada de español ou galego; comunicáronse todo o tempo a través de xestos e debuxos. Kristina tiña que estar ó día seguinte no peirao da Coruña, pero mediante debuxiños e acenos Car-

P. ▶ Kristina ¿cómo foron aqueles primeiros tempos?

R. ▶ Duros, e puideron ser moito máis de entender todo o que se falaba e pasaba ó meu carón. Casamos e fomos vivir a Ourense, Carlos estaba en paro xa que do seu último destino, en Viana do Bolo, expulsárono por pensar de xeito diferente; quede claro que esta foi unha decisión política porque tanto os alumnos como o pobo non estaban de acordo con esta decisión. Estas mesmas razóns políticas facían que non tivese nada fácil acceder ós centros de ensino público, así que o seu seguinte traballo foi de profesor na Escola de Secretarías de Caixa Ourense. Mentres, eu daba clases de inglés nunha academia. Isto no que se refire ó eido laboral, aínda que para min era máis duro nas actitudes.

P. ▶ Explíquese...

R. ▶ Aparte da intolerancia social que se vivía na rúa existían, había individuos próximos ó réxime franquista e algúns pertencentes á

policía secreta que intentaban provocar a Carlos para así poder ter cargos contra el, e facíanlo sobre todo en actos públicos recorrendo ó insulto cara á miña persoa –falamos dos anos 70 cando o tópico das suecas todos sabemos cal era–.



▶ Kristina. Foto de Carlos Casares.

Tamén teño que dicir, en honor á verdade, que houbo xente que nos prestou o seu apoio incondicional. É o caso das donas de Penzol, Otero Pedrayo, Xaime Isla, del Riego e, por suposto, Isabel, a muller de Ramón Piñeiro; eran as únicas amigas que tiña e a pesar da diferenza de idade comprendían perfectamente a miña situación. A este enorme afecto que recibía engádese que estaba moi namorada do meu home, e que non entendía todo o que se dicía de min; polo tanto tomábao a broma e incluso ás veces me divertía a situación. Nesta época quen o pasou peor foi Carlos.

P. ▶ Logo, pódese dicir que ser nova, loura, culta e guapa non lle foi de moita axuda, ¿non sí?

R. ▶ Mais ben foi todo o contrario, estaba no punto de mira da sociedade ourensá.

P. ▶ ¿Con tantas contrariedades nunca se lles pasou pola cabeza abandonar este país?

R. ▶ Si, tivemos ofertas de universidades de EE.UU e Francia, pero Carlos estaba moi comprometido co galeguismo e vinculado con Galaxia. Por outra banda, estaba Ramón Piñeiro, director da editorial naqueles intres, ó que o meu home profesaba un enorme cariño e respecto; el facía todo o posible para que quedasemos en Galicia.

P. ▶ A todo isto, ¿cómo reaccionaron os seus pais cando lles dixo que quedaba a vivir en Galicia?

R. ▶ Case lles dá un mal. Miña nai militaba no Partido Socialista Sueco, na banda feminista, e meu pai era sindicalista; ambos eran persoas moi progresistas e amantes das liberdades, polo que non entendían como podía vivir nunha dictadura; claro que esto foi mentres non coñeceron a Carlos, xa que na primeira viaxe que fixemos a Suecia quedaron cativados por el. A partir dese día quixérono sempre como un fillo.

P. ▶ Tres anos despois de coñecerse, Casares preparaba oposicións e Kristina preparábase para ser nai. El instalouse en Madrid e ela trasladouse a Suecia para ter o fillo. A idea era que cando chegara o momento do parto o pai se trasladara ata o país nórdico. Unha vez máis os planos da parella truncáronse porque a Casares non lle deron o pasaporte. Despois de moitas xestións —conta



▶ Kristina e Carlos no ano 1973.

Kristina- e utilizar amigas, tanto en España como en Suecia, conseguiu un permiso de ida e volta para coñecer ó seu fillo que xa tiña dous meses. Estamos a falar do ano 1974; daquela Carlos xa tiña praza en propiedade en Cangas, puido elixir outros destinos xa que acadou o segundo posto a nivel nacional, pero unha vez máis puido o amor por Galicia e instálanse os tres no Morrazo. ¿Como lembra ese momento?

R. ▶ Chegamos a Cangas e non tiñamos onde vivir. Carlos sempre foi moi despistado e esquecérase de buscar un piso, así que tivemos que estar varios días nunha pensión. Ben, esto é a anécdota; en realidade non cambiaría esa época por ningunha outra, foron momentos, ou mellor dito anos, históricos. Os acontecementos sucedíanse e os cambios políticos e sociais eran continuos, e todo isto desenvolvíase dun xeito tan natural que daba

a impresión de estar todos ensinados para aquilo. Foi un tempo tan interesante que me sinto moi satisfeita de telo vivido, estaba absolutamente marabillada da resposta da sociedade española. Cando intentaba explicarllo á xente que non vivira o día a día da transición non o entendían; realmente era difícil crer aquel cúmulo de acontecementos. Foi realmente fantástico.

P. ▶ Neste tempo nace o segundo fillo da parella. En 1980 o novo destino profesional de Casares era o instituto Santo Tomé da cidade olívica. Por entónces aquela moza sueca que chegara dez anos antes a Galicia xa falaba a nosa lingua e gozaba do cariño e respecto de quen a trataba, nada que ver co acontecido dez anos atrás. Kristina cocinaba, coidaba dos seus fillos, acompañaba ó seu home a conferencias, actos literarios e sociais; procuráballes temas para a columna e artigos nos xornais; colaboraba en Galaxia e aínda tivo tempo para escribir e ilustrar dous libros infantís: *Dona Galicia* e *Un neno viquingo*. Tamén foi a encargada de buscar un lugar onde instalarse definitivamente. Elixiu Vilariño, en Nigrán, onde viven dende hai case que vinte anos. Kristina, dá a impresión de que vostede foi ante todo e sobre todo a muller de Carlos Casares. ¿Como se vive esa situación?

R. ▶ Con naturalidade, sempre fun unha persoa moi independente e Carlos tamén, nunca interferiu no meu crecemento persoal nin eu no del. Ó terceiro día de coñecelo comprendín que era un espírito totalmente libre e que para vivir feliz con el non debía meterme na súa vida. Nese mesmo momento prometínme a min mesma non facelo nunca. Xamais lle preguntei a onde vas nin de onde vés. Por outra parte, a min gustábame ocuparme da educación dos fillos e preferín esto a traballar fóra da casa. En calquera caso debíallo a Carlos, xa que el tamén sacrificou moitas horas da súa vida dando clase por procurar estabilidade económica á súa familia en lugar de dedicarse única e exclusivamente á literatura.

P. ▶ ¿Que clase de pai era, como exercía esa autoridade?

El nunca foi unha autoridade para os nenos, a relación era magnífica, contáballes contos que inventaba para eles.



▶ En 1972.

P. ▶ Polo que se ve o capítulo educación tocoulle a vostede...

R. ▶ Pódese dicir que si, aínda que sempre estivemos de acordo e xuntos á hora de inculcarlles valores fundamentais; penso que tampouco fai falla someter os rapaces a grandes disciplinas, o importante é ensinarlles a ser tolerantes e pacientes, ademais de ser respectuosos e saber comportarse en sociedade.

P. ▶ ¿Como era o escritor Carlos Casares na casa?

R. ▶ Exactamente igual que na rúa, era moi natural, carente de maldade, desinteresado, sen dobreces, amante da súa familia, negado para as cuestións domésticas e moi despistado. Tamén era especialmente responsable á hora



▶ Suecia, 1972.



▶ Kristina en Suecia. Foto de Carlos Casares, 1993.



▶ A familia de Casares no miradoiro de Santa Lucía, en Lisboa (9/12/94).

de escribir, analizaba cada palabra para que fora a exacta e coidaba os adxectivos ó máximo, sirva como exemplo que da novela *Deus sentado nun sillón azul*, fixo vinteseite versións, mentres non atopou o que quería exactamente non a editou. Cando estaba preparando un libro pechábase en si mesmo e podía pasar tempo e tempo ausente do contorno máis próximo, era un gran traballador. Tiña moitas afeccións como pode se-la fotografía, e de todos é sabida a súa paixón polas maquetas de trens. Gozaba moito da conversa e nas reunións cos amigos, e de cando en vez cociñaba para eles vieiras que preparaba dun xeito especial.



▶ Obras de Kristina para o público infantil.

Tolerancia, respecto e cariño poderían se-las claves de calquera convivencia; neste caso concreto engádese a intelixencia e sentido do humor dunha muller que soubo ocupar o segundo plano nunha relación de igual a igual. Quere-lo home e admira-lo escritor foi a combinación que lle proporcionou a Kristina Berg máis de trinta anos de felicidade ó lado de Carlos Casares.

Hai uns meses o destino xogoulle unha mala pasada a esta muller arrebatando do seu lado a persoa que máis quería. Confesa que aínda pensa que o seu home vai volver en calquera momento dunha desas viaxes que o tiñan ausente por un tempo.

Os seus fillos Håkan e Christian, os amigos e os labores da Fundación que leva o nome do escritor son as principais ocupacións desta galega por amor, que supera con fortaleza e dignidade a perda dunha parte de si mesma. ■



▶ Con Ramón Piñeiro, en 1973.

HOMENAXE A Carlos Casares

17 de maio de 2002

Coa gaita de Pedro Álvarez Fariñas, alumno de 1º de ESO no Colexio “Humberto Juanes” de Vilameán interpretando a *Mazurca das areiras*, abríase o acto de homenaxe que o IEM, en colaboración con varios centros de ensino e o concello de Nigrán lle rendeu a Carlos Casares nas instalacións do colexio que, acertadamente, leva o seu nome na parroquia de Vilaríño, alí moi pretiño da súa casa.



© Angeles Bozco

► A gaita de Pedro abre a lectura do texto *A vida do Padre Sarmiento*.

Xa o día anterior, 16 de maio, tivera lugar no Salón de Plenos do Concello de Nigrán, unha lectura pública dalgunhas pasaxes da biografía que Casares escribira sobre a figura de frei Martín Sarmiento. Persoas vinculadas ao ensino ou coa cultura, como Concha Otero, Cristina Fernández Areal, Alfonso Álvarez Cáccamo, Berta Carreira, Bieito Ledo, Serafín Villanueva, María Xosé González Chamorro, Antón Mascato, Carlos Méixome, Víctor Iglesias Viqueira, Mari Carmen Lorenzo, Xoán González, Xulián Maure ou o fillo máis vello Hâkan Casares, o mesmo alcalde de Nigrán, Manuel Rial, e o concelleiro de cultura, Arturo Carreira, que actuou de presentador do acto, leron capítulos significativos desta obra. Tal acontecemento, que tiña na súa orixe ser un festexo das Letras Galegas por parte do concello de Nigrán, no que o propio Casares apalabrara a súa presenza, converteuse nun sentido e emotivo tributo ao seu nome. De feito alí estaba a súa cadeira, baleira, presidindo simbolicamente as lecturas de *A vida do padre Sarmiento*.

E volvendo a este 17 de maio de 2002, relacionado estreitamente, como dixemos, coa

figura de frei Martín Sarmiento, sen dúbida, a mellor das datas para que todos os valmiñoranos, tanto grandes coma cativos, mediante este sinxelo e entrañable acto, lle puidesemos facer un agasallo á memoria de Carlos Casares. E pareceunos, desde este Instituto de Estudos Miñoranos, que a mellor maneira de facelo, como na véspera se fixera no concello, sería traendo á lembranza as súas múltiples voces literarias, que colleron prestadas das súas lecturas diferentes personaxes emparentados dalgunha maneira co Val Miñor, nesta data tan simbólica para as nosas letras.

Primeiramente foi a súa voz, a voz de Carlos Casares, a que nos daba a todos a benvida, presentándose a si mesmo perante os seus lectores. Era un fragmento da gravación que correspondía á súa novela *Xoguetes pra un tempo prohibido*.

E a seguir foron as voces dos demais: de profesores, de nenos, de mozos, de políticos, de amigos..., de valmiñoranos que quixeron falar por el a través da súa obra.

Encetou así esta rolda de lecturas a última publicación de Casares coa que se sumou aos moitos estudos que viran a luz por esas datas sobre a vida e a obra de frei Martín Sarmiento,



© Angeles Bozco

► Arturo Carreira, concelleiro de Cultura de Nigrán; á esquerda Serafín Villanueva.

unha amena biografía sobre o erudito beneditino da que un membro da Xunta de Goberno do IEM leu o capítulo VIII titulado “O galego”: *Para Sarmiento, o ensino do galego, ademais do amor que sentía pola lingua da súa infancia, tiña un sentido pedagóxico, que foi outra das grandes preocupacións do frade bieito*.

Sarmiento pensaba que había que cambiar os métodos de ensino en España e que os nenos debían aprender primeiro o nome das cousas visibles, é dicir, os nomes dos obxectos, dos animais e das plantas. Só máis tarde debían aprender tamén os nomes de cousas invisibles, que é como el lle chamaba ás abstraccións.

► Hákan Casares, Concha Otero e Cristina Fernández Areal.



© Ánxeles Bouzó

Palabras de frei Martín Sarmiento que reproduce Casares para non esquecer neste acto de homenaxe a data na que estabamos. Un 17 de maio, data de celebración, pero sobre todo, como dicía Sarmiento, para reivindicar a preocupante desgaleguización das nosas letras.

E continuaron os mozos, alumnos e alumnas dos institutos de Nigrán, que fixeron lectura de tres relatos breves dunha obra, coa que dá comezo a narrativa de Casares, alá polo ano 67, unha obra que fala da intolerancia, da violencia, do illamento e a soidade, do fatalismo dos que cren xa marcado o seu destino. Foi este *Vento ferido* o que soprou doente ese día nas voces dos adolescentes dos IES de Nigrán, porque tamén son os adolescentes protagonistas de “O xogo da guerra”. Saúl Presas Hermida, alumno de 1º de Bacharelato do IES “Val Miñor”, poñía voz a este relato sobre a violencia e o castigo, que aínda xera máis violencia, sobre o medo e a vinganza.

E a seguir outro relato, “Cando cheguen as chuvias”. Lido por Rocío Iglesias Lago, alumna de 1º de Bacharelato do IES “Escolas Proval”, que nos trouxo a melodía dunha canción, encadeando records, producindo impresións ou emocións do pasado. E rematou esta primeira intervención dos lectores, todos eles alumnos de Ensino Medio, coa lectura de “A capoeira”. A

alumna de 4º de ESO do ISM de Panxón, Sonia Fernández Costas era quen nos traía outra vez a violencia, o primitivismo, a vinganza dos traumas da infancia, os personaxes malditos que se senten impotentes ante o absurdo desa violencia gratuíta que todo o domina.

Da narrativa literaria de Casares pasouse á lectura doutro xénero, para algúns banal e intrascendente, pero o certo é que nos deleitou cunha forma única de escribir, a da chamada “escribir como falar”. Nas súas tiras “Á marxe”, aparecidas diariamente en *La Voz de Galicia* pasaban os pequenos acontecementos, as curiosidades e as anécdotas que nos mergullaban no seu mundo íntimo e particular. Foi na voz dos profesores do IES “Escolas Proval”, Manuel Caldas Fernández, do IES “Val Miñor”, Xosé Manuel Reguera Jorge, e na do alcalde de Gondomar, Carlos Silva, onde apreciamos as súas ocorrencias e o seu bo facer xornalístico nas columnas tituladas “Unha avaría”, “O escritor e a súa magdalena” e “O retraso do cuco”.

Pero, quizais a parte do acto máis sentida e auténtica foi aquela que nos abriu o noso corazón de cativos, aquela na que os nenos e as nenas dos Colexios Públicos de Vilameán, da “Cruz” de Camos e de Vilariño leron en sucesivas quendas os diferentes capítulos do conto infantil, *A Galiña azul*. Unha lección de simpatía e espontaneidade a que nos ofreceron estes pequenos lectores das aventuras dunha galiña azul que, por certo, luciu fachendosa as



© Ánxeles Bouzó

► María Xosé González, Antón Mascato, Carlos Méixome, Víctor Iglesias Viqueira, Mari Carmen Lorenzo, Xoán González e Xulián Maure.

súas rechamantes cores durante todo o acto, confeccionada polos alumnos do Colexio Público de Mallón.

Deste xeito a carta-introducción que abre esta obra, “Querida Ana”, lida por Lara Alba Hernaiz, deu paso á primeira aventura da nosa entrañable galiña, “O peixe da fonte do xardín”, quen lle puxo voz Sandra Pinto Álvarez, ambas lectoras de 5^a de primaria do CP de Vilameán. Do mesmo nivel educativo, pero do CP Cruz-Camos era o alumno David da Rocha Veiga quen leu o conto “A bomba da felicidade”, e Silvia Vila Misa, de 6^o do mesmo colexio, leunos o conto que lle dá nome ao libro. Foron os lectores máis cativos, os que case non chegaban ao micro, os nenos Iago Bugallo Veiro e Lucía García Giráldez, de 1^o de Primaria do Colexio Público de Vilariño, chamado xa “Carlos Casares”, os auténticos protagonistas desta homenaxe, que coas lecturas de “A formiga esquiadora” e “O final da historia da galiña azul”, de seguro entenrecerían a Carlos Casares.

Cun sorriso nos beizos volveuse outra vez ao mundo dos adultos, ás lecturas máis serias, e fíxose cunha obra especial para os seus lectores, xa que, pouco despois do pasamento de Carlos Casares saíu do prelo a que sería a súa derradeira novela, *O sol do verán*, da que nos leu as primeiras páxinas o editor, e tamén o amigo, Antón Mascato.

Finalmente o alcalde de Nigrán, Manuel Rial, pechou a rolda de lecturas, coa mesma obra que as abría neste 17 de maio, *A vida do*



© Analetta Bouzo

▶ Alfonso Álvarez Cáccamo, Berta Carreira, Bieito Ledo e Serafín Villanueva.

padre Sarmiento, no seu capítulo IX, “Outra viaxe a Galicia”, onde se menciona que o padre Sarmiento pasou por Nigrán e Baiona ata A Guarda.

O entrañable acto estivo sempre guiado pola profesora María Xosé González Chamorro, que exerceu as funcións de mantedora. Os alumnos do CP “Humberto Juanes” de Vilameán e os do CP de Mallón coidaron da decoración; mentres que David Álvarez e Román Noia, alumnos de 2^o do Ciclo Medio de Electrónica do IES “Escolas Proval”, coidaron de que o son chegara en perfectas condicións ás persoas asistentes

E así como o principiou, foi a súa voz a que tamén despediu o acto. Un anaco dunha entrevista que lle concedeu ao IEM nun programa radiofónico, onde falaba do porqué escolleu o Val Miñor para vivir, cerrou esta homenaxe, que contou ademais coa amable presenza da súa compañeira Kristina e o seu fillo Håkan. ■

a HOMENAXE



© Margarida Blanco

▶ Kristina Berg recibe a homenaxe da man de Manuel Rial, Alcalde do Concello de Nigrán.

▶ María Xosé González Chamorro e a Galiña Azul dos alumnos do Colexio de Mallón.



© Ánxeles Bouzó



© Ánxeles Bouzó

▶ Sonia Fernández Costas (ISM de Panxón).



© Ánxeles Álvarez

▶ A profesora Ánxeles Bouzó (IEM).




© Ánxeles Bouzó

▶ Silvia Vila Misa (Colexio Cruz-Camos).



© Anxelles Bouzo

▶ Lara Hernaiz (Colexio Humberto Juanes de Vilameán).



© Anxelles Bouzo

▶ Eva Sanromán Pérez (Colexio Humberto Juanes de Vilameán).



© Anxelles Bouzo

▶ Iago Bugallo Veiro (Colexio Carlos Casares de Vilariño).



© Anxelles Bouzo

▶ Saúl Presas Hermida (IES Val Miñor).



© Anxelles Bouzo

▶ Rocio Iglesias Lago (IES Escolas Proval).

a BIBLIOGRAFÍA de Carlos Casares Mouriño

POESÍA

- 1963 ▶ *Verbas de esperanzas para Rosalía*, in *Grial* nº 1.
- 1965 ▶ *Sonetos de espranza presentida*, in *Grial* nº 10.
- 1966 ▶ *Poemas*, *Grial* nº 13.
- 1974 ▶ *Elegía a Luís Cernuda*, in *Literatura gallega. Tesoro breve de las letras hispánicas*, vol. VII, ed. Magisterio Español.

NARRATIVA CURTA

- 1965 ▶ *Narraciós: Cando cheguen as chuvias, Agarda longa ó sol, Monólogo e Diante do retrato*, in *Grial* nº 7. (agás o último o resto están en *Vento Ferido*)
- 1967 ▶ *Vento ferido*, Colección Illa Nova nº 11 da editorial Galaxia.
- 1979 ▶ *Os escuros soños de Clío*, ed. Do Cerne.
- 1985 ▶ *La decisión del emperador*, *El País*.
- 1986 ▶ *A decisión do emperador*, in Dorna 10.
- 1991 ▶ *Recordo de Manuel Estremera*, in Monteagudo et alii, *Contos da xustiza*, ed. Ir Indo.
- 1992 ▶ *Os contos da compañía*, Xunta de Galicia.
- 1994 ▶ *O galo de Antioquía*, in *Contos do Castromil*, ed. Galaxia.
- 1995 ▶ *Qué viejo estás y qué gordo*, in J. Valdano, *Cuentos de fútbol*, ed. Santillana.
- 1996 ▶ *O xogo da guerra* in *Antoloxía do conto de medo* (coord. Silvia Gaspar), ed. Galaxia.

NOVELA

- 1969 ▶ *Cambio en tres*, Colección Illa Nova nº 15, Galaxia. Ilustracións de Xohan Ledo.
- 1975 ▶ *Xoguetes pra un tempo prohibido*, ed. Galaxia.
- 1980 ▶ *Ilustrísima*, ed. Galaxia. En 1990 traducíuse ó castelán (*Ilustrísima, el maquillaje de un obispo*).
- 1987 ▶ *Os mortos daquel verán*, ed. Galaxia.

- 1996 ▶ *Deus sentado nun sillón azul*, ed. Galaxia. Traducido ó castelán polo autor un ano despois.
- 2002 ▶ *O sol de verán*, ed. Galaxia.

LITERATURA INFANTIL

- 1968 ▶ *A galiña azul: conto para nenos*, ed. Galaxia. 2ª edición en 1977.
- 1973 ▶ *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, ed. Galaxia.
- 1983 ▶ *O can Rín e o lobo Crispín* (ilustracións Pedro de Llano), ed. Galaxia
- 1991 ▶ *Este é Toribio* (ilustracións de Penélope Ares), ed. Galaxia.
Toribio contra o profesor Smith, ed. Galaxia.
▶ *Toribio e o contador de contos*, ed. Galaxia.
▶ *Toribio revoluciona o tráfico*, ed. Galaxia.
▶ *Toribio ten unha tenda*, ed. Galaxia.
